

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e sete de xaneiro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación dos puntos sétimo, décimo e décimo primeiro da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, estivo ausente na votación do punto oitavo da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2016.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de decembro de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 30 de decembro de 2016 é aprobada por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2017 DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2017.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG: moitas grazas, Sr. presidente. Bo día a todas e todos. Á marxe de cuestións colaterais ao orzamento, como que se lle cobrara ás veciñas e veciños do Barco polo recibo de depuración da auga emitido polo Consorcio sen que os traballadores leran os contadores, nós imos a votar en contra porque consideramos que a redución que se produce na achega da Xunta, estimada na contía de 50.000 euros, a través de Augas de Galicia, implica que teñen que ser os concellos os que acheguen esa diferenza; o que provocará que lle repercuta no recibo ás veciñas e veciños. Nada máis, moitas grazas.

D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista: bos días. Primeiro recordarlle ao portavoz do BNG que non é o Barco, que é Valdeorras; entón non son só os veciños do Barco, son os veciños de Valdeorras, tamén os de Petín e os da Veiga. Desde logo foi por unanimidade de todos os alcaldes, entón o grupo socialista non vai ir en contra da autonomía, como di o portavoz, da autonomía municipal. Grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas, Sr. presidente. Bos días. Como dicía o Sr. Bautista non é o Barco de Valdeorras, senón toda a comarca de Valdeorras e o orzamento aprobouse por unanimidade no Pleno do propio Consorcio. E dicirlle que o que vostede dixo dos recibos, que si, houbo un erro e alí se explicou e os alcaldes entenderon. Entendo que vostede non ten a información porque como non están alí representados, si coa alcaldesa da Rúa; pero realmente entendo que non ten a información axeitada, por iso fai ese comentario. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2017, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 23 de decembro de 2016, por importe de 1.350.810,08 €.

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez definitivamente aprobado o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2017.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DA GUDIÑA EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E CANON DA AUGA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello da Gudiña ten atribuídas en materia de xestión tributaria e recadación da taxa de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

subministración de auga e canon da auga, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 29 de decembro de 2016. A dita delegación rexeráse polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

4º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO INCREMENTO DE ATA UN 50% NA DOTACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo de Democracia Ourensana para que expoñan o contido da moción.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: buenos días a todos. Toda la publicidad que hace esta institución de la mano, aquí, de este fantasma, no es capaz de tapar la realidad, que es la que decíamos cuando fue el Debate del Estado de la Provincia, en el que se decía que somos la Diputación que primero saca sus presupuestos en España, la primera que hace un plan con no sé qué, la primera que es capaz de urdir no sé cuánto. Hace unos meses, hace más de un año, anunció a bombo y platillo toda esta fantasmada de la expedición a Estados Unidos para exportar más; y la realidad es la que decíamos nosotros de un partido de fútbol, lo que importa es el resultado. Al final, la gestión que este auténtico inepto, que no tiene otro nombre, la reflejan hoy los periódicos, incluso es increíble que *La Región* lo saque en titular; pero aquí lo dice: “*El desempleo bajó en España y en Galicia, pero subió en la provincia de Orense*”. Esta es la realidad. Esta es la gestión de este hombre. Todo lo demás es publicidad. Todo lo demás son *trapalladas*. Todo lo demás es jugar un partido de fútbol y decir: “*hicimos la barrera mejor colocada del mundo*”, que es lo que ya explicamos aquí un día, lo que importa es el resultado. Baja el paro en toda España y Galicia, y sube en la provincia de Ourense. Esta es la gestión de este señor y también de sus compinches de la Xunta de Galicia. Ayer venía que en Orense se invirtieron 36 millones de euros de los 700 previstos, sólo se invirtieron 36, bueno no sé si la cifra era de 36 y pico o no sé cuántos; o sea, esa es la realidad de cómo nos discrimina la Xunta y es la realidad de como gestiona este fantasma; porque todo lo que gasta es en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

publicidad. Ourense la única provincia de toda España, bueno la provincia no, baja en toda Galicia, baja en toda España y en Orense sube el paro. Bueno, pues esta es la gestión de este hombre. La expedición que hizo a Estados Unidos con esas empresas, a ver, dónde se nota cuando aquí sube el paro. ¿En qué se nota? En nada. El otro día venían los datos sobre el turismo, resulta que el mejor año de los últimos doce de turismo, es cuando todavía no se hacía publicidad, no había eclosionado lo del termalismo y todavía no hemos alcanzado la cifra del año 2007. Los grandes despliegues de turismo en la ciudad se hicieron el 2007, oye, pues resulta que el mayor registro de turismo de turistas fue antes del 2008; pues ya me dirás tú de qué sirve toda esta *trapallada*. Bueno, lo que pasa aquí con las obras ya lo denunciarnos en su día. Como ustedes saben nosotros nos personamos por el tema del *affaire* del *Francisco II* porque el Fiscal quería echar atrás el pleito, como también el Fiscal echó atrás este tema de las obras. Entonces no sabemos qué pasa ahí con el Fiscal, pero nos tuvimos que personar el lo del *Francisco II* porque si no el Fiscal lo echaba atrás y en el de las obras igual. Al final, tuvimos que denunciar nosotros porque el Fiscal, de propio oficio, parece que no lo hace cuando tiene que ver con este señor, con el señor Baltar, una coincidencia rara. Bueno, pues el tema este de las obras, gracias a Dios, Europa quiere cambiar la Ley porque ya sabe que hay elementos como este en toda Europa y es intentar que la cifra en la que se puede escoger a dedo a las empresas pues tiene que ser más baja para evitar, obviamente, estas tentaciones de dárselas a las empresas amigas. Ya lo hemos denunciado aquí, el 75% del gasto de obras de la Diputación se centra en cinco o seis empresas, de las 300 que hay en la provincia se centra en cinco o seis, curioso. Curioso, después, cuando tienen que salir a concurso porque la cantidad es mayor, esas mismas empresas hacen un descuento del 30 o 40%; es decir, cuando realmente hay competencia, van a la baja, con lo cual en las otras cantidades estamos perdiendo un 30-40%. ¿Qué pretendemos nosotros con esta moción? Con esta moción pretendemos que, mientras Europa no cambie la Ley y siga dándole libertad a elementos como éste, pretendemos que como habrá un remanente, se aumenten las partidas, se hagan unas partidas donde se hagan, obviamente, más obras para los ciudadanos y pase la cifra esa mágica de los 50.000 euros más IVA para que tengan que salir a concurso, con lo cual, habrá competencia de empresas, con lo cual no habrá asignaciones a dedo, va a haber mejores precios; entonces al final vamos a poder invertir más en más obras por menos dinero. Entonces es lo que nosotros

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

pretendemos, intentar que, ya que este gobierno dice que está todo en aras de la transparencia, que lo demuestre y que lo demuestre sacándolas a concurso con publicidad, para que varias empresas puedan hacer su oferta, que no se las dé a sus cuatro amigos. Entonces lo que nosotros pretendemos, si tan transparente eres, qué más te da; si realmente ya escoges a lo mejor, esas empresas ya van al concurso. Obviamente no van a votar a favor de esto. Pedimos incrementar, mediante la consiguiente modificación de crédito, la partida presupuestaria asignada a los *concellos* del Plan Provincial de Obras hasta un 50%, en la medida que el remanente de Tesorería así lo permita; porque nos estamos adelantando, que ese remanente así lo va a permitir. Esta moción realmente está enlazada casi con las que vienen después, que se trata de evitar que este señor tenga libre albedrío para repartir como le viene en gana, tanto en subvenciones arbitrarias como en subvenciones nominativas; o bien en aquellas en las que da el dinero, o bien en las que la propia Diputación hace las obras. Entonces nosotros, lo que queremos es que se juegue con árbitro, entonces lo mejor es que salgan a concurso y que las mejores empresas compitan. Me parece algo increíble que la Diputación esto no lo acepte, así que vamos a ver qué deciden.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG: moitas grazas señor presidente. Vaia por diante que todo aquilo que signifique achegas para os concellos, parécenos ben; outra cousa é que pensamos que a proposta de Democracia Ourensana neste caso é pouco ambiciosa. O BNG, nós, xa presentamos en reiteradas ocasións, a última delas no debate dos orzamentos, emendas á totalidade que o que perseguían era, entre outras cuestións, crear un verdadeiro Servizo de Cooperación e Apoio aos concellos pequenos que asumira a planificación e coordinación de todas as actuacións da Deputación en materia de infraestruturas básicas, elaborar un mapa de servizos a prestar pola Deputación aos concellos e prestación destes con criterios obxectivos, sometendo ao Pleno unhas bases de concesión que garantiran a obxectividade, universalidade e publicidade; elaboración dun Plan especial de investimentos que permitira achegar recursos aos concellos, reclamando a colaboración da Xunta de Galicia e cuantificado no seu momento en máis de 15 millóns de euros, cantidade a que habería que engadir os importes das sucesivas modificacións de crédito producidas ao longo dos exercicios orzamentarios, que a presidencia distribúe de xeito discrecional, como xa se dixo, e que no ano 2016 supuxo algo máis de 16 millóns. Pero a moción non fala

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

unicamente de incrementar as achegas, fala tamén de algo que nos parece moi relevante, de como se contrata, de cal é o mecanismo por antonomasia desta Deputación. Nós xa temos denunciado, por activa e por pasiva, cal é o *modus operandi*, e así temos constatado en numerosas ocasións que unha das patas nas que se asenta o baltarismo, o vello e o novo, é as empresas que contratan coa Deputación, e isto merece pararse un pouco e ir ao detalle. O neobaltarismo distánciase, polo menos, nun formalismo do vello baltarismo, que é que viu minguada as posibilidades de colocar masivamente a dedo a propios e aforáos nas dependencias desta institución, agás excepcións, non porque non queiran, senón porque non poden por cuestións legais. As limitacións para contratar son grandes, por iso hai que recorrer a unha fórmula distinta que permita continuar co clientelismo, e cal é esta? Pois a do baltarismo 2.0, é dicir, contratar a través de empresas concesionarias e das que contratan con esta Deputación. Que ao dicir do ex - xerente do PP en sede xudicial, non só contribuían laboralmente, senón tamén economicamente ás distintas compañías electorais. Simplemente hai que ir ás hemerotecas e atopamos moita e variada información ao respecto. Durante os sucesivos mandatos do seu pai nesta institución *enchufouse* de xeito masivo a familiares e aforáos, chegando a sumar unha nómina de máis de mil traballadoras e traballadores nun mesmo momento. Despois estes rotaban en función dos contratos, polo que suman por centos as persoas que tiveron algunha vinculación laboral con esta Deputación. No seu mandato os parentes dos cargos do Partido Popular acaban, na súa maioría, empregados nas empresa mixtas nas que vai parcelando a extenuada Deputación de Ourense. Militantes do Partido Popular e descendentes dos enchufados do fundador da estirpe, recalcan en empregos das empresas desgaxadas do organismo provincial, a través dun proceso privatizador que non remata: AquaOurense, o servizo de recollida de lixo, xa veremos que acontece coa selección do persoal do Consorcio Provincial de Salvamento e Extinción, e no futuro co Servizo de Vías e Obras. Resultan fundamentais para cubrirse cunha rede de aforáos, como a que no seu día serviu ao seu pai o control político ourensán e a súa influencia no Partido Popular de Galicia. Porque señor presidente, si facemos un repaso dos últimos vinte e cinco anos de cales son as empresas que sistematicamente se levan a maioría dos contratos, concluiríamos que existe un *entramado* perfectamente organizado territorialmente para que, estas e non outras, acaben levándose a práctica totalidade das adxudicacións. E para iso, vostede aínda sofisticou máis esta fórmula, o seu pai permitía a contratación aos concellos, provocando que sexa a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Deputación que practicamente adxudica todas as obras do Plan Provincial, pois están redactadas de tal xeito que os concellos, agás que teñan moita solvencia económica, lles resulte imposible contratar. Aí está unha das trampas, ademais da contía das obras a adxudicar, como xa se explicou polo portavoz de Democracia Ourensana. En virtude de todo isto, nos imos apoiar esta iniciativa. De momento, nada máis. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas e bo día a todas e a todos. Nós, sen entrar moito no fondo da exposición de motivos, na que hai cousas que compartimos, como xa se dixo aquí a necesidade de rematar coa discrecionalidade; e outras nas que non tanto, por exemplo esa extensión xeneralizada das sospeitas cara ás adxudicacións directas, cando, como se ten visto en asuntos xudiciais, moitos amaños prodúcense en procesos con poxa ou incluso con negociados, con e sen publicidade. Pero o que dicía, sen entrar no fondo da exposición de motivos, nós queremos exporlle aos compañeiros de Democracia Ourensana unha emenda de substitución e facémolo *in voce* e non por escrito, porque entendemos que os autores da moción son os que teñen que ter a decisión de aceptar a emenda ou non, e si é aceptada por eles logo votala por todo o plenario; ao contrario parécenos, como xa temos ditos outras veces, como fai o cuco: poñer os ovos en niño alleo. Esa é a razón pola que facemos esta emenda de substitución *in voce*, para que vostedes poidan aceptala ou non se queren.

A emenda é a seguinte: *“incrementar mediante a conseguinte modificación de crédito a partida orzamentaria asignada ao Plan Provincial, ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial, en cantidade suficiente para poder implementar os plans complementarios ao principal”*. A que obedece isto? Obedece isto, a que, como xa ben dixo o deputado do BNG, a que a moción parécenos ben, pero parécenos pouco ambiciosa. Que menos que un plan como o que xa hai, como o principal, e que menos que dotar de fondos aos complementarios sen necesidade de facer outro plan, o que xa imos aprobar aquí; e polo tanto, xa digo, menos traballo para os concellos cun novo plan ou con esa ampliación que vostedes propoñen, e menos traballo e menos burocracia para a administración. Moitas grazas, é a razón da emenda.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, Sr. presidente. Bos días señoras e señores deputados. Vou a ser moi breve nesta primeira intervención, e a verdade é que case non merece a pena intervir; porque aquí fálase de todo menos do que nos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

ocupa, Sr. Pérez Jácome e Sr. Rodríguez Suárez, especialmente. Vostedes, sempre na visión apocalíptica desta provincia, sempre nela, e o baltarismo é a súa fixación e a dos seu compañeiros. Hoxe acuñou unha nova, o neobaltarismo, vostedes seguen con iso e vostedes xa ven que resultados lles vén dando ano tras ano. Algúns irán polo mesmo camiño, garántolle eu que si. En todo caso e cinguíndome á orde do día, que para iso estamos aquí, permítanme que inicie a miña intervención dándolle as grazas, e dígoo sinceramente, Sr. Pérez Jácome, porque por unha vez vostede expresamente, por escrito reconece o bo labor do presidente desta Deputación e do seu equipo de goberno. O di vostede no encabezamento da súa moción, polo tanto é de ben nacidos ser agradecidos, e eu llo agradezo en nome do meu grupo; así é, e así é dado que rematado o exercicio económico do ano dezaseis dispoemos dun remanente de Tesouraría importante, xa se avanzou que entre 23 e 26 millóns de euros, o que sen dúbida algunha vén a ser o resultado dunha boa xestión. Non sorría Sr. Jácome, e vostede que é empresario debería reconecelo, é resultado dunha boa xestión económica, si home si, eu diría que brillante, mire vostede, brillante incluso; pero ben, vostede igual non está de acordo por cuestións obvias, non de peso, pero por razóns obvias. Pero con respecto do asunto que nos ocupa, anúnciolles que votaremos en contra, dado que o que nos propón na moción non estamos de acordo por un argumento moi sinxelo, nós somos consecuentes, porque así debe ser, cos nosos programas e plans de goberno. Xa o tiñamos previsto no Plan Ourense 92 e o Sr. presidente cando presentou o Plan Ourense 15-19, co que se presentou el ás eleccións e nós tamén, pois dicía textual “*incrementarase ano a ano o Plan de Cooperación Municipal ata chegar aos 60.000 euros por concello no último ano da lexislatura*” é dicir, en maio, no ano dezanove, cantidade por certo que achega a Deputación integramente, e os que xa levamos uns anos na política municipal, sabemos que antes non era así, e incluso había co - financiamento do Estado. Anúnciolles, polo tanto que votaremos en contra, e nesta primeira intervención nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourenseana: sí, vamos a ver, lo que aquí dice de que el Bloque describe una situación apocalíptica de la provincia, no lo dice el del Bloque, lo dicen hoy tanto *La Región* como *La Voz de Galicia*: Orense es la única provincia de Galicia y de las pocas de España en las que sube e paro. No lo dice el del bloque, son los datos, lo que es medible no es opinable. Si o paro en Ourense é dos poucos sitios onde sube, xa me dirá vostede se están facendo ben a historia. Dicen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

que año tras año ya ven qué resultado le da a los que critican su política, pues oye, año tras año Democracia Ourensana está subiendo en todas las municipales y en todas la autonómicas. En todas las elecciones autonómicas que ha habido estamos subiendo, en todas las municipales estamos subiendo; es más, normalmente en las elecciones municipales solemos triplicar, cuadruplicar el resultado de las autonómicas, o sea si hemos tenido cinco mil y pico votos en la ciudad en las autonómicas, nos iremos a 20.000 en las siguientes municipales. Siempre ha ocurrido así hasta ahora, siempre hemos triplicado en las municipales el resultado de las autonómicas. Mire usted, Sr. Plácido, parece mentira, parece una persona con rigor, diciendo que un remanente de Tesorería es el resultado de una buena gestión. Entonces en el Concello de Orense, el PSOE lo hizo de maravilla en el anterior mandato, porque como no podía invertir porque los presupuestos estaban impugnados y no podía invertir, tenían remanente constantemente y amortizaban deuda, claro. Entonces, ¿es una buena gestión es no gastar? Dice usted, dices tú, cualquier empresa que tenga remanente lea bien. No, para nada, puede ser un total desastre, simplemente que tenga ahí un remanente de Tesorería no tiene nada que ver, tienes que jugar con las existencias, en este caso en la Diputación no hay existencias, pero el hecho de que haya remanente de Tesorería para nada refleja buena gestión. Si usted fuera la persona, si la Diputación fuera la persona que recolecta el dinero, que lo genera, pero la Diputación no genera nada. La Diputación recibe un dinero para gastar, si tiene un remanente é porque non o gasta, onde está aí a boa xestión? ¿Qué tiene que ver el remanente con la buena gestión en la Administración Pública? Incluso en la empresa privada puede haber remanente y no tener para nada una buena gestión. Vamos a aceptar la enmienda del PSOE y decir que ustedes siguen con el caciquismo y que además me hace gracia porque ayer denunciarnos otro caso, siempre es DO quien denuncia estos casos; se avecina otro caso de enchufismo, una persona que ya marchó de aquí enchufada que es del Partido Popular, había sido concejal, es Javier Rodríguez - Nóvoa, pretende ahora enchufar a su mujer que ya estaba enchufada en Barbadás y pretende enchufarla en una sección de Jefe de Urbanismo del Concello de Orense. Lo hemos denunciado ayer al salir a la luz. Lo que quiero decir es que es impresentable una cosa que están haciendo aquí Sr. Plácido, están ustedes, fíjese hasta que punto tienen éxito que el modelo suyo es tan bueno y lo están exportando. O sea, la Diputación exporta el modelo de hacer caciquismo porque tenían aquí

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

un enchufado y lo han enviado, lo han exportado al Concello de Ourense, y ahora ése va a importar una enchufada de Barbadas. O sea, el modelo de enchufe lo está exportando a otras Administraciones. Realmente es eso, lo reconozco, son buenísimos.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG: si, moitas grazas Sr. presidente. Moi brevemente, simplemente para contestarlle ao Sr. Álvarez Dobaño, aínda que ben, xa o adiantou o portavoz de Democracia Ourensana, o que vostede cualifica reiteradamente, porque non é a primeira vez, de visión apocalíptica e catastrofista eu simplemente a catalogaría de realista. En todo caso non é que o digamos nós, como xa se dixo aquí, e que o din os datos; e os datos que aparecen aquí son o resultado da súa xestión, a non ser que vostedes fagan como o señor Feijóo que cando o paro baixa é froito da súa boa xestión e cando sube, non ten competencias. Nada máis, moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: tamén moi brevemente, simplemente para agradecerlle a Democracia Ourensana que aceptase a nosa emenda.

D. Plácido Álvarez Dobaño, Grupo Popular: grazas, Sr. presidente. Nós evidentemente non imos aceptar a emenda, Sr. Fraga Civeira. Pedinlle aquí ao meu compañeiro que me dera uns datos rápidos e voulos a recordar porque parece que a demagogia xa non ten límites. O seu plan é moito máis ambicioso que o do señor Jácome, porque presentou a moción para falar de todo menos da moción. Ao señor Rodríguez Suárez non lle gusta que se lle diga “a súa visión catastrofista e apocalíptica da provincia”, pero encárganse os cidadáns de dicirillo. A miña opinión ten pouco valor, os cidadáns si que llo din proceso electoral sobre proceso electoral e parece que non o queren entender, pero iso é así. Volvendo ao da súa moción Sr. Fraga Civeira, o Plan de cooperación cos concellos ascende a 4,6 millóns de euros, en números redondos; o de rede viaria provincial 2 millóns de euros mantendo a liña que o presidente vén tendo dende fai uns anos; o complementario das obras dos concellos, que vostede sabe que pedimos uns e outros porque así se nos di nas bases, ascende a 4,3 millóns de euros; e o complementario da rede viaria ascende a 7 millóns de euros, ou sexa, que vostede xa nos pide 11 millóns de euros ou un pouco máis. Porque non di 17, como me gusta o 7 igual que ao meu presidente, 17 estaría ben, en vez de 11, dígoo como dato e vostede seguro que me entende. E logo, Sr. Pérez Jácome, o problema do paro nin o resolve esta Deputación, nin é mérito dela si vai ben, nin demérito se vai mal; pero ben,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

vostedes agárranse a todo con la de meterse co Sr. Baltar, antes e agora, e ben creo que se seguirán metendo si algún día deixa de estar aquí, pero xa estamos acostumbrados. Di vostede que sube nas eleccións, home vostede aínda me debe unha aposta Sr. Pérez Jácome. Recorda que aposta me fixo aquí nas eleccións autonómicas? Perdeu por moito, verdade? Seguro que vostede se acorda. Eu non comparei para nada a xestión pública dunha administración coa xestión dunha empresa, simplemente dixen que vostede como empresario me podería entender mellor, non fixen ningunha comparación, simplemente apelei a que vostede, de economía, seguro que sabe máis ca min, e non dixen outra cousa. É boa xestión, evidentemente, e eu mantéño, boa e brillante, por que? Porque gastar ben é gastar ben, e buscar novos recursos para que ao final do exercicio teñamos remanente, tamén é xestionar ben. Outra cousa é que vostedes o entendan doutro xeito, porque xa sei que non lles gustan os expedientes de modificación de crédito e seguramente nolo volverán dicir un pouco máis tarde. De todas maneiras, noutros concellos que gobernan algúns grupos que non son precisamente do PP teñen que presentar ano a ano plans económico - financeiros porque así llo esixe o Ministerio de Facenda, e ao mellor iso é xestionar ben, Sr Rodríguez Suárez, e xa sabe por onde vou. Logo, visión realista, xa lle digo, Sr Rodríguez Suárez, realista si, e debería vostede fixarse como se fixan os cidadáns desta provincia cando hai procesos electorais para valorar a súa xestión política. Cinguíndome de novo á orde do día direi o seguinte: a Deputación, Sr. Pérez Jácome, vén facendo ano tras ano un esforzo importante, e xa o dixen antes, para incrementar a partida e obras e servizos. Pasamos, recordo, de 31.000 euros que achegaba a Deputación aos que había que sumar 10.000 que achegaba cada concello, a 58.000 integramente financiados pola Deputación, como xa dixen, 55.000 para o financiamento de obras e servizos e 3.000 para as asistencia técnicas de redacción de proxectos, dirección de obras e seguridade e saúde. Ademais non terá destinarse eses fondos a unha única obra, a autonomía municipal o destinará como entenda de acordo coas bases. Recordo tamén á proposta desta presidencia se incluíu no Plan Provincial á entidade menor de Berán con 27.500 euros, que fai uns anos, ata creo recordar que hai dous anos, non estaba incluído no Plan. Mantemos tamén o réxime especial para os concellos con insuficiencia financeira manifesta, do que falaremos despois, e a que se acolleron algúns concellos desta provincia que pasan por momentos difíciles. Xa o dixen tamén no pleno de xuño, Sr. Pérez Jácome, cando vostede presentou aquela moción á que se referiu, e direi o seguinte, a Deputación financia agora en exclusiva, como xa acabo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

dicir, o Plan Provincial, salvo que os concellos decidan aportar achegas complementarias, que si son por importe superior ao 50% do financiamento da Deputación Provincial, é dicir, dos 55.000 €, poderán solicitar a delegación para a contratación das mesmas. O plan 15-19, como xa dixeran, prevé un gran esforzo da Deputación nestas achegas, para que ao final da lexislatura cheguemos aos 60.000; repito unha vez máis, recórdolle que este goberno, todos os gobernos por Lei poden adxudicar mediante procedemento negociado, con só pedir tres ofertas, obras de ata 200.000 €, digo ata 200.000€, xa o dixeran outro día e repíto, por si non lle pasan os informes ben ou llos pasan para meterse co baltarismo, sr Rodríguez Suárez que parece que esa á a súa misión. Foi este presidente, e díxeno daquela e vólvo dicir, foi este presidente sen que ninguén llo pedira, voluntariamente, quen se autolimitou co compromiso tamén do seu grupo, esta cantidade ata 60.000€; por certo, naquel pleno pedímoslle encarecidamente que cumpra a Lei e deixe de auto limitarse, porque vostedes non o valoran. Recórdolles igualmente que para Transparencia Internacional, xa que falan vostedes de transparencia, xa sei que non lles gusta, pero solo falan de Transparencia Internacional cando lles vai ben, e cando non lles vai ben entón non serve para nada, recórdolles que para Transparencia Internacional a área de contratación esta Deputación é das máis valoradas, digo, das máis valoradas e que máis lle vou a dicir Sr. Pérez Jácome, como diría aquel ex presidente do goberno “*sin acritud*”, xa que vostede o citou, eu quería saber que retorno vai ter, xa llo dixeran aquel día en xuño e dígollo agora, as denuncias que vostedes presentaron na Fiscalía en relación coa contratación de obras, e por certo eu pediríalle, xa que ten unha última quenda, que nos diga como están esas denuncias. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: xa o dixeran antes, que é un tema que se denunciou en Fiscalía e o Fiscal non está por a labor de facer nada contra José Manuel Baltar, a proba está que tampouco quere facer nada co hotel *Francisco II*, mira que fiscal que quere facer de fiscal ao revés e pide que se arquive o caso, pero aí é onde entramos nós, personámonos, puxéronnos a fianza máis cara que se puxo en Galicia nun pleito deses, pagámola e o pleito sigue vivo. A transparencia voucha dar eu cando teñan a que abrir xuízo oral e o PP ó chame a contas, vouche dar eu a transparencia, a ver que di. Precisamente me das la razón si dices que 200.000 € se podía adjudicar y se autolimitó y bajó la cifra; entonces es que estás reconociendo que es mejor bajarla, la pregunta es: está reconociendo que hay un margen de maniobra ahí en el que realmente se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

pueden hacer cosas oscuras, eso está clarísimo y por eso lo estoy diciendo. La prueba de que está mal es que Europa la quiere bajar a la zona de 20.000€, que no se puedan adjudicar obras a dedo superiores a 20.000 €, eso es lo que está mal; pero en todo caso, no son 200.000 hay varios tramos, el más peligroso aquí es el de 50.000€ que es donde se están dando realmente todas las obras. Las modificaciones de crédito que hace constantemente, aquí viene un psiquiatra y lo dictaminaría de “modificador en serie”, y lo más llamativo de todo es lo que dijiste antes, Plácido, no sé si tutearte o qué hago, te da igual ¿no?, mira lo que dijiste antes fue cachondísimo, es que además estás genial. Dijiste: “*la Diputación no tiene nada que ver con el tema del paro*”, o sea, cuando la cosa va bien sacan pecho y cuando no va bien, dicen que no tienen nada que ver. Pero fíjate hasta que punto metes la *gamba* que en este mismo pleno, en el punto n.º 6 va el programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o ano 2017, acaba de decir “*nós non temos nada que ver co tema ese*” e despois no punto 6 xa tedes un punto de emprego. Pero ademais é que o outro día saístes anunciando que gastabades en 450 persoas nun curso de formación para mejorar el emprego, y además becáis a esa gente, amigos vuestros, para que vayan a Estados Unidos, para que luego en el retorno tengan trabajo aquí en empresas y ¿no tiene nada que ver con el empleo?, entonces ¿para qué haces todos estos movimientos? Otra cosa, si una institución que maneja 100 millones de euros al año, bueno de 77 para arriba, anuncie que eso no incide en el empleo de esta provincia, ¡válgame Dios! O sea, que manejando una administración en torno a 100 millones al año, 400 millones en el mandato, ¿no tenemos nada que ver con el empleo? Esta persona dice que va a hacer un Centro Tecnológico que va a ser referente en toda la nación y que va a generar empleo. O sea, cuando interesa saca la lengua a pacer y dicen que vamos a generar muchos empleos. Cuando salen los resultados y Ourense es la última de España en empleo, ¡ah!, no tenemos nada que ver. Eso sabes cómo se llama Plácido, eso se llama tener morro.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e dado que Democracia Ourensana aceptou a emenda *in voce* presentada polo Grupo Socialista, a Presidencia somete a votación en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

primeiro lugar a dita emenda, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

A continuación somete a votación a moción presentada, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1).

5.- EXPEDIENTE N.º 1/2017 DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO

A Sra. interventora expón brevemente e de xeito resumido o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. presidente. Comeza o ano, e no primeiro pleno, primeiro expediente de modificación de créditos. A verdade é que, agás para o PP, ao que sempre lle toca a lotería, ao resto dos concellos de signo político distinto, nin sequera o reintegro. Non imos a falar porque é o mesmo de sempre, unha institución ao servizo do Partido Popular e dos concellos gobernados por vostedes. Ano novo, prácticas vellas. Nada máis.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: básicamente, despois de estar ota vez, de modificación en modificación, en serie, si nos pode explicar, por favor, nos podía detallar el punto 3.3.4.20/627.02 *proxectos complexos de cultura*. Na cultura hai uns proxectos complexos de *caray*, de feito para xustificar que se gastan 6.000 € al día entre el el Teatro Principal y el Centro Cultural Marcos Valcárcel, 6.000 € al día gasta esta institución, pues, por favor, si me puede explicar que son estos proxectos complexos de cultura. A lo mejor son complejos de edificación, no lo sé, si son complejos porque son muy difíciles o porque es edificación. Como es una palabra polisémica, si me lo puedes aclarar, por favor.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moi ben, moitas grazas. Nos para non andarnos con moitos rodeos, dicir que desta modificación de crédito que se trae a esta sesión, estariamos de acordo coa amortización dos préstamos e en desacordo con todo o demais, porque non deixa de ser un reparto discrecional. Levámolo dicindo en innumerables ocasións, hai un mes que o dixemos aquí, e hai uns meses trouxemos aquí unha moción para a elaboración de un plan de axuda aos concellos cuns criterios, cuns baremos acordados para que cada concello soubese o que lle podía tocar do remanente de tesouraría, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

antes de que o Sr Álvarez Dobaño me fale de autonomía municipal, fágolle eu a pregunta, respectaría iso a autonomía municipal? Seguro. Facilitaríalle iso o traballo aos alcaldes e alcaldesas? Tamén. Terían que andar os alcaldes e alcaldesas pedindo como se fose unha esmola o que lles corresponde? Pois non. É aí, nestas cousas, onde se atopa a diferenza e polo que nós non podemos votar que si, pese a que van contempladas neste reparto axudas a concellos socialistas, e pese a que dous deputados tamén levan obras para os seus concellos, votaremos que non, porque estamos en desacordo con este modelo e porque xa van sendo horas de que os concellos se vaian desprendendo de tutelas innecesarias doutras administracións. Non vou entrar na relación pormenorizada das obras e axudas que se inclúen nesta modificación, porque non somos nós quen para xulgar a urxencia ou necesidade das peticións que fan os concellos, pero agardamos que non pase como o ano pasado e se cambien, ata tres veces, o obxecto e destino de subvencións nominativas que se contemplan nesta modificación. Lembrar tamén que foi rexeitada unha moción socialista de axudas aos concellos para regularizar os velorios, e agora vemos como se conceden estas axudas dun xeito discrecional. Fíxense si íamos ven encamiñados con aquela moción. O mesmo coa crítica que fixemos no seu momento, acerca da insuficiencia de diñeiro destinado a escolas infantís, vemos aquí como nesta modificación tamén van axudas a escolas infantís. E con respecto ás axudas e subvencións a fundacións e entidades culturais, agardar que esas comisións creadas realmente, tanto as de patrimonio cultural e de iniciativa social, ou de servizos sociais, teñan entre os seu cometidos propoñer tamén uns criterios e uns baremos para o reparto das axudas, algo que vaia máis alá da discrecionalidade. É preciso que este tipo de axudas nominativas sexan a excepción e non a regra, pero como segue sendo a regra o noso voto vai ser que non. Non podemos estar de acordo con este modelo discrecional de reparto de fondos públicos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, Sr. presidente. Permítanme en primeiro lugar, aínda que eu son estrito nos asuntos do orde do día, pero debería dicirlle Sr. Pérez Jácome , que si, plan de empregabilidade, plan de mocidade e outros plans, pero non nos faga vostedes responsables absolutos do paro ou non paro desta provincia. É un problema demasiado complexo que fai sufrir a demasiadas familias e eu négome a facer demagogia do mesmo; pero é o seu estilo. Con respecto ao que dicía o Sr. Rodríguez Suárez, acáballo de dicir o Sr Fraga Civeira, non solo é para os do PP, Sr Rodríguez Suárez, hai concellos que non son do PP e no próximo expediente de modificación de crédito, que será o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

segundo e último, iso esperamos, en abril, verá vostede como hai sorpresas e importantes axudas a concellos que non goberna o PP. E a orde do día, como toca: coma xa adiantei antes, este remanente de Tesouraría que temos e do que dispomos hoxe é, e o repito unha vez máis e non por repetilo deixa de ser mentira, froito dunha boa xestión, queira recoñecerse ou non, aínda que vostedes están no papel que se lles esixe. Traemos hoxe a pleno un primeiro expediente de modificación por importe de 11.110.000 € dos cales 10.577.00 se destinan a suplemento de crédito, e 533.000 a créditos extraordinarios. Teñen vostedes á súa disposición a memoria proposta da presidencia, o informe favorable da Sra. Interventora e tamén o ditame favorable da comisión informativa especial de contas e de facenda e economía. Trátase, unha vez máis, dunha aposta pola cooperación cos concellos nas obras e servizos da súa competencia e tamén con outras entidades ou colectivos desta provincia, algúns xa se citaron aquí, que desenvolven unha importante labor para os nosos concidadáns. Debo destacar, en todo caso, que se suplementan as partidas de amortización de préstamos por un importe de algo máis de 5.986.000€ co fin de completar, e digo completar, a 31 do 12 do presente ano, a amortización na súa totalidade de cinco préstamos que datan dos anos 2001, 2002, 2004 e 2006. Dareilles un dato importante, a 31/12/2017 o endebedamento desta Deputación verase reducido a un 15% aproximadamente, e será cero, así é o noso como xa dixen anteriormente, ao final da lexislatura en maio de 2019. Quedará vivo unicamente un préstamo que data do ano 2004, de 11.700.000€, por certo nunhas condicións inmejorables dado que o temos concertado ao euríbor menos o 0,025. Lémbrolles que en decembro de 2011 estabamos nun endebedamento do 116%; o obxectivo do Plan Ourense 92 era rebaixar a débeda progresivamente e así o fixemos; o Plan Ourense 15-19 prevé débeda cero, como xa dixen varias veces no ano 2019, e así será. Non esquezan tamén o gran esforzo que vén facendo o presidente desta Deputación e o seu grupo de goberno, coa colaboración imprescindible dos traballadores e traballadoras desta casa, en rebaixar o prazo de pago a provedores de máis de 180 días no 2011 a menos de 20 días no pasado ano, concretamente en torno aos 12 días. En resumo, xa sei que non lles gusta, pero volvo a repetilo, Sr. Pérez Jácome, brillante xestión económica nos últimos anos, tamén no ano 2016. Froito desa boa xestión é o remanente de Tesouraría tan elevado do que hoxe dispomos en parte. A función esencial desta Deputación é a colaboración cos concellos e coas entidades e colectivos desta provincia e isto é o que facemos, e permítanme que lles recorde unha vez máis que esta Deputación, a proposta do seu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

presidente, tamén limitou voluntariamente a facultade de conceder subvencións nominativas ao 50% dos recursos habilitados para elo. Coñecen vostedes algunha entidade gobernada por calquera de vostedes?, xa sei que Democracia Ourensana aínda non goberna, pero está no camiño, coñecen vostedes algunha entidade no Estado español que autolimitara voluntariamente a facultade que lle permite a Lei? Espero que mo contesten. Xa digo, hoxe é o primeiro expediente de modificación de créditos, aténdese á proposta do noso presidente pois son numerosas as demandas que el recibe a diario, e garántolles que no segundo expediente de modificación de créditos, no pleno do mes de abril, atenderá a bastantes máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: no me explicou lo de los 900.000€ de gasto complejo en cultura, ¿qué es eso? Si me lo puede explicar, 900.000€, qué son, cuánto, 150 millones de las antiguas pesetas. Cuando utilizo la demagogia, no utilizo la demagogia básica como dijiste antes hablando del paro, es un tema con el que sufren muchas familias ¿no?, eso es lo que llaman chantaje emocional, apelar a la culpabilidad en ese caso, entre otras puede ser la culpabilidad, la obligación, lo que sea; eso por un lado. Claro que el problema del paro es un problema grave para las familias y vosotros sois un agravante, no lo agravo yo por criticar, la agraváis vosotros que sois los que lo hacéis. El tema de autolimitarse que dices que es una labor, imagínate tú que en el pasado mandato, en el que José Luis Baltar, que fue condenado por enchufar a 109 personas, imagina que tuviera capacidad para contratar a 300 personas, conforme a la Ley y diga: “*eu son tan legal que vou limitar esa capacidade á metade, só a 150*”, pero sí, después contrato ilegalmente a esas 150; es lo que llaman en magia una cortina de humo para engañar. No sé por qué insistes en eso de los 200.000 a 50.000, o sea no sé de dónde sacaste esa cantidad, si me lo puedes explicar Plácido. Que yo sepa hay varios baremos, uno de ellos es de 50.000 más IVA, pero es así a nivel estatal, no es que él lo bajara de 200.000 a 50.000 más IVA, es que la Ley lo permite; a partir de 50.000 más IVA es cuando tienes que dictar los concursos, entonces no es como dices tú, excepto que nos estés engañando cambiando los datos. Nada más, por favor me interesa mucho el tema de los 900.000 € esos.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moi ben, moitas grazas. Sr. Álvarez Dobaño, nós o que non queremos son sorpresas, nin nós nin seguramente os alcaldes desta provincia; de aí a necesidade e eu dicíallo antes, vostede falou dun remanente de entre 23 e 26 millóns, aínda faltan dos que quedan aquí pendentos de gastar en esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

modificación de crédito, son suficientes para eses plans complementarios, incluso para ese plan complementario de estradas, moito máis ambicioso que o principal, e probablemente máis acaído ás necesidades das vías principais que o principal, pero diso xa falaremos despois. Insisto, non queremos sorpresas e seguramente os alcaldes tampouco as queiran, queren poder planificar, queren saber con que contar, e non en función de si lle gusta ou non lles gusta o proxecto ao señor presidente, por deixalo así, nos gustos e non noutras cuestións. Con respecto ao endebedamento, una maldade permítame, menos mal que non ten a quen botarlle a culpa da herdanza, porque senón quen o vería botándolle a culpa aos outros grupos políticos como acostuman a facer outras veces; pero iso non o pode facer. Tamén recordarlle outras dúas cousas, o da obriga de saldar as débedas témola todas as institucións, e outro tamén, si non estou equivocado e senón corríxeme vostede, eu creo que ascendeu ata o 50% o límite do diñeiro que se reparte en subvencións nominativas; se non entendo mal ata non hai moito estaba no 20%, creo que hai un ano ou ano e pico incrementou ata o 50%. Pouco máis pola miña parte.

D. Plácido Álvarez Dobaño, Grupo Popular: grazas, Sr. Presidente. Proxectos complexos, Sr. Pérez Jácome, son iso, proxectos complexos, esta é una partida orzamentaria que terá o seu desenvolvemento e terá vostede cumprida información do que será en cada caso, simplemente agora é suplementar unha partida para isto, nada máis, non lle poña vostede máis malicia, isto logo ten un desenvolvemento no exercicio económico, como todas as partidas de orzamento. O do paro, volvemos ao de sempre, eu non quería incidir máis niso porque fala vostede de xogar coas emocións de xente e cos problemas e sabe que non é o meu estilo facelo; en todo caso sigo repetindo, que nin é mérito desta deputación, mérito absoluto, os datos positivos nin tampouco os datos negativos, en todo caso, adianto que postos en marcha os plans que se prevén nesta deputación, como é o plan de empregabilidade, ao que vostede se referiu, ou de mocidade, que xa o tivemos o ano pasado, os plans de obras e servizos dos que acabamos de falar, todo iso a Deputación, directa ou indirectamente, fomentará máis emprego nesta provincia, que diso se trata. Non vou falar da axilidade na programación, Sr. Fraga Civeira, direino logo, cando falemos dos plans provinciais porque nunca se fixo una tramitación administrativa tan áxil e tan a tempo, como no presente exercicio. Iso de rebaixar voluntariamente a 60.000 euros, Sr. Pérez Jácome, eu creo que lle deben explicar un pouco isto. O Sr presidente desta Deputación voluntariamente renunciou a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

utilizar un procedemento que lle permite a Lei de contratación das administracións públicas; Sr. Pérez Jácome, por favor pida vostede un informe, renunciou voluntariamente e só contrata, como vostede di, 50.000€ máis IVA e cando pasa de aí, non utiliza as tres ofertas; Sr. Pérez Jácome para vostede é branco ou negro, pero non lle interesa o que non lle interesa. Está renunciando a algo que lle permite a Lei e a vostede parécelle mal. Si vostede ve as obras que se inclúen no plan provincial verá como hai moitas de máis de 60.000 euros, e a esas que lle fai entón?, claro, non lle interesa porque vostede colle o *guionciño* e non sae de aí. Planificación, Sr. Fraga Civeira: direino logo cando falemos dos plans provinciais, pero xa digo, aprobáronse as bases cando se aprobaron e o plan provincial será definitivo de maneira inmediata que nunca foi historicamente tan pronto nesta deputación. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobación a modificación n.º 1/2017 de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. AMORTIZACIÓN DE CAPITAL VIVO E GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
011.11/913.04	Amortización préstamos Caixa Galicia 2001	568.339,33 €
011.11/913.06	Amortización préstamos BBVA 2002. Outras ent.financeiras	425.000,00 €
011.11/913.07	Amortización préstamo Caixa Galicia 2002	1.714.223,19 €
011.11/913.12	Amortización préstamo Caixa Galicia 2006	1.652.777,82 €
011.11/913.11	Amortización préstamos B.C.Local 2004	1.627.124,19 €
912.11/641.00	Administración electrónica. Gastos aplicacións informáticas.	500.000,00 €
179.11/721.09	Transfer. De capital Confederación Hidrográfica	9.000,00€
334.20/627.02	Proxectos complexos. Cultura	900.000,00 €
450.12/619.02	Cooperación provincial reparación vías municipais	1.000.000,00 €
450.12/762.01	Cooperación provincial transf. de cap. a Concellos	1.162.522,94 €
924.12/789.00	Participación veciñal outras transferencias asociacións	20.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

432.11/640.04	Investimento Patrimonio Histórico Artístico promoción do turismo	20.000,00 €
---------------	------------------------------------------------------------------	-------------

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
336.11/762.02	Patrimonio histórico artístico transf.de cap. Concellos	45.954,39 €
231.11/789.03	Acción social transf.capital compra vehículo Cruz Vermella	60.000,00 €

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
341.11/462.00	Promoción e fomento do deporte transferenc. Corr. Concellos	12.000,00 €
341.11/482.10	Promoción das actividades para persoas con discapacidade Special Olympics Galicia	10.000,00 €
334.20/462.00	Actividades culturais e recreativas transf.corr concellos	110.000,00 €
912.11/226.02	Información e publicidade corporación provincial	49.000,00 €
341.11/489.00	Fomento do deporte outras transf. correntes	14.800,00 €
326.11/451.00	Asoc.GEN Universidade transf. corr. estudio, investigación e difusión sobre o municipalismo	50.000,00 €
334.20/489.00	Outras transferencias actividades culturais e recreativas	235.900,00 €
334.20/489.11	Outras transferencia Coral de Ruada gastos funcionamento 2015 e 2016	30.000,00 €
334.20/226.09	Actividades culturais materiais, subministracións e outros	22.000,00 €
135.16/467.00	A Consorcios consorcio provincial contra incendios	444.750,00 €

CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
414.11/462.00	Medio rural transf.corr. Concellos	30.000,00 €
450.12/463.01	Cooperación provincial transf.corr a mancomun.	296.000,00 €
431.11/480.04	Feiras e exposicións transferencias correntes gastos funcionamento Agafe	2.000,00 €
231.11/489.20	Acción social transf. corrente gastos funcionamento Asfaval	6.000,00 €
924.12/489.21	Participación veciñal transf.corrente gastos funcionamento Asociación Tamaguelos	20.000,00 €
924.12/489.22	Participación veciñal transf.corr gastos funcionamento Asociación local de pensionistas e Xubilados da Rúa de Valdeorras	2.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

334.20/489.23	Actividades culturais transf.correntes Bispado de Ourense atención arquivo diocesano	15.000,00 €
341.11/482.11	Fomento do deporte transf.correntes Club Ourense Rugby gastos de funcionamento	20.000,00 €
231.11/489.20	Acción social transf.corr. gastos funcionamento Fundación Discapacitados Psíquicos Celanova	16.000,00 €
341.11/482.12	Fomento do deporte transf.correntes Sociedade deportiva Nogueira de Ramuín gastos de funcionamento	15.000,00 €
341.11/482.13	Fomento do deporte transf.correntes Udourense gastos de funcionamento	12.000,00 €
924.12/489.24	Participación veciñal transf.corr.gastos dixitalización do arquivo Federación asociacións Galegas de Bos Aires	20.000,00 €
134.11/489.25	Protección civil transf.correntes xornadas de convivencia agrupacións de voluntarios protección civil Asociación provincial de protección civil	2.500,00 €
334.12/226.09	Actividades culturais escola de danza	20.500,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito	10.577.437,47 €
Suma créditos extraordinarios	532.954,39 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	11.110.391,86 €
------------------------------------------------------------------------------	------------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Gudiña	Casa da viúva	15.000,00 €
A Gudiña	Cofinanciamento servizos enerxéticos	8.905,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

A Merca	Maquinaria para pavillón de deportes	16.277,51 €
Arnoia	Acondicionamento paseo fluvial	43.200,00 €
Arnoia	Ensanche camiño en O Inquiao	5.687,00 €
Avión	Mellora camiños municipais e accesos a explotacións agrarias	11.368,56 €
Avión	Mellora e eficiencia enerxética do alumado público de Amiudal	8.365,39 €
Avión	Caldeiras de biomasa na piscina municipal	14.940,17 €
Avión	Mellora de firme en núcleos rurais	7.350,00 €
Avión	Escola infantil municipal Avión	40.000,00 €
Bande	Instalación de calefacción planta baixa do concello	13.945,25 €
Bande	Instalación radiadores primeira planta concello	13.945,00 €
Bande	Construción dependencias municipais para vestiarios	20.000,00 €
Beariz	Instalación postos emisores de TV	14.000,00 €
Beariz	Equipamento ximnasio	27.450,68 €
Cartelle	Aparato de frío auditorios	6.000,00 €
Castrelo do Val	Brazo desbrozador	19.360,00 €
Celanova	Abastecemento de auga a Sanpil	16.000,00 €
Celanova	Teleclub Acevedo do Río	8.956,90 €
Cenlle	Renovación do alumado público de Laias	16.656,96 €
Cualedro	Alumado na Xironda	48.000,00 €
Larouco	Mellora rehabilitación rúa Santa Lucía	14.909,09 €
Larouco	Saneamento de augas residuais en Larouco	6.942,19 €
Lobeira	Construción de depósito e conexión á rede xeral de abastecemento en Nogueira	50.000,00 €
Lobeira	Mantemento do servizo de augas	10.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Lobios	Construción dun local social en A Portaxe	35.000,00 €
Montederramo	Arranxo velorios en Vilariño Frío e Chas	20.000,00 €
Montederramo	Actuacións medioambientais e infraestruturas	60.000,00 €
Muíños	Mellora de espazos públicos	20.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Obras colexio Luintra	30.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Tótem rotonda	9.000,00 €
Oímbra	Plataforma escaleira concello	6.000,00 €
Oímbra	Adaptación de local para tanatorio en Rabal	25.558,71 €
Os Blancos	Adaptación velorios	20.000,00 €
Padrenda	Captación en Os Piornos e condución de auga á rede xeral de abastecemento	59.971,84 €
Parada do Sil	Cooperación xeriátrico	50.000,00 €
Pontedeva	Remate da obra de construción de vivendas sociais en Trado 1ª fase	30.000,00 €
Porqueira	Cofinanciamento obras Xunta de Galicia	25.000,00 €
Quintela de Leirado	Obras de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público en Xacebáns	26.396,89 €
Quintela de Leirado	Obras de pavimentación da rúa en Cheda e Forxán	11.427,77 €
Quintela de Leirado	Reparación da EDAR de Quintela	13.967,03 €
Riós	Depósito de auga en Pedroso	25.000,00 €
Rubiá	Adquisición materiais mellora de vías en Oulepo	8.000,00 €
Sandiás	Urbanización entorno velorio Couso de Limia	22.394,00 €
Sarreaus	Construción de velorio en Sarreaus	50.000,00 €
Toén	Pista polideportiva	20.000,00 €
Xinzo de Limia	Gradas campo de fútbol Carrera	55.770,00 €
Xunqueira de Espadañedo	Museo de olería	30.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Xunqueira de Espadañedo	Cambio de cadros eléctricos do alumado público	51.777,00 €
-------------------------	------------------------------------------------	-------------

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/462.00**. A concellos actividades culturais e recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Castro Caldelas	Proxecto de dinamización do castelo	25.000,00 €
O Bolo	Banda de Gaitas	7.000,00 €
Petín	Proxecto transporte á demanda	6.000,00 €
San Cristovo de Cea	Organización XXV Festa Pan de Cea	27.000,00 €
Trasmiras	Asociación musical Trasmiras	23.000,00 €
Vilar de Santos	Mantemento e funcionamento servizos	12.000,00 €
Xunqueira de Espadañedo	Adquisición de instrumentos para banda de gaitas	10.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.00**. Actividades culturais e recreativas outras subvencións:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Banda de gaitas de Vereá	Gastos desprazamentos a Strakonice 2016 e gastos de material	15.900,00 €
Fundación Aqua Querquennae Via Nova	Proxecto intervención campamento romano de Aquis Querquennis	50.000,00 €
Fundación Carlos Casares	Gastos funcionamento	50.000,00 €
Fundación Estanislao Reverter	Proxectos 2017	30.000,00 €
Queixume dos Pinos	Gastos funcionamento	20.000,00 €
Sarabela Teatro	Funcións teatrais infantís “O secuestro da Bibliotecaria” e 5 funcións das “normas para vivir na sociedade actual”	30.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Grupo Colmeiro	Organización de actividades 2017	20.000,00 €
Fundación Carlos Velo	Exposición e funcionamento	20.000,00 €.

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/489.00** Fomento do deporte outras transferencias correntes

Beneficiario	Finalidade	Importe
Escudería Luíntra	Rallie Ribeira Sacra 2015	14.800,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/462.00** Promoción e fomento do deporte transferencias correntes a concellos

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Gudiña	Rallie Mix	12.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **924.12/789.00** Participación veciñal outras transferencias de capital a asociacións

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación veciños en man común "Serra de San Salvador, Veiga e Ladairo" de Pazos	Arranxo tellado igrexa	20.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **336.11/762.02** Patrimonio histórico artístico transferencias de capital a concellos

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Teixeira	Reparación do tellado Capela San Ramón en Celeirós	11.598,39 €
Melón	Restauración retablo Santa María de Melón	4.356,00 €
Parada do Sil	Restauración do belén de barro da capela de San Ramón	30.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/462.00** Medio rural transferencias correntes a concellos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Beneficiario	Finalidade	Importe
Riós	Mantemento e funcionamento sector agroforestal	30.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/463.01** Cooperación provincial transferencias correntes a mancomunidades

Beneficiario	Finalidade	Importe
Manc. Celanova	Gastos funcionamento	50.000,00 €
Manc. Conso-Frieiras	Gastos funcionamento	40.000,00 €
Manc. Monterrei	Gastos funcionamento	50.000,00 €
Manc. Ourense	Gastos funcionamento	56.000,00 €
Manc. Ribeiro	Camión recollida residuos	50.000,00 €

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2017.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG: moitas grazas Sr. presidente. Aquí temos a proba, como falabamos antes, de que a Deputación si pinta algo en materia de emprego e, por tanto, tamén é co - responsable cando hai boas e malas noticias ao respecto do paro. De todos os xeitos eran vostede, Sr. Presidente, o que saía hai pouco nos xornais dicindo que se estaba creando emprego de xeito imparabile, pois iso, non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

entendemos que cando os datos son bos, como xa dixen no anterior punto, quitamos peito e nos atribuímos o mérito, e cando son malos non temos ningunha competencia. En todo caso, neste punto da orde do día nós, creo que xa o dixemos o ano pasado, estamos de acordo coa filosofía do Plan, pero o carácter liñal nas subvencións non nos parece a fórmula máis axeitada para o seu desenvolvemento, polo que, como xa fixemos o outro ano, imos optar pola abstención. Novamente reiteramos, que nos contratos de dereito laboral que se asinen por parte dos concellos, ao abeiro das bases reguladoras desta subvención, deberían serlle de aplicación os principios constitucionais consagrados nos artigos 23.2 e 103.3, así como o disposto no artigo 55 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público que establece no seu primeiro apartado que *“todos os cidadáns e cidadás teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”*. Este é o único xeito de eliminar a discrecionalidade na contratación. Optaremos pola abstención, nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí, hola, antes de meterme en este tema quiero desenmascarar otra triquiñuela aquí del *trilero* Plácido en colaboración con José Manuel Baltar, o sea, lo de las obras de 50.000 €, me hiciste dudar porque realmente sois tan mentirosos que engañáis a la gente; vamos a ver, para que lo entienda todo el mundo, en las obras, y corrígeme si me equivoco tú que eres secretario, de hasta 50.000 € más IVA, se pueden dar a dedo, las obras se pueden dar a dedo hasta 50.000 más IVA, de 50.000 más IVA hasta creo que 200.00 hay que invitar a tres empresas, lo típico, tres presupuestos; hablamos de cuando son obras, no de cuando son otros temas, que entonces son 18.000 más IVA, aquí estamos en el tema de obras, de 50.000 más IVA, se pueden dar a dedo, en la zona que va de 50.000 a 200.000, creo, hay que invitar a tres empresas, hay que hacer distintos concursos, de lo que es publicidad y todo eso. ¿Qué ocurre?, que este señor lo que está haciendo en la franja de 50.000 más IVA, es donde está todo el Cola - Cao, es por lo que nosotros denunciemos, ahí las está dando a dedo y ahí es donde realmente se la están llevando 5 empresas de las 300 que hay en la provincia. ¿Qué es lo que hace?, que para disimular, que es donde tú intentas engañar a la población como si fuéramos imbéciles, para disimular él dice “fijaos que transparente soy que en la franja de 200.000 esa renuncia a ello porque me da la gana y la pongo en la zona

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

de los 60.000, bajo de 200.000 a 60.000 para que veáis lo legal que soy”, y a mí que me importa que hagas una cortina de humo, si de 50.000 para abajo es donde se está haciendo todo el Cola - Cao, te crees que somos tontos y te pones como si fueras un tipo haciendo magia, ¿no sabes que en la magia, la clave está en cómo se despista? Y esto es lo que intenten hacer este tío con la provincia, despistando con ese *rollo* de auto limitarse. *Me auto limité por arriba, pero donde meto el palo es por abajo*, ¿o crees que somos tontos? El tema de la empleabilidad, sois tan tontos que no sabéis ni crear empleo, es decir coger dinero público y emplear a una persona con dinero público no es crear empleo, eso es un nuevo INEM, coger una persona que esté desempleada, le das dinero, eso es ampliar el INEM, no es generar empleo real, esto es todo artificial. Dar dinero a los concellos para que contraten a una persona durante un año, ¿dónde está ahí crear empleo? Eso es regalar dinero para que una persona esté en el INEM, esté distraída. Logo fáiselle como se fai aquí cun tipo que esta enchufado, chega e se lle di, mira, rapaz, trae un libro que aquí non hai moito que facer, é o que lle dices aquí na Deputación cando vén un tipo enchufado, traede un libro que aquí non hai que facer. Ese es el engaño que hacéis aquí, gastáis un dinero en empleabilidad y decís que no tenéis nada que ver en el paro, tenéis un morro...

D. Adolfo González Nóvoa, Grupo Socialista: grazas, bo día a todas e a todos. Con respecto a este punto, no debate do estado da provincia nós propuxeramos un incremento da partida, a verdade cando falamos de números, nós entendemos que esta partida se podía incrementar. Noutro apartado, xa se falou na comisión, no referente ao dos carteis, nós dicimos que os carteis deberíanse modificar para abaratar o prezo, e xa se esixiu no ano dezaseis xa que neste ano se estableceu un modelo específico e houbo que utilizar un xenérico, e na comisión si se nos comentou que ia saír na web da Deputación un modelo, claro, isto lévanos a que este persoal que se vai contratar para facer diferentes traballos, pode ser en diferentes zonas, en diferentes partes do concello, se cada vez que hai que acometer un traballo hai que cambiar o cartel, a verdade no é moi loable e nin sequera económico, dada a partida económica que hai para isto; incluso eu proporía outra cousa, non sei si viable ou non e nunca pensando en contra dos traballadores, sería máis fácil na súa *chaquetilla* ou na funda serigrafiarlle este programa provincial de cooperación cos concellos no que participa a Deputación, e non pasaría nada, e dicir todo o mundo o entendería, na maioría dos concellos cando alguén empeza a facer unha labor para un Concello todo o mundo o sabe e podería

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

levalo serigrafiado na súa roupa e non habería que andar pondo carteis, porque senón, entre que se quita de un lado e se pon no outro, pois ben. En principio nada máis.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas Sr. presidente, moi bos días de novo a todos. Quería dicir que unha vez máis este grupo de goberno cumpre co prometido, no Plan Ourense 15-19 figura esta proposta e teño que recordar que foi un compromiso do presidente no cumio de alcaldes do ano pasado, e por certo moi ben acollido por todos os alcaldes alí presentes. Cabe destacar que é plan sinxelo, aberto a todas as necesidades dos concellos, é un plan respectuoso coa autonomía municipal. Dicitrille ao Sr. Rodríguez Suárez que “*pau si remas, pau si non remas*”, como di o meu compañeiro Plácido, si fas porque fas, si non fas porque non fas, vostedes sempre están aí ao *quite*, así lles vai. Na intervención do ano pasado tamén dicían que había que poñer que había que cumprir a Lei, eu entendo que iso xa se entende, entra dentro das responsabilidades do concello, non lle imos pór a un concello ten que cumprir vostede a Lei tal a Lei cual, xa o sabe, entra dentro das súas responsabilidades, ocorrencias as xustas. Os concellos coñecen a Lei e é a súa responsabilidade cumprila. Sr. González Nóvoa, xa en comisión falouse do cartel e, efectivamente, vaise simplificar, vai a ser unha cousa sinxela e non vai a significar un gasto como supuxo o ano pasado. Nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo Democracia Ourensana: sí, a mí no me dijiste nada. No tengo nada que replicar, asumo que todo lo que dije era irrefutable.

D. Adolfo González Nóvoa, portavoz do Grupo Socialista: simplemente reafirmarnos que neste punto votaremos favorablemente. Grazas

D. Pablo Pérez Pérez, Grupo Popular: moitas grazas pola súa intervención, Sr. González Nóvoa.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2017, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2017.

A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal posibilitando o complemento dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos ou nomeamentos de persoal funcionario interino, de ser o caso, mediante a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento dos ditos contratos ou nomeamentos.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que contraten persoal en réxime de dereito laboral, efectúen nomeamentos de persoal funcionario interino ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con persoas físicas suxeitas ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2017. Considéranse subvencionables as contratacións ou nomeamentos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2017.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións ou nomeamentos, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por autónomos.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 10.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados.

4ª) Dispoñibilidades orzamentarias:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, por importe global máximo de 910.000,00 €, na partida 46207/24111

5ª) Solicitudes de adhesión ao Programa: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:

As solicitudes, subscritas polo alcalde interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no Rexistro Xeral da Deputación Provincial, que mantén a súa operatividade ao abeiro do establecido na Disposición Final 7ª da devandita Lei 39/2015.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas polo concello ou que lle fosen concedidas para o financiamento dos contratos ou nomeamentos para os que se solicita subvención.

6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.

As solicitudes de adhesión presentadas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión dos concellos solicitantes, agás nos seguintes casos:

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencia advertidas no prazo concedido.

As resolucións de autorización de adhesión realizaranse no prazo máximo de cinco días hábiles dende a recepción da documentación completa para cada solicitante, a medida que estas se vaian recibindo. Poderán realizarse nunha resolución individualizada para cada

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

concello ou para varios deles, en función dos prazos nos que se teñan presentado e completado as correspondentes solicitudes.

As resolucións de autorización de adhesión serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

7ª) Contía das subvencións:

Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 10.000 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.

Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o gasto efectivo do contrato ou nomeamento subvencionado fose inferior á dita cantidade.
- Se as achegas doutras administracións públicas que financian a actuación exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo da contratación ou nomeamento subvencionado.

A redución da contía das subvencións declárase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

8ª) Xustificación da subvención:

Os concellos beneficiarios deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 30 de novembro de 2017. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes do 30 de novembro, e poderá concederse, como máximo, ata o 15 de decembro de 2017.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario do concello na que se indique o seguinte:

- Relación de contratos ou nomeamentos realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2017.

- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.

B) Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.

C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. Para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 10.000 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que o concello percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan o 100 do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.

9ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

No local onde se realicen os servizos subvencionados deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

10ª) Normativa supletoria:

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales os concellos interesados poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural. Dá conta tamén dunha emenda da Presidencia, motivada por unha solicitude do Concello do Barco de Valdeorras, consistente en incluír no plan complementario das obras municipais a obra de construción de pista polideportiva en Vilanova, con orzamento de 105.000 euros financiados integramente polo Concello. Esta solicitude responde unicamente a que a obra conte coa declaración de utilidade pública para poder levar a cabo o concello a expropiación forzosa.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo BNG: moitas grazas Sr. presidente. Moi brevemente, estes Plans recollen as solicitudes dos concellos que deberían ser os que coñecen mellor, ou coñecen de primeira man, as necesidades dos veciños e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

veciñas; en todo caso, respecto absoluto á autonomía municipal e nós imos optar pola abstención.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, nós sobre este punto reiterar o que vén sendo a postura do grupo socialista en edicións anteriores con respecto a este Plan, que en realidade nós entendémolo como dous Plans. Así, con respecto ao Plan de Cooperación de Obras e Servizos dos concellos, votariamos a favor, e fariámolo aínda pensando que o Plan é manifestamente mellorable en canto á contía, en canto aos obxectivos e en canto aos fins. Gustaríanos un Plan cunha maior dotación económica, xa se nos anunciou que ano a ano se iría incrementando, pero así e todo, considerámolo insuficiente, no que se inclúsen parte dos fondos que se reparten aos concellos dende esta institución, ben sexa a través das diferentes convocatorias de subvencións, ou de múltiples convenios discrecionais. Gustaríanos un Plan que, ademais de financiar obras e servizos aos concellos, se puidese dedicar, unha parte do mesmo, a amortizar débedas, a facerlle fronte aos gastos correntes, a pagar facturas para poder cumprir co período medio de pago a provedores, a achegas que os concellos teñen que facer a outros proxectos, etcétera... Autonomía municipal, como ben di o Sr. Álvarez Dobaño, da verdadeira. Gañaríamos en autonomía municipal, en planificación e aforrariamos en burocracia, falo non solo dende o punto de vista da Deputación, congratúlome do que dixo antes o Sr. Álvarez Dobaño en canto á axilidade na tramitación, pero tamén me refiro a poñerllo doado aos concellos. Como xa temos manifestado tamén noutras ocasións, gustaríanos que neste plan non tivesen cabida os concellos de máis de 20.000 habitantes, é dicir, a capitalidade que hai que lembrar que ten un modelo de financiamento diferente ao do resto dos 91 concellos da provincia, e que ademais esta Deputación bastante lle axuda sostendo xa infraestruturas deportivas e culturais, como xa se ten mencionado en abondosas ocasións. Pese a estas eivas, repito, nós votariamos a favor deste Plan; pero é que ademais hai outro Plan, Plan de estradas, e ao noso grupo fáiselle imposible votar a favor do Plan de estradas porque ten os mesmos defectos que vén padecendo estes anos pasados. Hai unha falla de planificación nos investimentos, continuamos co parche aquí e parche alí, sen moita xustificación en ocasións; así, temos visto obras que están previstas no Plan Provincial e que decaen ao final e veñen sendo substituídas por outras que nin sequera figuraban no plan complementario. Seguro que son moitas e moi longas as estradas provinciais, pero son indispensables para o rural desta provincia e cómpre mantelas en debidas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

condicións porque moita da actividade económica da provincia transita por elas; por certo, que hai dun informe que xa se nos anunciou hai varios anos acerca do estado das vías provinciais? Por iso, porque é preciso un verdadeiro Plan de Estradas provinciais, serio, rigoroso, con investimentos, a medio e longo prazo e non este parche que se fai ano tras ano, non podemos apoiar este Plan, o que faremos será abstermos. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas Sr. presidente. Sen ánimo de reabrir debates, que xa digo que non é o meu estilo, Sr. Pérez Jácome, non estaría mal que nos impuxeramos todos unha certa obriga de ser respectuosos. Xa sei que somos todos parvos, vostede podía ser o *listiño* da clase e o de aquí tamén, pero os cidadáns xa poñen a cada un no seu sitio, entón sexamos respectuosos, que non é moito pedir; demais, temos que dar exemplo aos nosos conveciños de que aquí discutimos en serio e non nos insultamos uns aos outros. Dito isto, incumprimos a Lei, Sr. Pérez Jácome? A Fiscalía creo que xa llo dixo, aínda que vostede non foi excesivamente claro ao respecto, pero si a Fiscalía vai por onde un quere, está moi ben, e se non vai, pois está moi mal. Eu simplemente direi tres cousas para cerrar este debate e non vou falar mal del. A Deputación de Ourense, xa o dixen en máis ocasións e direino hoxe tamén, dispón dun rexistro de contratistas para todo tipo de contratos, incluídos os de obras, onde calquera mercantil interesada pode inscribirse, sempre que cumpra os requisitos legais aos efectos de ter oportunidade de negocio no sector. Esta Deputación, como é evidente, e así llo permite a lei tramita os contratos menores de obra segundo o procedemento establecido legalmente, en aras dunha maior axilidade - tamén o dixen no pleno de xuño - na tramitación e posibilitando ao mesmo tempo maior eficacia na execución do gasto e da regra do gasto; estou seguro que despois non saberá o que dixen e insistirá outra vez, repito, Sr. Pérez Jácome, de 60.000 a 200.000, para vostede e quen o está informando, faise concurso público; agora e así llo pedimos ao presidente, cumpriremos a Lei, pediranse tres ofertas. Referíndome a orde do día, elabórase un Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos e tamén o de Obras de Mellora e Conservación da Rede Viaria de titularidade desta Deputación. O primeiro deles, Sr. Fraga Civeira, respectando absolutamente a autonomía municipal, e o segundo da rede viaria, escoitando demandas dos concellos, que tamén as facemos, e a proposta é respectando o que nos dixeron os técnicos de Vías e Obras desta casa. Xa sei que se podería facer ese complementario e dous máis ou tres máis; as posibilidades son as que son e nós entendemos que debemos facer o que facemos. Elaboráronse tamén dous

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

plans complementarios, un para o plan de cooperación e outro tamén para a rede viaria da provincia; e todo isto de acordo coas bases aprobadas, como recordarán, o trinta de setembro deste presente ano. Os concellos de Avión, Blancos, A Bola, Larouco, Lobeira, Porqueira e San Cristovo de Cea, acolléronse ao disposto na base 9ª das bases, e acreditaron a súa insuficiencia financeira manifesta, e polo tanto acolléronse a esa vía que lles permite destinar os fondos á amortización de débeda e outros gastos que constan nas bases; polo tanto, estamos totalmente de acordo con este Plan, non podería ser de outro xeito, e ímolo aprobar inicialmente para que se someta a información pública polo prazo de 10 días, e como xa dixen antes, quero destacar, Sr. Fraga Civeira, que a axilidade política e administrativa na elaboración deste plan co fin de que se poidan executar as obras con tempo suficiente no exercicio orzamentario do presente ano, non ten parangón en ningunha outra Deputación, e iso tamén espero que o saiban valorar. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola, voy a contestar a Plácido, tienes razón en lo que dices de ser respetuoso, lo que pasa es que a veces me hierva la sangre porque realmente tratáis a la gente como imbéciles, entonces yo salto; pero sí es verdad que tienes razón en que se pueden expresar las cosas de otro modo. Voy a contar una cosa para que veas, es como un pequeño chiste: estaban unos tipos haciendo un reparto de herencia, eran dos hermanos *“eu voume quedar co Pazo e a ti douche esta finquiña, aquí levas ás ovellas e pásano de marabilla; eu voume quedar con todas estas viñas e aquí para facer viño do Ribeiro e a ti vouche dar un castaño, as castañas, ¡collen un valor!, cada vez hai máis castañas, ito mete medo”* ía facendo así o reparto e deixáballe nada ao tipo, a un dos herdeiros. El medio de la reunión le dice el heredero: *“oye, mira, ¿me podías dar un beso?”,* al que le estaba diciendo eso, no sé si sabes el chiste, *¿me podías dar un beso? Y ¿el beso para qué?,* le pregunta el hermano, y le dice el tipo, *“es que a mí cuando me joden me gusta que me besen”*; bueno, pues esto igual. Es normal que yo salte cuando os estáis riendo de la gente. E volve co rolo dos 50.000 más IVA, vouno ter que explicar doutra forma, carallo, é normal que me poña así. Imaxínade que a min me din que teño que xestionar dous comercios; entonces, collo un comercio e roubo todo o que me da a gana e logo digo: oe, fíxate si son legal e transparentes que puxen cámaras nese comercio, no outro, non as tiña que pór porque a xerencia non me obriga a pór cámaras e púxenas, que legal son; e no outro non puxen nada que é onde roubo. Pois nisto é igual, contratos de 50.000 para abaixo, que é onde

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

realmente dou a dedo todo, aí fago o que me da a gana e doulle a cinco empresas; nos demais digo: tranquilos, nos 200.000 autolímítome. Pero a min que me importa, si no que estás metendo a man é no outro. Ou pensas que somos tontos?. A ver, no es verdad que en las de 50.000 se dan a dedo Plácido, ¿si o no?, ¿ en las de 50.000 más IVA no se pueden dar a dedo? Sí, entonces a mí que me importa si en los demás disimulas, si en las de 50.000 es donde das a dedo. Luego, el tema de la Fiscalía, efectivamente, cuando hablé con el Fiscal ¿sabes lo que me dijo?, ahí me fie por los abogados y no hice nada, me dijo el Fiscal literalmente esto, *“mira, dime tú cuáles son las empresas concretas, tráeme todo hecho”* ¿cómo que tráeme todo hecho? Faino ti, que é o teu traballo e para iso estás cobrando 5.000 euros ao mes. Me dice *“no, no mi labor no es esa, trae todo triturado y yo luego yo acuso”*, si home, vouche quitar eu o traballo a ti. Esa fue la historia, y lo quería hacer igual en el *Francisco II*, pero ahí nos personamos. Pero entonces en este tema igual tendremos que coger un abogado, a lo mejor un detective, y hacer todo como Dios manda. ¿Qué ocurre? Los Fiscales en España no son como en Estados Unidos que actúan de oficio, hoy es un *chollo* ser Fiscal; un Juez no, un Juez *curra* 12 horas al día,ten *chollo* na casa; pero el Fiscal cobrará igual, acuse o no acuse. Yo no estoy dispuesto a hacer el trabajo del Fiscal, que lo haga el Fiscal, para eso cobra. Voume por eu, deixar as miñas historias, poñerme a investigar e facerlle o traballo do Fiscal, el ten máis persoal ca min. Esa fue la historia. Efectivamente, si tú te amparas en que el Fiscal es un funcionario que cobra igual, actúe de oficio o no, ahí siempre hay las de ganar. Pero ocurrió igual con el tema del Francisco II, el fiscal no sólo no hizo nada, sino que pedía que achivasen el caso, anda por riba. Es verdad que a veces soi soez y pido disculpas, pero hay muchas formas de insultar siendo educado. Lo que tú estás haciendo en el tema de las obras es un insulto, nos estás llamando a todos tontos con el *rollo* este de los trileros, de los 50.000; ya lo expliqué aquí claramente, metéis mano en lo de 50.000 y luego en lo demás. Aquí resulta que vamos todos de transparentes y es como el Alcalde de Ourense, que va de *finolis* y luego sale en prensa diciendo Democracia Ourensana con esto de la moción de censura hace un circo, tiene una obsesión, tiene muchas obsesiones, es decir, está insultando de otra forma. ¿qué ocurre? Que yo no soy hipócrita, esa es la diferencia.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, brevemente, dicirlle ao sr. Álvarez Dobaño que me alegro moito de que sexan tan áxiles á hora de aprobar o Plan, gustaríame que se comparara con outros, eu ánimoo a que se siga

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

comparando e que para o ano que vén, nos traia aquí un plan único similar ao da Deputación da Coruña no que os concellos vexan ampliado o seu marxe de autonomía, xa non digo en canto á contía que estaría ben, senón en canto ao que os concellos poidan dedicar ese diñeiro. Aquí mesmo temos varios plans de axuda aos concellos, acabamos de aprobar outro de empregabilidade; xunte varios de estes plans nun só plan e pónalle os destinos e os requisitos consensuados cos concellos, e a partir de aí máis fácil para todos Sr. Álvarez Dobaño. Máis autonomía municipal.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: para pechar o debate, Sr. Pérez Jácome, vostede sempre é xuíz e parte, estou seguro que como a vostede non lle discuten nada na súa organización, pensa que os demais temos que facer o mesmo; pois non, vostede retorcerá os argumentos como queira, sígoo dicindo, preguntas claras e concisas: cumprimos a Lei, si ou non? Iso é o importante, a vostede iso non lle importa, o que lle importa é o que vostede quere. Nas súas aspiracións a ser Alcalde, que llo vexo moi complicado, estou seguro que vostede ata de 10.000 € sacaría a concurso as obras; nótase que non traballa na administración, paralizaría vostede o Concello totalmente. Non lle vou a discutir porque de isto permítame que eu saiba un pouco máis que vostede, sen ánimo de ser *chulito*. A súa próxima denuncia polo que vexo vai ser contra a Fiscalía, contra o Sr. Fiscal, porque como vai saltando escalóns, a próxima será el, porque non fai o que vostede quere, pois haberá que denunciar ao Sr. Fiscal, ¡que se prepare!. Non digo nada máis, simplemente Sr. Fraga Civeira, ponme de comparación a Deputación da Coruña, paréceme moi ben, tíñame que dicir que orzamento ten e cal temos nós, el logo falamos. Póñame a de Lugo porque é unha Deputación similar á nosa e gobernana vostedes. Voulle dar un dato que xa o din aquí nalgunha ocasión, para que vexan, non para saírme da orde do día, para que vexa que nos procedementos en todos os sitios se cocen fabas, como dicía o Sr. Baltar ex presidente desta Deputación “*nós non somos uns santos, pero vostedes tampouco*”, entón, deixémolo así. Un dato, ata setembro de 2016 no reparto de subvencións que fixo a Deputación de Lugo, Sr. Fraga Civeira, pregúntelle ao seu colega presidente, o 84% foi destinado a concellos non gobernados polo PP e o 16% aos concellos gobernados polo PP; ata aí ben, pero pense vostede que de 67 concellos que ten Lugo, 35 son do PP, compare vostede. Ao mellor esa é a transparencia e a obxectividade e todo iso que vostedes predicán aquí, tanto vostede como o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Sr. Rodríguez Suárez, porque alí que eu saiban, non sei si á luz do sol ou por debaixo da mesa, pero co - gobernan. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o mencionado ditame coa incorporación da emenda da Presidencia á que se referiu o Sr. secretario, e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2017 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.645.999,99 €	1.409.947,72 €	6.055.947,71 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	385.000,00 €		385.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	2.000.000,00 €		2.000.000,00 €
TOTAL	7.030.999,99 €	1.409.947,72 €	8.440.947,71 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	4.261.000,00 €	771.632,40 €	5.032.632,40 €
Rede Viaria Deputación	7.064.300,00 €		7.064.300,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

2º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA CREACIÓN DUN MAPA PROVINCIAL DE EMERXENCIAS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas Sr. presidente. Coa posta en funcionamento efectiva do Consorcio Provincial de Incendios, e coa inminente apertura para o mes de xuño do parque de Bombeiros Carballiño Ribeiro, superados os numerosos atrancos xudiciais interpostos por empresas e por sindicatos, que responden a intereses persoais en prexuízo do servizo, a creación dun mapa provincial de emerxencias é o seguinte paso para conseguir un servizo de emerxencias exemplares na nosa provincia. A Deputación e o Consorcio de Incendios, deben impulsar e coordinar este mapa de emerxencias, e facelo dende unha visión provincial, tendo de referencia a provincia como elemento único para a distribución de medios e recursos de emerxencias. Debemos esquecermos de facer a guerra aquí cada un pola súa parte, si por comarcas, si por concellos e ir máis alá. Debemos conseguir que, baseándonos en datos obxectivos de tempos adecuados como o de non máis de 25 minutos de resposta dun servizo de emerxencias, todas as localidades da provincia, e digo ben, localidades, non concellos nin capitalidades de concellos, localidades, estean a menos de, como dixen antes, 25 minutos dun servizo de emerxencias profesional. Dende o Consorcio iniciaremos contacto con todos os actores, que creemos deben estar implicados neste mapa. Xa nos reunimos coa Xunta de Galicia por medio do director xeral de emerxencias, o cal mostrou o seu total apoio a esta idea. Falaremos cos grupos de Bombeiros da Mancomunidade de Celanova, cos do polígono industrial de San Cibrao, por certo pagados integramente pola Deputación e polos seus concellos da área de influencia, sen apoio doutras institucións, cos bombeiros da cidade de Ourense para poder cubrir as localidades máis próximas dos concellos de arredor da cidade, e con todos os GEES da provincia, recordando a proposta desta Deputación de asumir a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

achega municipal a estes grupos. Falaremos tamén coa Asociación Provincial de Protección Civil, xa que estes grupos servirannos de complemento para as emerxencias ou incluso, naqueles que contan con profesionais contratados, como recurso inicial de resposta. Pedirémolles a todos os grupos uns plans de desenvolvemento do servizo similares aos presentados pola empresa gañadora da concesión do servizo provincial de incendios. Nese plan de desenvolvemento deberemos fixar en isócronas reais, digo reais, dende 5 a 25 minutos, en tramos de 5, as localidades nas que cada un debe actuar, independentemente dos concellos ás que estas pertencen. Unha vez feito este plan de desenvolvemento por parte de cada grupo, o Consorcio coordinará o reparto de áreas de cada un co fin de que non queden descubertos ou haxa solapamentos. Faremos constar neste mapa o 1º medio asignado e o 2º medio asignado a cada localidade, e comunicarémollos ao 112 para que procedan a aplícalo. Non será un traballo fácil pero coido que merecerá a pena. Coa documentación por riba da mesa para elaborar este mapa, dámonos conta de que hai concellos que nunca tiveron ningunha preocupación por as emerxencias e pola atención aos seus veciños, aproveitando a responsabilidade social doutros concellos sabendo que en caso de emerxencias sempre actuarían. Temos outras localidades que pola súa situación faise difícil ter, coas dotacións actuais un tempo de resposta adecuado. Temos algunhas dotacións sen os medios persoais adecuados a pesar do esforzo feito pola Deputación, polos concellos e pola Xunta de Galicia nestes últimos anos para dotalos de medios adecuados e da formación adecuada. Este mapa debe servirnos de ferramenta, e para iso tamén se creará, para saber onde se deben investir os recursos necesarios, saber onde están as carencias, saber onde están os medios infrautilizados, e sobre todo, sen reducir grupos, saber onde os hai que crear de novo ou reforzar. A Deputación Provincial xa manifestou a súa intención e dispoñibilidade de facer as achegas que lle corresponden aos concellos nos GEES, da mesma maneira que fai un esforzo económico grande coa achega ao Consorcio Provincial de incendios, aos bombeiros da Mancomunidade Terra de Celanova e aos bombeiros da Deputación no polígono de San Cibrao que son propios da Deputación. Quero engadir que, como dixen antes, teremos en conta aos grupos de protección civil como apoio complementario xa que hai moitos con persoas moi ben formadas con experiencia e con medios tal e como ocorre no concello veciño de Barbadás, ou no concello de Maceda. E por agora nada máis, moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Desde o BNG, e así o temos defendido neste Plenario, entendemos que este labor correspondería á Xunta. É certo que noutras deputacións, sobre todo por inacción da Xunta durante anos, creáronse consorcios provinciais de emerxencias e foron o xerme para planificar mapas provinciais e implantar servizos partindo dun consorcio provincial coa Xunta. Mais neses casos foi pola inacción da Xunta durante moitos anos (na época de Fraga non se fixo nada neste ámbito, e adiantáranse daquela sobre todo a Deputación da Coruña á que seguiron as restantes). Dende o nos punto de vista, isto agora non ten sentido, desde 2007 hai unha lei galega de emerxencias, que fixa a planificación a nivel galego e aínda que se asumen -por ser anteriores- estruturas de servizos de salvamento e emerxencias herdadas a nivel provincial, o lóxico é que se proceda a unha transformación das mesmas a unha entidade a nivel galego, en función dun mapa de emerxencias de Galiza. A nosa proposta é que se avance nunha planificación e creación de servizos participados a nivel galego, e se estude e concrete a progresiva integración de todas as estruturas en materia de emerxencias e salvamento (agás o caso das cidades, que obrigatoriamente por lei deben contar con servizo de emerxencias), tanto dos consorcios provinciais como dos GEES, nun único consorcio galego, con participación das distintas administracións implicadas. É por isto que neste caso, na moción que presentou o Grupo Popular, imos a votar en contra. Nada máis, moitas grazas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo Democracia Ourensana: Ola, bos días a todos. Está claro que todo o que ten que ver coas emerxencias está intimamente relacionado co tempo, máis que co espazo. Cando se produce un feito, un accidente, unha catástrofe, o que máis importancia ten é a atención o máis inmediata posible; neses casos ten pouco sentido o que se chama “ a organización territorial”, imponse unha xestión do tempo máis que do espazo. Por iso parécenos acaída a definición, o formato mediante isócronas das que fala a moción do PP. O que tamén é certo é que si unha emerxencia debe ser atendida en base a criterios temporais, en base a isócronas, a cousa ten que ir máis alá da mera provincia. Falaba o portavoz do PP que fai falta unha visión de provincia, eu diría, si, fai falta unha visión de provincia, pero como mínimo; porque vamos a imaxinar que se produce unha catástrofe na fronteira mesmo da autonomía, ou mesmo na fronteira nacional,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

a nosa provincia ten fronteira con Portugal, ao mellor podería darse o caso de que unha emerxencia pode ser atendida máis rapidamente desde o país veciño, ou desde unha autonomía veciña. Quero dicir que a cousa ten que ir aínda máis para adiante. Vamos a votar a favor, creo que xa o anunciei na comisión, porque supón un paso adiante, cara o que nós pensamos que sería nun futuro máis ou menos inmediato, a xestión ideal desta clase de acontecementos; unha xestión na que o único criterio fose o do tempo e non as fronteiras espaciais, autonómicas, provinciais, nacionais, internacionais. Esa xestión idílica e perfecta, pola que tamén avoga o BNG, aínda que se limita ao ámbito autonómico, pensamos que no futuro, como dicía Serrat nunha famosa canción, “*prefiero los caminos a las fronteras*”, os camiños que se seguen para atender as emerxencias deben ser os relacionados coas isócronas, como digo votamos a favor por ser un primeiro paso, non é que esteamos satisfeitos con que este puidera ser o estado final da cuestión, pero si un primeiro paso para que todas as persoas que se vexan nesa clase de situacións poidan ser atendidas mellor do que o están sendo na actualidade, en base a eses criterios de atención inmediata; pero ao mesmo tempo deixase aberta a porta a que no futuro a autonomía asuma un interese maior no tema, e mesmo que no futuro se poidan establecer mecanismos de cooperación como dicía ao principio. Nada máis.

Dona Elvira Lama Fernández, Grupo Socialista: grazas presidente, bos días a todas e todos. Aínda que esta moción pódenos parecer axeitada, é unha moción máis ben escasa, escueta e tamén pouco ambiciosa; e vou a tratar de explicalo un pouco. Trátase de elaborar un mapa bonito, que nos queda máis ou menos ben colgado na parede, en PowerPoint ou incluso na Rede. Pero faise necesario tamén un mapa e un plan de recursos. Como ben dicía o señor deputado, recoñece a falta de medios en algúns sitios e recoñece tamén a falta de formación por parte dalgúns profesionais que se dedican a estas tarefas. Falando de emerxencias, que é o que vostede vai tratar de deseñar nun mapa? Vaise solucionar co deseño dun mapa o tempo de resposta? Nós cremos que non. Cremos que non por varios motivos, porque faltan medios humanos e, onde hai medios humanos, moitas veces non están suficientemente formados, profesionalizados e homoxeneizados na súa profesión. Dígame, señor, deputado, é o mesmo un profesional que traballa nun GEES con 70 horas de formación, que un bombeiro que está nun parque, que ten 400 horas ou catro meses de formación? Supoño que non será o mesmo; por non falar dos membros que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

vostede citaba de Protección Civil; esas agrupacións de Protección Civil están formadas basicamente por voluntarios que cobren como poden certo tipo de eventos, por certo, non teñen ningún tipo de responsabilidade porque non existe ningún contrato coa Administración onde están radicados, e, aínda que ás veces teñan medios, incluso medios avanzados, non poden utilizalos porque non están preparados para elo, nin teñen o persoal suficiente, moitas veces para desenvolver esas labores. Falando do servizo de bombeiros, que vostede citaba, xestionamos o parque de San Cibrao e esta casa xestiona o parque de Celanova, igual que temos parques de bombeiros comarcais e que temos bombeiros na capitalidade, e falando por boca deles, son escasos os medios humanos para dar resposta de forma axeitada en función desas isócronas que vostedes pretenden implantar. Vostedes creen que un só bombeiro de garda nun parque, como o polígono de San Cibrao, pode dar resposta axeitada por moito que teña na súa base 3, 5, 7 ou 20 camiós? De que vale aínda que dispoñamos de persoal ás veces onde os equipos están obsoletos, como ocorre no parque comarcal de bombeiros de Verín? Polo tanto, temos que facer un reconto de recursos que temos materiais, dos recursos que temos humanos e moitas veces profesionalizalos, poñelos ao día, e sobre todo non repartir medios arbitrariamente como os mesmos bombeiros denuncian, que se está facendo cos GEES, dotándoos de medios de excarceración onde hai xente que non ten coñecementos para levar a cabo esas tarefas. Si vostedes optaran pola xestión pública dos parques de bombeiros, habería máis cartos e por ende tamén se podería incorporar máis material. Vou a darlle simplemente una cifra. Catro parques que temos na provincia de Ourense, comarcais, que manexan en torno a 21.000.000 €, para estes catro parques temos que descontarlle o IVE e temos que descontarlle o marxe empresarial posto que están xestionados por empresas privadas; todo isto redundaría en beneficio de recursos materiais e de recursos humanos, si esa xestión fose pública, tal e como defendemos dende o grupo socialista. Por outra banda está a cadea de mandos, primeiro, intermedio, superior..en función da gravidade da emerxencia, en función do lugar da emerxencia, en función de quen debe actuar, si tal o cal centro ou parque, en función tamén de intereses políticos que nada teñen que ver moitas veces coa capacidade de resposta para salvar vidas e bens, porque ao tratarse dun caso como o que nos ocupa, estamos a falar das emerxencia, estamos a falar de vidas, de bens, sobre todo bens que moitas veces poñen en grave risco as vidas. Non fará falta que lle recorde ao señor

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

deputado, nin a este plenario, o caso *Fandicosta* onde actuaron varios parques de bombeiros situados lonxe en vez de actuar parques de bombeiros que estaban a 5 ou escasos 7 minutos, como por exemplo o parque de bombeiros de Pontevedra, o cal foi avisado ás 9 da noite cando este incendio comezou ás 5 da tarde. Polo tanto, o tempo de resposta é importante, pero os medios e os recursos tamén. Nós pensamos que dende unha xestión pública se poden dotar mellor tanto os parques como os servizos de intervención rápida. Por tanto, ter un mapa está moi ben, ter medios humanos está moito mellor; porque os camións de bombeiros, ata onde eu sei, se manexan con medios humanos, e moitas veces, ten que ser un só bombeiro o que ten que saír conducindo o camión, ten que chegar ao sitio, acoutar o sitio e tomar decisións que non lle corresponden. Por todo iso, nós pensamos que o mapa está ben, pero non vai ser máis que un compartimento estanco dentro dun mapa de emerxencias de Galicia, porque o resto das provincias que eu saiba non teñen un mapa, e o mapa de emerxencias e o mapa de emerxencias de Galicia está desfasado, polo que din os profesionais do sector, como comprenderá eu non son técnica na materia. De momento nada máis e moitas grazas.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas, Sr. presidente. Empezo por onde vostede rematou, o mapa actual está desfasado, evidentemente, aí está, no inicio da miña intervención dixen que a realidade mudou coa posta en marcha do Carballiño - Ribeiro, por exemplo; entón de aí o noso deber de facer un novo mapa. Por que o propoñemos nós? Porque creo que a Deputación é a que mellor coñece a realidade da provincia. Vostede falábame de que a nosa moción era escueta, a moción si, pero da exposición que eu fixen agora, vostede repetiu case todo o que eu dixen. Eu aquí díxenlle que temos algunhas dotacións sen medios persoais adecuados a pesar do esforzo feito por todos, este mapa debe servir de ferramenta e para iso tamén se creará para saber onde investir os recursos necesarios, saber onde están as carencias, onde están os medios infrautilizados e, sobre todo sen reducir grupos, saber onde os hai que crear ou reforzar. Iso díxenllo antes, aínda que vostede me estea rebatendo; un mapa non é colgalo na web ou como dicía isócronas, un mapa é un mapa onde se vai incluír todo. As isócronas son o fin último dese mapa, pero para cumprir esas isócronas temos que saber onde están os fallos do que temos agora. Acábollo de dicir, fallos de persoal, insuficiencia de xente ao mellor nalgúns grupos, iso é o que temos que facer. Igual ao mellor igual que mapa, habería

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

que chamarlle diagnóstico, ben, pois chámelle vostede diagnóstico, así de simple. Os medios son os que son e o noso deber é reforzalos e utilízalos, facer isto para intentar melloralos. Falaban aquí da xestión e das outras deputacións, de que se produciría un aforro si a xestión fose de outro tipo; non vou entrar nese debate, simplemente dicirlle que fixeron un informe os secretarios das outras tres deputacións de Galicia, o de Lugo, Coruña e Pontevedra, e nese informe, bastante extenso por certo, en ningún momento se pronunciaban sobre o custo do servizo, quere dicir que o tótem disto, que é o custo do servizo, en ningún momento se pronunciaban e posiblemente por algo sería. Sr. Armando, agora estamos co mapas, os tratados bilaterais Ourense - Portugal será o seguinte paso máis adiante, que non é mala idea, sona así un pouco *socarrón*, pero non é mala idea. Os servizos de emerxencia portugueses deixan moito máis que desexar que os españois. Dicía o Sr. Rodríguez Suárez que este mapa non ten sentido, non ten sentido o que vostedes fan que é non facer nada. A realidade mudou e quen mellor coñece a provincia somos nós, por tanto, é o noso deber facelo. Non entrarei en si un está obsoleto un non está obsoleto, o noso deber coa realidade que temos é facelo, diagnóstico e mapa, e despois intentar entre todos nós paliar as necesidades, dunha maneira ou outra. Con este mapa a Deputación quere que as emerxencias teñan como xa dixen, unha visión única, concibindo a provincia como unidade sobre a cal administrar os recursos existentes. Queremos ser pioneiros en dar cobertura ao 100% a un territorio amplo e con dispersión en tempos razoables e decentes de resposta, con medios adecuados e cun servizo profesional. Temos a oportunidade, os medios e a vontade de facelo. Dende que se soubo desta proposta numerosos grupos de traballadores destes servizos se puxeron en contacto con nós para prestarnos a súa colaboración, polo que ánimoos a que se unan a esta proposta, porque o principal beneficiado será o cidadán da nosa provincia, viva onde viva. Nada máis por agora, moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas Sr. presidente. Para contestarlle ao último que dixo o portavoz do partido popular que di que nós non facemos nada, non, quen non fai nada é a Xunta. Eu xa o dixen na miña primeira intervención que nesta coma en moitas outras materia fai un absoluto abandono das súas funcións e aí é onde entra moitas veces esta casa ou outras administracións, a cubrir esas carencias, esas faltas de servizos e de medios e de planificación cunha visión de país que é

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

o que nós defendemos que debería liderar a Xunta de Galicia, e aí é onde entraba a nosa proposta, que o mapa este, a responsabilidade de facelo cunha visión de país e abrangendo a todos os territorios da nosa nación, lle correspondería á Xunta de Galicia, para evitar todas esas distorsións que podería haber como apuntaba o compañeiro de Democracia Ourensana, que é que os límites provinciais podan servir para que se atendan ou non se atendan en función dese mapa, ou de quen teña a responsabilidade se atendan ou se deixen de atender determinadas emerxencias; a nosa proposta, repito, xa a fixen na primeira intervención, vai nese sentido, que isto debería ser unha responsabilidade da Xunta, é unha responsabilidade da Xunta, e a Xunta é quen debería tomar a iniciativa e facer un verdadeiro mapa de emerxencias a nivel galego, que coordinara e definira cunha visión de país, insisto, o mapa de emerxencias e quen debería actuar en cada caso e en cada sitio. Nada máis, moitas grazas.

Don Armando Ojea Bouzo, Grupo Democracia Ourensana: Ola de novo, falaba na miña primeira intervención de que no caso das emerxencias un parámetro fundamental é o tempo, pero como moi ben explicou a portavoz do Partido Socialista, o tempo non é o único parámetro a ter en conta desde logo. Como xa expliquei na miña primeira intervención, nós imos a votar a favor, aínda que o plan adoece de todas esas deficiencias de ter en conta o persoal, os medios, a competencia á hora de usalo, parécenos un paso de mellora cara esa referencia final idealizada que teríamos de que á hora de tratar as emerxencias non tivera ningún sentido ningún tipo de fronteiras de tipo espacial, esa visión tan perfecta sería un sinal de referencia cara o cal habería que reconducir a conduta das administracións, a administración como un sistema cibernético, que se dirixe cara un sinal de referencia prefixada. Nese sentido pensamos que isto supón unha mellora, un primeiro paso por iso imos apoiar este primeiro paso, ben intencionado, entendemos, por parte da deputación, sen deixar de darlle a razón ao portavoz do BNG en que ao mellor a Xunta tamén se debería de pór as pilas á hora de abordar os temas da súa competencia; e tamén a imos apoiar para que o señor Plácido non teña argumentos á hora de dicir que rexeitamos sistematicamente todas as proposta que fai o Partido Popular, home algunhas tamén votamos a favor. Nada máis, moitas grazas.

Dona Elvira Lama Fernández, Grupo Socialista: grazas presidente. Efectivamente dicirlle ao Sr. deputado que, efectivamente, este mapa pode estar ben feito,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

pero non deixa de ser un compartimento estanco porque xa digo no resto das provincias non o hai e o mapa de Galicia, por o que din os profesionais, é deficiente por moitas cousas, como o di a mesa intersindical de bombeiros de Galicia, ve arbitrariedade no reparto de recursos, denuncian reparto de material de xeito discrecional, nada de obxectividade nin de reparto equitativo en función das necesidades, e din textualmente *“queremos manifestar que la elaboración de este plan”* no de Ourense *“siendo un objetivo deseable, parte de una situación con problemas de fondo en cuanto a personal, dotaciones, estructura, organización e isócronas de los servicios operativos en la provincia, que lo convierten en un proyecto inútil a día de hoy”*; con todo e isto, facer o mapa e cuantificar os recursos que hai e as fallas que hai e onde as hai, está moi ben, pero esperemos que vostedes se poñan en contacto coa Xunta de Galicia e que todo isto sirva para algo. Di tamén a mesa intersindical de Bombeiros que *“la red de medios de emergencia es totalmente deficitaria, con grupos de emergencia que van desde un solo operativo a un máximo tres bomberos de guardia”*, polo tanto, don Pablo, esta é a realidade palmaria dos feitos, esta é a opinión das xentes que acoden aos riscos e as catástrofes, esta é a fonte oficial que lles debe servir e lles pode mostrar porque determinados servizos, como nós defendemos, deben ser de xestión Pública, como lle repetimos moitas veces dende este grupo, porque señores, os servizos, porque este servizo de bombeiros é básico solo nas capitais de provincia, non teñen por que ser rendibles, sabemos que en moitos casos son deficitarios, pero son indispensables cando falamos de vidas humanas, polo tanto falamos das emerxencias, falamos de que todo é mellorable, falamos de que este pode ser un primeiro paso, facer un mapa, facer un plan, poñer en evidencia que carencias temos, poñer en evidencia os tempos de resposta, si pero moitas veces eses criterios que se plasman nun plan, nun PowerPoint, nun mapa, non serven de nada cando chamamos ao 112, por certo servizo tamén privatizado, e resulta que o tempo de resposta é o que é, e os bombeiros chegan aos sitios cando chegan. De todos os xeitos imos a votar a favor desta proposta. Nada máis, moitas grazas.

Don Pablo Pérez Pérez, Grupo Popular: moitas grazas, Sr. Presidente, nada, engadir, Sr. Rodríguez Suárez, que a Xunta de Galicia está disposta a colaborar e a cubrir as carencias que saen neste mapa, punto un. Punto dous, se queren propóñano nas Deputacións nas que están gobernando, co - gobernando ou gobernando debaixo da mesa; pero ata o de agora non o fixeron. Sra. Lama, os GEES teñen formación na materia tal e como dixo o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

meu compañeiro en comisión, o señor alcalde de Avión, e antes de empezar teñen formación e a Xunta e Deputación ofrecen formación para todos os grupos. Vostede dixo que no resto das provincias non tiñan este mapa, posiblemente si no resto das provincias gobernásenos nós a realidade sería moi diferente e mudaría bastante. Con esta iniciativa temos a posibilidade de poder concibir a provincia como territorio único na xestión de emerxencias. Podemos conseguir que calquera ourensán viva onde viva, teña un servizo profesional e con medios suficientes e adecuados, diante de calquera eventualidade. Se isto sae adiante, coa oportuna doses de xenerosidade por parte de todos, seremos un exemplo a seguir na comunidade galega. Coa creación deste mapa daremos un paso adiante nas emerxencias e seremos referentes á hora de facer un reparto adecuado dos medios existentes, buscando sempre o beneficio do cidadán. Ourense e esta Deputación será unha vez máis referente e exemplo a seguir polos demais. Manifestarlle a miña gratitude polo seu apoio e tamén a miña incompreensión pola negativa a apoiar esta iniciativa, pero con ou sen vostedes, será unha realidade, así lles vai. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación de Ourense elabore un mapa provincial de emerxencias para a provincia.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia a súa implicación no deseño e xestión deste mapa, en colaboración co resto de administracións.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A PROTECCIÓN DA SAÚDE DA CIDADANÍA FRONTE AO AMIANTO OU ASBESTO.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defenda o seu contido.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas, Sr. presidente. Vaime permitir antes de entrar no tema, como nos queda pendente ao Sr.Álvarez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Dobaño e a min unha cousa, pedirlle que cando fagamos comparacións, nos comparemos co bo, co mellor, porque sempre melloraremos, e non busquemos as comparacións por abaixo porque a o único que nos levarán será a empeorar. Centrándome xa na moción, vouna ler, xa sei que todos vostedes a teñen, pero como un dos puntos fala de darlle publicidade, de que a xente saiba, vou aproveitar que esta sesión está sendo retransmitida para a cidadanía, para facer precisamente iso, dar coñecemento da mesma. A exposición de motivos di exactamente así: *O amianto ou abesto é un mineral metamórfico fibroso que se usou nunha grande variedade de produtos manufacturados utilizados, principalmente, na construción entre outros moitos usos. O seu uso fíxose masivo, entre os anos 60, 70 e 80, e especialmente na forma de fibrocemento e pranchas coñecidas popularmente como uralita, mediante o crisólito, que se trata dunha variedade do amianto que se utiliza nestas pranchas de fibrocemento. Houbo un tempo que se considerou un progreso construtivo que abarataba custos. De feito é esta industria do fibrocemento quen representa o principal usuario de fibras de crisólito acadando o 85% do uso total, aínda que tamén se emprega como illante en fornos e calefaccións, en tubaxes, pezas de motor de vehículos, etcétera, debido a que as súas fibras son longas, resistentes e flexibles chegando a soportar grandes temperaturas. As autoridades médicas demostraron que os produtos relacionados co asbesto ou amianto provocan cancro, cunha elevada mortalidade, existindo datos dende os anos 80. Ademais que hoxe tense a absoluta certeza de tres tipos de cancro producidos pola exposición ó amianto: asbestose, o cancro de pulmón e o mesotelioma. A principios da década do 2000 comezou a prohibirse nos países desenvolvidos e o seu uso quedou totalmente prohibido na Unión Europea dende o 2005. Sabemos, mesmo, os perigos que supón para os traballadores e traballadoras expostos a estes materiais, aparecendo, no máis dos casos, nun período de 20 a 40 anos, dependendo do tipo de amianto e do seu estado de conservación. Un informe da Comisión Europea estimou que se produciran unhas 500.000 mortes nos tres primeiros do ano 2000, correspondendo entre 40.000 e 56.000 a España, unha cantidade 10 veces superior á dos accidentes laborais. Debido a esta preocupante situación, no ano 2006 a UE puxo en marcha unha campaña contra o amianto baixo o lema: “O amianto é mortal”. Sábese que España importou máis de dous millóns de toneladas durante o século pasado e ata o 2002; ano no que se prohibiu a súa comercialización e uso mediante unha modificación normativa o Real Decreto 1406/1989,*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

de 10 de novembro, prohíbese, xa que logo, a comercialización e utilización de tódalas variedades de amianto, debido á súa alta toxicidade a medio e, sobre todo, a longo prazo tal como demostra a Organización Mundial da Saúde nos seus informes. Non obstante, a prohibición non evita que aínda hoxe en día convivamos con este silencioso e mortífero tóxico, ó noso carón, maioritariamente na construción e na industria do illamento. A meirande parte da sociedade non é capaz de identificar o amianto, polo cal convivimos con el ignorando os riscos que xera para a nosa saúde. No tocante a Galicia existen, tamén, toneladas desta fibra de amianto ó redor nosa, nas nosas cidades, vilas e pobos, nas súas edificacións, sobre todo en tubaxes e teitos de uralita. A fotografía do rural galego e, xa que logo, ourensán, de calquera pobo, é de miles de edificacións cos seus teitos con pranchas de fibrocemento. Isto inclúe a todo tipo de edificacións, particulares (casas e galpóns) e tamén industriais (granxas e naves) e en moitas ocasións mesmo edificios públicos, moitos deles destinados a centros educativos e escolares cos seus tellados de fibrocemento, con máis de vinte anos de antigüidade. Estas pranchas, co paso do tempo e das inclemencias meteorolóxicas sofren unha degradación que provoca a liberación de partículas de amianto que se dispersan co aire, contaminando o entorno. Estas fibras de amianto tamén acaban moitas veces, na auga, sobre todo despois de traballos de demolición, mantemento, reparación e renovación de edificacións. O po de fibras de amianto, invisible a simple vista, pode ser inhalado por persoas e animais, producindo, segundo os estudos, 15 ou 30 anos máis tarde, cancro de pulmón, estómago, pleura e peritoneo. O mesotelioma pleural, débese, nun 85%, á exposición a esta fibra e, segundo os cálculos, morren por esta causa un millar de persoas ó ano no Estado Español. Dito o anterior, hai que ter en conta, tamén, que o tratamento e retirada destes materiais, ademais de ser delicado, é custoso para ser levado a cabo polos particulares, o que, unido ó descoñecemento xeral, fai que moita xente siga a convivir cos tóxicos nos seus fogares sen ter a posibilidade de atallar o problema ou desfacéndose dos materiais de xeito inadecuado e insostible. Dende o Grupo Provincial Socialista, coidamos que é hora que, dende as institucións públicas, fagamos un esforzo por facer efectiva a normativa e nos comprometamos á eliminación total duns tóxicos tan prexudiciais para a saúde pública e o medio ambiente, polo que se insta a adoptar os seguintes acordos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

1º. Poñer en marcha campañas de formación, información e publicidade para dar a coñecer o procedemento de detección do amianto e os riscos que comporta para a saúde, así como sobre o risco que supón a súa inadecuada manipulación e informar de cales son os pasos que se deben seguir para a retirada e o tratamento destes materiais e os seus residuos.

2º. Aprobar un convenio - marco ó que se adhiran os concellos da provincia co fin de realizar un inventario das construcións de titularidade das entidades locais que conteñan amianto.

3º. Crear unha liña de axudas para proceder á substitución e eliminación do amianto das edificacións recollidas no inventario anterior.

4º. Instar á Xunta de Galicia para que retire o amianto naquelas edificacións que sexan da súa titularidade na provincia de Ourense e convoque unha liña de axudas, destinada a retirar aqueles elementos que conteñan amianto nas edificacións privadas”.

Esta é a moción, estes son os seus motivos e estas son as propostas de acordo que se se somete a este plenario. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, Grupo do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Este non é unha tema novo para o BNG, e a preocupación por esta cuestión levounos a presentar diversas iniciativas nos últimos anos, por exemplo no Congreso dos Deputados, o 24 de febreiro de 2005, unha proposición non de Lei, relativa a medidas contra a asbestose. Tamén, en marzo de 2006 o Pleno do Congreso aprobou unha moción do BNG cunha serie de medidas destinadas ao recoñecemento laboral, económico e socio - sanitario dos afectados por asbestose, que o Goberno foi adoptando como a transposición da normativa europea de 2003 relativa á exposición ao amianto, ou a publicación dun Decreto en novembro de 2006 polo que se aprobou o cadro de doenzas profesionais, no que se incluía a asbestose. Non foi, insisto, a única iniciativa presentada en sede parlamentaria, pois o 16 de novembro de 2008, o daquela portavoz do BNG no Congreso dos Deputados, Francisco Jorquera, presentou unha iniciativa na Cámara Baixa pola que lle demandaba ao Goberno que adoitara medidas de compensación e de carácter sanitario para o persoal da Armada que estivo en contacto co amianto. E, xa fóra do marco estatal, o BNG tamén actuou preocupado por esta cuestión, por exemplo o grupo municipal do BNG en Compostela

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

propuxo no Pleno do concello unha iniciativa para elaborar un plan de substitución das tubaxes de fibrocemento da rede de abastecemento da auga potable e un compromiso de eliminación de produtos relacionados co amianto. Como xa se indicou na moción, o amianto ou asbesto é material moi prezado desde a antigüidade polas súas características, xa se dixo: resiste moi ben as altas temperaturas, é maleable é flexible, etcétera; para moitos será máis fácil de identificar o amianto si falamos de uralita e fibrocemento, as dúas marcas con que se comercializou no Estado español. Pero o emprego masivo do amianto truncouse a mediados dos anos 80, cando definitivamente demostrouse que as fibras deste material eran altamente canceríxenas, podendo orixinar diversos tipos de cancro, así como un tipo de fibrose pulmonar coñecida como asbestose. Desde entón, a súa prohibición foi gradual e no Estado español quedou vetado definitivamente o seu emprego en calquera forma ou produto en 2002. Pola súa banda, a Unión Europea fixouse como obxectivo erradicalo de todo tipo de edificacións en 2028. De feito, a conciencia do seu poder destrutivo sobreveu a raíz do elevado número de casos de cancro e fibroses entre empregados e manipuladores na elaboración e colocación de estruturas de amianto. Desde que comezase a súa produción industrial, o número de doentes irreversibles foi medrando de xeito notable, o que parece indicar que a súa incidencia é letal, pero maniféstase a longo prazo. De momento na miña primeira intervención, nada máis.

Don Armando Ojea Bouzo, Grupo Democracia Ourensana: ola de novo, os compañeiros portavoces do grupo socialista e tamén do BNG xa faláron de abondo sobre o problema que supón o amianto para a saúde colectiva, estamos ante un verdadeiro caso de saúde pública e os medios de comunicación, as revistas especializadas levan falado xa largo e tendido deste problema que se manifestou, como xa pasou moitas veces, recórdome do caso da silicose, o mal da vía, de cando se fixeron os túneles, que tardaron anos en saber de que morría aquela xente; e agora está pasando o mesmo co asbesto, co amianto. Tamén é un perigo, porque como di a moción, en Galicia son moitísimas as construcións que aínda teñen uralita nos seu tellados, granxas, colexios, aínda saía na prensa antonte creo, que hai moitísimas escolas que teñen este material nocivo. Sinceramente a moción do Partido Socialista particularmente paréceme unha das mellores que trouxo a este pleno, podíamos dicir que é unha moción *chapeau*; por outro lado, non sei o que dirá o grupo proponente á respecto da emenda que presenta o grupo popular, a min persoalmente paréceme que ten

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

unha dobre finalidade; por un lado non darlle nunca a razón ao PSOE nin naquilo en que é practicamente imposible non darlla, e por outro lado botar balóns fóra no que respecta á responsabilidade neste problema; en todo caso aterémonos ao que diga o PSOE á hora de aceptar ou rexeitar esa emenda. Sinxelamente felicitar ao Partido Socialista por esta moción moi ben tratada e anunciar o noso voto a favor.

Don Rosendo Luís Fernández Fernández, Grupo do Partido Popular: grazas Sr. presidente, bos días distinguidas señoras deputadas e deputados e todo o público que nos está contemplando. Eu quería empezar en primeiro lugar agradecendo de forma sentida e sincera ao Grupo Socialista porque efectivamente trouxo aquí unha iniciativa na que nós podemos influír dende aquí e que ademais colabora a mellorar a saúde pública, si, Sr. Ojea, e tamén a saúde laboral dos nosos veciños dos cidadáns; e en segundo lugar, Sr. Rodríguez Suárez, non só é cambiar por cambiar, e xa lle explicarei por que, as veces quérense moitas cousas pero hai que ter coidado; o sentido da medida sempre debe estar como proba de intelixencia e nisto estamos falando de saúde e polo tanto non é querer, é facelo ben; e en terceiro lugar Sr. Ojea Bouzo, non é que non lle queiramos dar a razón, puxemos unha emenda para enriquecela, pero si non aproban a emenda, non se preocupe, que imos a votar a favor, así que non cabe a menor dúbida. Nós actuamos de modo construtivo, non facer as cousas por facer, de modo que esa suspicacia que ten vostede de que non lle queremos dar a razón ao Grupo Socialista, non é verdade, porque aínda que non nos aproben a emenda, porque é construtiva, vamos a votar igual a favor. Dito isto, efectivamente o asbesto ou amianto é un mineral metamórfico, fibroso co que se reforzou no seu momento o fibrocemento que se utiliza e atopa en edificios, tubaxes e tellados. É un material non friable, isto quero que o entendan ben si é que se pode entender que creo que si, é un material non friable, non se disgrega si está en bo estado; pero perigoso cando se fractura, cando se descompón porque entón é cando se liberan as fibras de amianto, que pola súa moi baixa densidade quedan no espazo, quedan no aire e pódense aspirar polas vías respiratorias, bronquios, bronquíolos, alvéolos, é cando pode dar, si as condicións son suficientes para esa agresión, o mesotelioma e outras enfermidades pulmonares. Realmente o amianto xa é coñecido dende a idade de pedra, máis de 10.000 A.C, como xa sabe vostede, que sabe moito de historia. Eu xa estudaba, claro eu xa son vello, o material das tres “i”, os que iamos á pública, sr, Ojea, sabíámolo, as tres “i”: incombustible,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

incorrutable e incorrosible. Pero aínda así se utilizaba, se mal non recordo e como vostede ben sabe, porque o dixó aquí, en España está prohibido dende o ano 2002, por unha orde que non vén a conto dicir, por unha orde do ano 2002, de forma que xa non se podía fabricar nin utilizar; e tamén, algo fixemos ben en España porque a Unión Europea descartouno anos máis tarde, anticipámonos, non o digo eu, o di na exposición de motivos da iniciativa; polo tanto, algo fixemos ben en España e algo sensibles tamén somos. Polo tanto, algo hai que facer, porque aínda sendo prohibido en España, tanto para a súa utilización como comercialización dende o ano 2002, os expertos din que ata o ano 2040 pode producir graves problemas; polo tanto algo si que temos que facer. E así me informei, tivenme que informar diante do ISGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral), que nos temas de desambientado e detección corresponden á autoridade laboral, neste caso o ISGA que exerce as competencias, dentro deste marco está o Consello Galego que toma decisións e o Grupo de Amianto que o propón, por certo no Grupo de Amianto, están os sindicatos. Das propostas que nos marca o partido socialista, campañas de formación, o ISGA fai cursos e xornadas técnicas sobre o tema, non son suficientes, pero xa as fai o ISGA. Polo tanto si van á páxina web: www.sergas.es/Saude-publica/Amianto, pódeno contemplar. Por iso nós propoñemos esta emenda. ¿por qué? O punto 1 e o punto 2, a Deputación, e unha vez que falamos cos responsables de medio ambiente desta Institución provincial, nos din que información dende o punto de vista dos residuos - porque en saúde non temos competencias sobre o amianto - estamos en disposición de facelo, qué é o que piden vostedes; polo tanto, esta institución provincial pode dar información dende o punto de vista dos residuos, dígo e repíto, non dende o punto de vista da saúde porque non temos competencia. Ademais me din que poderemos implementar progresivamente o que nos piden do segundo punto; por iso nós, o grupo provincial do partido popular, poñemos esta emenda, que sería ao punto 3, que é instar á Xunta de Galicia a realizar as análises que correspondan para descartar a existencia de amianto naquelas edificacións da súa titularidade na provincia de Ourense e, no caso de que se detecte ese material como grave risco para a saúde, proceder á súa retirada paulatina. ¿Por qué? Porque o grupo socialista pon no punto 4 *“Instar á Xunta de Galicia para que retire o amianto naquelas edificacións que sexan da súa titularidade na provincia de Ourense e convoque unha liña de axudas, destinada a retirar aqueles elementos que conteñan amianto nas edificacións privadas”*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Sr.Fraga Civeira, non se pode, porque como xa lle dixen antes, mentres non se fragmenta o amianto, non é perigoso, o perigoso é cando se fragmenta; polo tanto si o quitamos cando está na vida útil, é cando se fragmenta, se rompe, e as partículas do amianto están no medio ambiente, polo tanto, non é ir a retirar todo o que vexamos. É por iso que facemos esta emenda ao puntos 3 e 4, onde pedimos ademais que convoquen liñas de axuda, etcétera. Propoñémolo para enriquecelo, despois dareille uns datos máis, pero que se vexa que facemos esta emenda, que quede claro, despois de gustarnos moito, quizais sexa a mellor moción, dígoo a nivel particular, que puido traer o Grupo Socialista a esta institución, pero para nada imos a deixar de votar, todo o que se faga dun problema de saúde pública e saúde laboral, ben vido sexa. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas Sr. presidente. Eu agradecerlles as súas intervencións, as de todos, no que toca á valoración da moción. O certo é que estamos ante un problema sobre todo no rural, non hai máis que achegarse ata moitos pobos e observar, fixarse nas cubertas de moitos palleiros, galiñeiros e veremos a cantidade de uralita que existe. A nosa preocupación é cando se substitúen estes tellados de uralita, non nos preocupa tanto, que tamén, as cubertas de colexios, pois hai unha administración autonómica que velará polo que teña que facer ou por retirar iso axeitadamente, o malo é nos pobos e nas zonas rurais, por iso falamos dunha campaña de información que chegue, porque moita xente do rural seguro que descoñece a existencia do ISGA, pero cando lle toca cambiar a uralita dalgún palleiro, dalgunha construción, non tanto nas vivendas en si, quizais menos, vanse a topar que ten uralita e virá o albanel ou carpinteiro de quenda e aparecerá iso tirado, xa nin sequera nun punto limpo que non o poden recoller porque ten que vir unha empresa especializada para poder retiralo, e atoparémolo tirado no monte ou en calquera sitio e manipulado daquela maneira. Iso é o que a nós nos preocupa. Para iso coidamos que son necesarias as campañas de formación e información á xente. Non queremos tampouco descoidar aquelas edificacións públicas, porque se queremos que se fagan as cousas, nós teremos que dar exemplo no traballo, nas edificacións que sexan da nosa titularidade. Eu agradézolle as súas emendas e entendo o que vostede di que se quere mellorar, pero claro, retiran vostedes as axudas económicas que se prevén nela, no punto 3, que ao mellor non é necesario, porque resulta que dese convenio marco que se faga cos concellos, resulta que non hai cubertas con amianto de titularidade local, pero ao mellor si, por iso nós

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

queremos que se abra esa liña de axudas, que ao mellor non se utiliza, pero ao mellor son necesarias. En canto á última emenda que presentan que se refire ao punto 4 da nosa moción no que se insta á Xunta de Galicia a que retire o amianto daquelas edificacións, evidentemente como ben di don Rosendo, claro, naquelas cubertas que teña que ser retirado porque estea en mal estado, evidentemente a moción non precisa tanto detalle, pero ese é o seu sentido. No da rehabilitación, por iso nós pediamos que houbera unha axudas específicas para a retirada do amianto igual que as hai para a retirada de cubertas de tella, de lousa, etcétera; porque as axudas de rehabilitación a parte de ser moi traballosas e custosas para a xente, hoxe en día o que fan é desincentivalo. Moitas son para vivendas e estas cubertas están en edificacións que non son de vivendas, falo das subvencións que da a Xunta para rehabilitación. Atopámonos cun problema, por iso nós queremos unhas axudas específicas para esas cubertas, para particulares, entendemos que quen as ten que dar é a Xunta de Galicia xa que as está dando para outro tipo de cubertas. Por que nos parece que é necesario? Porque moita xente cando teña que cambiar as súas cubertas das súas edificacións vaille vir o albanel ou carpinteiro, que seguramente tampouco ten os coñecementos necesarios, e si os ten cando lle diga ao particular que hai que chamar a una empresa especializada para retirar iso, vaille supoñer un sobre custo, entón irá pola vía que todos sabemos. Iso é o que precisamente queremos evitar. Eu agradézolle as súas emendas, pero a 1 e a 2 aceptámola, non hai dúbida algunha; e a 3 non a podemos aceptar porque parece que se queda un pouco curta con respecto ao que nós propoñemos. Nada máis, reitero as grazas polas súas valoracións, tanto do grupo maioritario, como dos outros dous grupos. Moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. presidente. No Estado non hai un censo de antigos traballadores do amianto, nin de edificios que o conteñen, como si ocorre noutros países. O grupo de CiU no Congreso dos Deputados propuxo en 2014 facer un censo estatal para dar cobertura aos afectados e ir substituíndo paulatinamente o amianto en edificios, pero a iniciativa de momento non prosperou. Ademais, a preocupación estendeuse desde os empregados ao total da sociedade, que podería estar afectada en maior ou menor medida. O amianto causa cada vez maior preocupación; máis que por si mesmo, polo estado de degradación en que se poidan atopar as estruturas presentes, que son as susceptibles de liberar máis fibras. Malia que en Europa está xa prohibido na súa totalidade e que varios gobernos están xa desmontando o amianto instalado, o Estado español ten que escoitar a voz

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

do conxunto da poboación exposta e ten que facer o que outros gobernos, aparte de prohibilo e substituílo. Non existe ninguén na comunidade científica que non considere ao amianto un problema de enorme envergadura para a saúde das persoas, iso si na Consellería de Educación da Xunta parecen obviar as múltiples recomendacións a respecto da perigosidade deste material, non hai máis que ollar o que acontece no CEIP Ramón da Sagra da Coruña, no que a comunidade educativa leva tempo mobilizada ante a obstinación da Consellería de Educación en retirar, en período lectivo, o amianto presente no edificio. Nais e pais insistiron en todo momento en que a eliminación do amianto implicaba riscos para os nenos, unha opinión apoiada por un informe da doutora Carmen Diego Roza, unha das principais expertas no Estado nos efectos do amianto sobre a saúde. E esixiron que as obras se realizasen en período non lectivo. Con todo, desde a Xunta afirmouse en varias ocasións que non existía perigo algún. É moi difícil evitar completamente o risco de exposición ao amianto, e o problema da contaminación medioambiental por amianto reviste especial gravidade en Galiza. Temos amianto en moitísimos sitios, hai tellados de uralita por todas partes e hai que ter moito coidado na forma en que se retira. Neste caso, a retirada do amianto débese facer de tal xeito que se minimize os efectos sobre a saúde das persoas. O problema, evidentemente, non se reduce aos centros de ensino e outros edificios públicos. Temos miles de metros cadrados de amianto en boa parte dos edificios construídos antes do ano 1990. Calculase que ao redor do 40% das construcións poden estar nesa situación. A uralita, que ten un 30% de amianto, ten unha vida media de 20 a 30 anos. Cando supera iso, hai que cambiala. O Foro Social Galego do Amianto acusa á administración de levarmos anos de atraso e traballa desde fai anos pedindo a adopción de medidas para a súa retirada. Certamente, a Administración descoñece as directivas europeas a aplicar, e emprega un argumento económico que é absurdo, porque o gasto que xera a súa retirada non é tanto, estamos a falar duns 150 euros por metro cadrado, e o suposto aforro que se pretende conseguir incumprindo a normativa, despois vai saír máis caro, comezando polas sancións que poidan chegar desde Europa e os propios gastos sanitarios de tratar as doenzas producidas polo amianto. E por todo isto, polo que nós votamos a favor, efectivamente, a favor da iniciativa do Partido Socialista; en canto a emenda presentada polo grupo do partido popular, estaremos como xa se dixo aquí, ao que diga o propio partido socialista. Felicítanos por unha iniciativa deste estilo, que sobre todo debería ter, no caso que nós ocupa a nós que é o da nosa provincia, efectos prácticos á hora de solucionar un problema

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

grave, un problema que afecta a saúde de todos os veciños e veciñas. Nada máis, moitas grazas.

Don Armando Ojea Bouzo, Grupo Democracia Ourensana: non hai moito máis que dicir sobre o tema, sinxelamente díxose aquí que a uralita só é perigosa cando se descompón e as partículas de amianto se van ao aire e penetran na traquea, bronquios, alvéolos pulmonares, aquí o Sr. Rosendo refrescou nos a anatomía do aparato respiratorio; o que pasa é que deberán ser os técnicos os que digan cando é o momento exacto en que unha placa de uralita empeza a estar descomposta aos efectos de liberar as partículas de amianto; non nos competería a nos especificar iso, debería deixarse en mans dos técnicos, en que orde se deberían quitar, loxicamente non se van quitar todos os teitos de uralita dunha vez, haberá unhas prioridades, loxicamente as que están máis deterioradas teñen unha maior urxencia de ser retiradas, e as que están menos deterioradas terán que retirarse despois, por unha asignación de prioridades; pero tampouco somos nós para dicir “pode esperar”, non sabemos cal é o momento tecnicamente; imaxino que haberá algunha curva, un eixo de abscisas e ordenadas que especifique cal é o momento en que se produce unha liberación, etcétera, pero esa é unha cuestión dos técnicos, por iso non sei porque o Partido Popular se mete nese *berenjena*, xa sería unha cuestión a decidir polos técnicos. Dicir que no que respecta á emenda, nós aterémonos ao que diga o PSOE e do resto, votaremos a favor de todo o que propón na súa moción. Grazas.

Don Rosendo Luís Fernández Fernández, Grupo do Partido Popular: moitas grazas Sr. presidente. Sr. Fraga Civeira, dos acordos que tomamos nós, e solo por precisar, xa lle poñemos “*campaña de formación, información e publicidade*”, e tamén na emenda dicimos claramente “*instar á Xunta de Galicia a continuar convocando liñas de axuda á rehabilitación que permita a eliminación de amianto en edificacións de titularidade privada*”, ou sexa, o pon o punto 3 da nosa emenda, quéroo deixar claro, que xa lle digo o que imos votar; iso era polo que vostede era susceptible de que non estaba recollido; estouno lendo, paréceme que teñen a mesma emenda. Sr. Rodríguez Suárez, estamos ás veces solemnizando o obvio, eu xa lle dixen que era un problema de saúde pública e de saúde laboral e volve vostede coa metralleta de que era perigoso, si, todos estamos concienciados e sensibilizados con que é un problema de saúde, pero o que non se pode é incumprir a normativa, porque a prohibición de comercialización, e téño aquí apuntado, do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

noso ordenamento, vén da Orde do 7 de decembro de 2001, pola cal a partir do 2002 queda prohibida a utilización e produción, si vostede ten a man o artigo 4.1 e 4.2 dese Real decreto pon: “*non existe obriga legal de retirada de amianto mentres os seus elementos construtivos que o compoñen se atopen no seu período de vida útil*”, non o estou inventando eu, non se me ocorreu isto. Sr. Ojea, a normativa, a exposición á fibra de amianto prodúcese a través das vías respiratorias, como eu lle dixen, da poboación, e a poboación está exposta ou será susceptible de estalo cando existan fibras de amianto en suspensión no aire, e cando existen?, pois cando se fragmenta a uralita que aínda está en período activo, tampouco eu son tan sabio, pero é a cuestión así. Outra cuestión máis, Sr. Civeira, e non por influír que non se trata de aprobala con emenda ou non, que se vai aprobar igual; en vivendas o Instituto Galego de Vivenda e Solo dispón de varias liñas de axudas para a rehabilitación, todas elas centradas fundamentalmente na eficiencia enerxética e na estanquidade dos edificios, polo que a substitución de cubertas queda incluída entre os traballadores susceptibles de beneficiarse, ou sexa, existe esa liña. En canto aos edificios de titularidade autonómica, a Xunta de Galicia está respectando, e sempre respectará como non pode ser doutra maneira, en materia de seguridade e saúde. No suposto de que houbera en edificacións de titularidade autonómica elementos construtivos que conteñen amianto e se atopen no final da súa vida útil ou proceda a súa eliminación, a Xunta de Galicia procederá a súa retirada a través do xestor autorizado, como xa está ocorrendo na actualidade; dígolle isto por si quere cambiar, pero dámos absolutamente igual, o que importa é o problema de saúde pública e saúde laboral e que todos tomemos conciencia. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas Sr. presidente, simplemente un pequeno matiz, non sei si é posible negociar a emenda, chegar a acordo, non chegar. Nós no punto 3 “*..así como continuar convocando liñas de axudas á rehabilitación que permitan a retirada do amianto*”, o que pasa é que as liñas que se están convocando hoxe en día non van dirixidas ao tema do amianto; pódelle tocar, si, pero eu digo que non están contempladas. Que pasa con aquelas construcións anexas á unha edificación que lle vai ser cambiado o tellado? Aí temos un problema. Si fai esta modificación “*así como convocar liñas de axudas á rehabilitación que permitan a retirada do amianto*”, novas, porque hoxe en día nas que están, pódelle tocar, pero imos deixar moitas edificacións fóra; falo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

palleiros, falo de edificacións anexas, falo de galiñeiros, falo do que habitualmente ten as cubertas de amianto no rural, garaxes. Quedaría igual menos, a partir de “*retirada paulatina*”, que é cando vén o punto “*así como convocar liñas de axudas á rehabilitación que permitan a..*”, porque continuar convocando, as que hai hoxe en día non serven, non van destinadas para iso; “*así como convocar liñas de axudas á rehabilitación que permitan a retirada do amianto*”, porque senón vamos deixar fóra moita edificación.

O **Sr. Presidente** suspende o pleno, co fin de poder chegar a un acordo conxunto entre o Grupos Popular e o Grupo Socialista, e pídelle ao portavoz do Grupo Socialista que se achegue á mesa para tratar este asunto.

Concluída a negociación entre os dous grupos, o Sr. Presidente ordena continuar a sesión e cédelle a palabra ao Sr. secretario para que expoña o contido da proposta conxunta acordada entre os dous grupos

O Sr. Secretario explica que a proposta de acordo quedaría nos seguintes termos:

1º.- Poñer en marcha campañas de formación, información e publicidade para dar a coñecer o procedemento de detección do amianto e os riscos que leva consigo para a saúde, así como sobre o risco que supón a súa inadecuada manipulación e informar de cales son os pasos que se deben seguir para a retirada e o tratamento destes materiais e os seus residuos.

2º.- Aprobar un convenio marco ao que se adhiran os concellos da provincia co fin de realizar un inventario das construcións de titularidade das entidades locais que conteñan amianto.

3º.- Instar á Xunta de Galicia para realizar as análises que correspondan para descartar a existencia do amianto naquelas edificacións da súa titularidade na provincia de Ourense, e no caso de que se detectase ese material como posible risco para a saúde, á súa retirada paulatina, así como a que convoque unha liña de axudas destinada especificamente a retirar aqueles elementos que conteñan amianto nas edificacións privadas.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación única o texto do acordo ao que se acaba de referir o Sr. secretario, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

1º.- Poñer en marcha campañas de formación, información e publicidade para dar a coñecer o procedemento de detección do amianto e os riscos que leva consigo para a saúde, así como sobre o risco que supón a súa inadecuada manipulación e informar de cales son os pasos que se deben seguir para a retirada e o tratamento destes materiais e os seus residuos.

2º.- Aprobar un convenio marco ao que se adhiran os concellos da provincia co fin de realizar un inventario das construcións de titularidade das entidades locais que conteñan amianto.

3º.- Instar á Xunta de Galicia para realizar as análises que correspondan para descartar a existencia do amianto naquelas edificacións da súa titularidade na provincia de Ourense, e no caso de que se detectase ese material como posible risco para a saúde, á súa retirada paulatina, así como a que convoque unha liña de axudas destinada especificamente a retirar aqueles elementos que conteñan amianto nas edificacións privadas.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á REFORMULACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A LIMPEZA, BALEIRADO E XESTIÓN DE LODOS DE FOSAS SÉPTICAS E DO CONVENIO MARCO DE ASISTENCIA TÉCNICA AOS MUNICIPIOS E DEMAIS ENTIDADES LOCAIS PARA O CONTROL E MANTEMENTO DE DEPURADORAS COMPACTAS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: bos días a todos. A moción tédela todos. Non creo que sexa necesario, todos pertencemos ao mundo rural e sabemos cal é a forma na que se fai o saneamento e a depuración das augas residuais nos distintos núcleos de poboación, son todo a base de fosas sépticas as cales, na maioría dos casos, están sen limpar paulatinamente o que significa que os vertidos van directamente a regatos, ríos, camiños ou fincas privadas. Excepto as depuradoras compactas que hai nalgúns núcleos de poboación, o resto son todo fosas sépticas, as depuradoras compactas de todos é sabido que cando se puxeron en marcha no programa do Plan DAREDO, dicía que as depuradoras eran moi económicas e practicamente non consumían electricidade. Démonos conta que, cando se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

instalaron, o consumo era enorme; se ben a súa depuración é eficiente, o seu consumo é enorme. Polo tanto hai un convenio coa Deputación, no cal hai concellos adheridos e outros non están e teñen que pagar unha cota anual que é o custo da electricidade, da enerxía eléctrica, máis o custo da limpeza. O custo de electricidade para unha poboación de 250 habitantes vén sendo de 15.000€ ao ano, co cal a maioría dos concellos que non teñen convenio coa Deputación, que non están adheridos, o que fan nalgúns casos, de todos é sabido, algúns concellos desconectan, sobre todo en época de inverno, esas depuradoras para evitar o consumo. Polo tanto, na moción o que se pide é que a Deputación se faga cargo dunha parte deste custo que lle supón aos concellos, non para darlle un beneficio aos concellos, senón para evitar unha degradación medioambiental. A proposta de acordo é a seguinte:

“1. Reformulación do convenio marco de asistencia técnica aos municipios e demais entidades locais para o control e mantemento de depuradoras compactas, efectuando unha rebaixa, na achega dos concellos, dun 20%.

2. Reformulación do convenio marco de cooperación coas entidades locais para a prestación de asistencia técnica para a limpeza, baleirado e xestión dos lodos de fosas sépticas ata acadar unha rebaixa no prezo, para os concellos, dun 30%

3. Establecer unha rebaixa do 50% naqueles casos de núcleos de menos de 100 habitantes”.

En principio esa é a exposición da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, Grupo do BNG: moitas grazas Sr. presidente. O convenio marco establece a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica para a limpeza, baleirado e xestión de lodos de fosas sépticas de titularidade pública local. Segundo a Directiva 91/271/CEE, defínese como tratamento axeitado o tratamento das augas residuais urbanas mediante calquera proceso e/ou sistema de eliminación en virtude do cal, despois do vertido das devanditas augas, as augas receptoras cumpran os obxectivos de calidade pertinentes e as disposicións pertinentes da presente e das restantes Directivas comunitarias. A normativa ambiental citada recomenda levar a cabo unha adecuada política de vixilancia e esixencia rigorosa de vertidos, para conservar o bo estado ecolóxico de todas as masas de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

auga, o cal implica xeneralizar o seguimento de parámetros nas instalacións de depuración, independentemente do número de habitantes e das circunstancias económicas do asentamento. Mais en numerosas ocasións, este elevado custo non pode ser asumido polas administracións locais, posto que estas non dispoñen de recursos humanos nin económicos suficientes para atender esta tarefa. Por iso é preciso que os sistemas de depuración instalados sexan fiables, e sexan probados en diversos escenarios, de maneira que sexan capaces de facer fronte ás variacións estacionais de caudal e carga contaminante, así como asumir a contaminación xerada polas actividades industriais e agrícolas desenvolvidas nos pequenos núcleos de poboación. Galiza como zona xeográfica de intervención, e Ourense en particular, está caracterizada por ser unha poboación eminentemente rural e dispersa en pequenos núcleos nos que os sistemas de depuración das augas residuais urbanas e domésticas son deficientes e en moitos casos inexistentes. A concentración das augas residuais domésticas xeradas por varios núcleos de poboación nunha EDAR, para a depuración conxunta dunha área de poboación, precisa en Galiza máis infraestruturas que no resto do Estado á hora de reunir o caudal de augas residuais procedente de varios miles de habitantes equivalentes, e principalmente pola necesidade de: unha extensa rede de sumidoiros e colectores e un elevado número de estacións de bombeo. Deste xeito, para a concentración dun caudal de varios miles de habitantes equivalentes no rural co fin de ser tratados nunha sola depuradora, é necesario agrupar unha zona de poboación extensa tanto en termos xeográficos como de número de aglomeracións, que implican un elevado investimento e significativos custos operativos adicionais ás instalacións de depuración. O que di o Partido Socialista na moción, no tocante a que moitos concellos que teñen depuradoras do plan DAREDO non as acenden porque non poden asumir o custe que implica, polo tanto non poden facer un tratamento axeitado, ten que ver modo e maneira na que se produciu a adxudicación destas depuradoras e do que deliberadamente se lle ocultou no seu momento aos concellos. A cuestión é que para darlle o negocio a adxudicataria tiñan que pór depuradoras si ou si, aínda que despois non as tiveran funcionando. Isto formaba parte do Plan. Aquí vou a pasar a facer un pouco de historia, porque hoxe vén ao caso pola recente sentenza que acabamos de coñecer do arquivo da causa aberta por este tema das depuradoras, e temos que recordar que o 16 de setembro de 2003, o Boletín Oficial da Provincia de Ourense publicaba o prego de contratación para o concurso público que habería de encher a provincia de depuradoras financiadas con fondos da UE, investigadas por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Bruxelas polas sospeitas suficientemente fundadas de que se cometeu fraude, corrupción ou outros actos ilegais, na súa adxudicación a través da Deputación. Un pouco antes desa data, a empresa que resultaría adxudicataria, Servizos Medioambientais e Augas (SMA), instalara xa una desas plantas no Concello de Arnoia, do que era alcalde Rogelio Martínez naquela altura, logo delegado da Xunta en Ourense. Martínez estaba indirectamente vinculado á compañía adxudicataria. A filial coruñesa, Facet Ibérica, estaba vicepresidida por Camilo Vázquez, irmán do empresario falecido Manuel Vázquez, coñecido como *Arnoia* (concello do que era oriundo) e un dos máximos representantes de Viaxes Compostela, empresa do irmán de Rogelio Martínez incluída na trama da asociación Ceivam pola que o entón home de confianza do presidente Feijoo en Ourense fóra imputado, acusado de desviar os fondos comunitarios que recibiu. O xerente de SMA, recoñeceu que unha das tres depuradoras que se instalaron en Arnoia realizouse antes de que se publicase o prego de condicións para o concurso, aínda que logo matizou que esa planta non pertencía ao plan DAREDO, financiado cos fondos da UE ao que pertencen o resto das depuradoras da provincia, que foi un proxecto piloto, experimental, que inicialmente pensaba destinarse á illa de Ons. Cando se instalou a depuradora experimental en Arnoia Rogelio Martínez era, ademais de alcalde dese Concello, vicepresidente da Deputación que redactou o prego de condicións do concurso asinado polo entón presidente, José Luís Baltar. As características que esixía a institución para conseguir a adxudicación adaptábanse como unha luva á oferta de SMA e a compañía viguesa acabou sementando as aldeas da provincia (poboacións de entre 250 e 500 habitantes) con 107 desas pequenas depuradoras ideadas para barcos e fabricadas en Arteixo. Só nese primeiro ano, a empresa facturoulle á Deputación 5,3 millóns de euros. SMA ofrecía un sistema de saneamento baseado na tecnoloxía de depuración de hidrocarburos utilizada na industria petroleira, a mesma que a dos grandes buques de cabotaxe que desenvolvía a firma estadounidense Clarcor, un dos tres principais accionistas de SMA a través da filial coruñesa Facet Ibérica. Pese ao investimento da institución provincial, pasados os anos, tal como se acredita na moción, numerosas desas plantas non funcionan. Algúns alcaldes dos concellos nos que se instalaron téñenas apagadas para evitar o elevado custo enerxético que supoñen. O xerente de SMA asegurou que as plantas son competitivas aínda que recoñeceu que analizado illadamente, sen considerar outros ítems, o consumo de luz pode ser elevado. Do funcionamento das depuradoras pouco sabemos. SMA xestionounas só durante tres anos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

como establecía o contrato. Pasado ese tempo, a empresa desvinculouse da xestión e a Deputación entregoullas aos Concellos, que en numerosos casos decidiron prescindir, como xa se dixo, da súa utilización ou usalas apenas a medio gas, para evitar que se dispare o gasto. De momento nada máis na miña primeira intervención.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas Sr. presidente. Anúnciolle que votaremos en contra, e xa sei que o Sr. Gómez García pode recordarme que no debate do estado da poviencia aprobamos, efectivamente unha proposta de resolución neste sentido, pero tamén lle dicía eu aquel día que aprobabamos esa proposta, pero logo do estudo correspondente e sempre que non desestabilizara o orzamento de AquaOurense e facendo, iso engádoos hoxe, especial fincapé na dispoñibilidade da facenda desta Deputación e si a normativa vixente así o permite. En todo caso, direilles o seguinte, intentarei ser breve dado que é un tema especialmente complexo e calquera cousa que necesiten non é mester que lles recorde que os informes técnicos do Servizo de Augas e Medio Ambiente están á súa disposición. A exposición de motivos da moción fai unha diagnose acertada sobre a situación da depuración no rural, que non é exclusiva desta provincia: unha mala praxe na xestión de moitas instalacións de depuración de augas residuais, é obvio, ao priorizar o impacto económico sobre o medioambiental. Niso creo que estamos todos de acordo. Hai que puntualizar, en todo caso, que esta mala praxe non é nin exclusiva, nin maioritaria, para determinados tipos de instalacións ou tecnoloxía de depuración; algúns sistemas teñen importantes consumos enerxéticos, outros altas produción de lodos a xestionar adecuadamente, outros combinan custos enerxéticos con custo de xestión de lodos; tamén os hai que teñen consumos de reactivos, ou precisan persoal técnico especializado; é dicir, variedade. Algúns teñen baixos custos de explotación, tamén é certo, pero grandes investimentos de implantación, pero sobre todo de reposición tras os seus períodos de vida útil, inferiores á media; en definitiva, sempre falamos do impacto económico. A propia existencia de tanta tecnoloxía de depuración, é proba evidente de que ningún tipo de instalación é mellor ou máis económica que outra no seu conxunto. Hai que ter en conta que o servizo de depuración de augas residuais é un servizo caro, non o debemos esquecer; é máis barato poñer un m³ de auga potable na billa do consumidor, que devolver ese m³ de auga con contaminación urbana en condicións axeitadas ao medio receptor. D feito, en calquera país desenvolvido, e este é un dato que deberíamos ter presente todos, de cada 100€ pagados en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

taxas polo servizo do círculo urbano da auga, de media, uns 30€ correspóndense co servizo de abastecemento, 10€ co servizo da rede de sumidoiros, e os 60€ restantes co servizo de depuración. Logo, a solución, como é evidente, pasa por corrixir esta mala praxe; efectivamente, por mellorar a suficiencia económica, aí está o *quid* da cuestión, destes servizos; pero tamén por priorizar o medio ambiente sobre aspectos económicos, cousa que non debemos esquecer. Como digo, para ser breve, direille que a colaboración económica que nos solicita o relator na súa moción é contraria ao principio de recuperación de custos, ao principio de que quen contamina paga, ao principio de autosuficiencia económica, e así se desprende dos informes técnicos cos que contamos, e tamén do que se di na Lei de augas de Galicia, na Lei de augas do Estado, na Directiva marco da auga e tamén na Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local. Non debemos facer, e dígoo con todo o respecto, Sr. Gómez García, demagogia; a mala praxe non só afecta ás fosas e ás depuradoras compactas, afecta á depuración en xeral. O custe ao que vostede se refire de 15.000€, que inclúen tamén a amortización dun investimento non o esqueza vostede, é para depuradoras de 500 habitantes, non de 250 como vostede di; para estas o custe está en 8.600€. Hai que dar os datos ben para non confundir aos nosos concidadáns. O custe de 53,55 € m³ do convenio da Deputación, é o custe máximo, non o esquezamos tamén, xa que vai diminuindo en función do número de fosas a limpar. Representa aproximadamente o 50% do custe do prezo do mercado realizado por xestor autorizado con garantías de tratamento e documentación necesaria de trazabilidade do lodo. Sexamos, pois, serios nas formulacións e teñamos presentes todas estas consideracións. Moitas grazas.

D. Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista: eu penso que non todos os servizos teñen que ser rendibles, e máis, eu creo que incluso nesta Deputación se financiaron velorios que non van ser rendibles, e como iso outra serie de cousas; pero o único que digo é unha reformulación do convenio; porque si hai un convenio e segundo di vostede que o custe é moito maior, vólveo dicir, co custe é de 45 € nunha empresa privada, é 45€ por m³ máis 100€ polos aparellos que van, máis 1,20 € por km de servizo. De iso pódolle traer a vostede unha factura dunha empresa privada, que limpou unha fosa séptica, a empresa recolleulla e fixollo a ese prezo, 45€ m³, 100 € por os dous funcionarios que van e 1,20 por km. Non todo debe ser así, ademais dicía vostede que se aprobou no debate do estado da provincia, eu creo que segundo din vostedes, o que aproban cúmpreno, polo tanto é unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

cousa que deberían empezar a cumprir. Fíxense si non é atractivo este convenio que firmou a Deputación e ao que se adheriron varios concellos, varios dos deputados que están aquí son alcaldes e non están adheridos a ese convenio; fíxese si non é atractivo que mesmo seu concello está adherido e non limpou ningunha fosa séptica no ano 2015 a través deste convenio. Entón, eu creo que ou se fai un convenio, que sexa atractivo para os concellos e que melloremos o convenio, ou senón retiren o convenio porque parece ser que non é atractivo. Teño a lista dos que limparon e podo dicirlle que no ano 2015 se limparon 109 fosas sépticas. Estaban adheridos 33 concellos dos cales solicitaron a limpeza 21, dos cales, dos que 4 concellos só limparon unha fosa séptica. En definitiva, 109 fosas sépticas limpas no ano 2015. Estamos aquí moitos alcaldes de concellos que seguramente non limpamos ningunha no ano 2015, e me inclúo entre eles, e si hai aquí algúns que non, que me digan o contrario. Moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, Grupo do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Ata o ano 2005, de acordo ao calendario recollido na Directiva 91/271, do 21 de maio de 1991, sobre o tratamento de augas residuais urbanas, o esforzo inversor do goberno autonómico dedicouse a depurar os vertidos procedentes de aglomeracións de entre 2.000 e 10.000 habitantes. A partir de entón, o goberno considerou necesario avanzar neste proceso, de modo que aqueles núcleos máis pequenos poidan tamén contar con sistemas de depuración eficaces que garantan o cumprimento dos obxectivos medio ambientais da Directiva marco da auga. É posible que unha forma de enfocar este problema se atope en considerar como unha oportunidade a diseminación dos asentamentos e reformular o tradicional saneamento autónomo para a súa posta en valor como alternativa aos sistemas de tratamento colectivos. Non se debe esquecer que a lexislación vixente deixa á costa do promotor o tratamento de augas residuais en núcleo rural. As solucións de saneamento autónomo son empregadas con éxito en países nos que se aplica unha lexislación de augas de marcada protección medioambiental, caso de Francia ou Irlanda. A modo de exemplo, en Estados Unidos un terzo das vivendas depuran as súas augas deste xeito. No caso de Galiza, para poder considerar esta solución de saneamento como unha opción viable é imprescindible avanzar no seu coñecemento, implicando a usuarios, administracións, técnicos e instaladores no estrito cumprimento da normativa existente. En canto á moción do Partido Socialista, dicir que nós en todo caso imos a votar a favor. Nada máis, moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, Sr. presidente. Sr. Gómez García, eu refírome ao que di a normativa, e de cumprir o prometido, como sabía que mo ía dicir, adianteime. Na proposta de resolución recórdolle que dixen que aprobabamos a proposta sempre é cando non desequilibramos o orzamento de Aquourense e a facenda provincial e a normativa vixente así nolo permitiran, e vólvollo a repetir, non é incumplir, é cumprir o que temos que cumprir e vostede como alcalde deberíao de saber. En canto aos custes, eu emprázoo publicamente a que nos traia esa oferta que vostede di, e que fan. Eu poderíalle poñer aquí exemplos escandalosos, e non llos vou a poñer, onde vale moito menos que isto; pero tamén lles digo onde botan os lodos, entón como dirían alí no meu pobo “*ojito con lo que decimos*”. Eu díxenlle na miña intervención primeira, que representaba o 50% do custe de mercado realizado por xestor autorizado con garantía de tratamento e trazabilidade dos lodos, e o volvo repetir e, espero que vostede traia, e será ben recibida, esa oferta e para iso estamos; non se esqueza do que lle acabo de ler, porque se quere eu en privado cóntolle exemplos, e aquí hai moita xente que llos pode contar tamén, e vostede seguramente tamén sabe o que se facía ou o que se fai nalgúns casos coa limpeza das fosas. Respecto a que no meu concello no ano 2015 non se limpou nada, ten vostede moi mala información, non sei se vostede limpará tanto como no meu concello; pero dubídoo moito, e senón, veña por alí que llo ensino, teño moitas, non sei cantas ten vostede. Nada máis que dicir, a Deputación de Ourense xa vén colaborando nestes convenios, xa dixen que non quería entrar en tecnicismos nin en datos porque nos aburriríamos todos; pero hai un informe do Servizo de Augas e Medio Ambiente ao que vostedes poden ter acceso e verán como a Deputación xa vén colaborando nestes convenios, dun xeito ou doutro. Un dato que vostede dixo do ano 2015, eu direillo do ano 2016, na actualidade a Deputación presta servizo en 51 concellos da provincia, 51; sendo resultado do ano 2016: 331 fosas sépticas baleiradas e 3.424 m³ de lodos tratados. Ese é o dato do ano 2016, vostede deu o de 2015. Moitas grazas.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: si no seu concello se limparon moitas fosas, estame dando a razón de que este convenio que hai non é nada atractivo; porque mire, aquí, no ano 2015, Muíños non aparece para nada, e mire, estalle firmado por María de los Ángeles Cantón Álvarez, asesora xurídica da Área de Medio Ambiente da Deputación de Ourense; polo tanto, ou minte ela, ou minte vostede; non lle é atractivo porque non limpou no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

ano 2015, e, como vostede, pódolle dicir máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

11º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE VILAR DE SANTOS PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DO PUNTO LIMPO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a subscrición dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Vilar de Santos para a prestación, por parte da Deputación provincial, do servizo do punto limpo do Concello de Vilar de Santos, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada, do servizo do punto limpo do Concello de Vilar de Santos, establecendo o réxime xurídico e económico desta fórmula de cooperación.

O servizo terá como ámbito territorial o do Concello de Vilar de Santos.

Segunda.- Delegación de competencias relativas ao servizo punto limpo. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.

1. En virtude do presente convenio, o concello de Vilar de Santos delega na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo do punto limpo da súa titularidade.

2. A delegación de competencias establecida neste convenio comprenderá o exercicio das seguintes funcións:
 - a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación, de ser o caso, da correspondente ordenanza reguladora.
 - b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola súa prestación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais. Esta delegación entenderase limitada exclusivamente ao establecemento de taxas pola prestación do servizo a persoas non incluídas no padrón municipal do concello de Vilar de Santos ou a persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica susceptibles de ser consideradas suxeitos pasivos que non figuren no padrón de contribuíntes da taxa de recollida de lixo do concello de Vilar de Santos.
 - c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
 - d) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, a xornada e horario de apertura do punto limpo e as condicións da súa prestación que non requiran a aprobación dunha ordenanza, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora. En todo caso, e con carácter inicial, o servizo prestarase o mércores en horario de tarde (catro horas) por medio dun operario da Deputación Provincial de Ourense.
 - e) A Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos no punto limpo nos termos previstos na vixente lexislación de residuos sólidos urbanos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo coa empresa pública SOGAMA, SA, así como os convenios que procedan coas entidades ou empresas recicladoras coas que sexa procedente para a entrega de determinados residuos. Igualmente, poderá solicitar e percibir as subvencións destinadas a este tipo de instalacións que conceda a Xunta de Galicia ou calquera outra entidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

pública ou privada.

- f) A realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garantir a prestación normal, regular e continuada do servizo.
 - g) A contratación da xestión indirecta do servizo, se é o caso.
 - h) A contratación de prestacións accesorias ao servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnica ou servizos necesarios para a súa xestión.
 - i) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas.
3. As competencias delegadas exerceranse no territorio do Concello de Vilar de Santos.
4. A delegación de competencias terá vixencia con efectos desde o 1 de febreiro de 2017. A súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga, de conformidade co establecido na cláusula 10ª.

Terceira.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ao servizo do punto limpo non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser do concello, en tanto que titular da instalación do punto, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha participación cualificada do concello delegante na toma das decisións fundamentais relativas ao servizo, así como un axeitado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial.
2. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá autorización previa do Concello nos seguintes casos:
- a) Aprobación da ordenanza reguladora do servizo, ou das súas modificacións.
 - b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola prestación do servizo.
 - c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

d) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo, cando a súa contía exceda do 30 % do custo económico anual do servizo reflectido na última liquidación aprobada, ou cando sen acadar esta porcentaxe o seu financiamento deba realizarse mediante un incremento das tarifas do servizo.

O outorgamento desta autorización corresponderalles aos órganos municipais competentes por razón da materia. No suposto en que a proposta da Deputación Provincial en calquera das materias enunciadas non obtivese autorización do Concello, a comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio procederá a estudar a posibilidade dunha proposta alternativa. A comisión de seguimento vixilancia e control deberá emiti-la súa proposta alternativa, ou ben a ratificación da proposta inicial, no prazo máximo dun mes dende a recepción da denegación da autorización no Rexistro Xeral de documentos da Deputación Provincial, o que lle será comunicado ó concello para que no prazo dun mes adopte o acordo que estime procedente sobre a proposta da comisión. No caso de que se rexeitase esta nova proposta, ou ben non se contestase ao requirimento formulado, entenderase que o concello renuncia á prestación delegada do servizo, procedéndose á extinción automática do convenio, que será acordada pola Presidencia da Deputación, xunto coa liquidación correspondente, e farase efectiva no prazo de tres meses contados dende o vencemento do prazo para a adopción do acordo do concello.

3. O exercicio das competencias delegadas requirirá informe previo favorable da comisión de seguimento, vixilancia e control nos supostos seguintes:
- a) Acordos de modificación das condicións xerais de prestación do servizo que non impliquen modificación da Ordenanza reguladora do servizo nin da ordenanza fiscal, tales como os acordos sobre planificación xeral do servizo, o establecemento e modificación da xornada e horarios do punto limpo ou a modificación das prestacións que comprende.
 - b) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo por importe igual ou inferior ao 30 % do custo económico anual do servizo.
 - c) Os acordos para o establecemento das condicións para a adxudicación de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou a subscrición de convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.

- d) A formalización de convenios con outras administracións públicas.
 - e) A contratación ou adscrición de persoal dedicado con carácter exclusivo ao servizo do punto limpo.
4. Requirirá informe previo da comisión de seguimento, vixilancia e control a aprobación da liquidación periódica do servizo regulada na cláusula sexta do presente convenio, e o cambio de adscrición, substitución ou baixa dos medios materiais adscritos ao servizo que teñan o carácter de bens inventariables.
 5. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á comisión de seguimento, vixilancia e control, cunha periodicidade mínima anual.
 6. A Comisión de Seguimento, vixilancia e control, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.
 7. O concello poderá obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á comisión de seguimento vixilancia e control sobre a marcha do servizo.

Cuarta.- Traspaso de medios materiais adscritos ao servizo.

Con efectos da entrada en vigor do presente convenio quedarán adscritos ó servizo, transferíndose o dereito de uso á Deputación Provincial de Ourense, tódolos medio materiais municipais que ata ese momento estivesen destinados de xeito exclusivo ó servizo de punto limpo.

A Deputación Provincial poderá proceder ao cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

deterioración os volva inservibles para o servizo, tralo informe previo da comisión de seguimento, no caso de bens de carácter inventariable, e sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado.

Quinta.- Sucesión de empresa en caso de extinción da delegación.-

No suposto en que, no momento de extinción, por calquera causa, da delegación, a Deputación tivese destinado persoal con carácter exclusivo ao servizo do punto limpo, este persoal será transferido ó concellos que a suceda, en virtude de sucesión de empresa, conforme co disposto no Estatuto dos traballadores.

Sexta.- Réxime económico do servizo delegado.

1. 1.Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custos do servizo todos os custos directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garantir o mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo. Entre os custos de amortización do inmovilizado incluírase, en todo caso, a amortización dos vehículos propiedade da Deputación Provincial que poidan adscribirse ao servizo, así como os seus gastos de mantemento.
2. O servizo delegado financiarase con cargo aos seguintes ingresos:
 - a) O importe das taxas que poida establecer a Deputación. Ao abeiro do disposto na cláusula 2ª.2.b) deste convenio.
 - b) As achegas do concello de Vilar de Santos, que en todo caso deberán cubrir o importe non financiado polas taxas a que se refire o apartado a). Non obstante o anterior, non se lle imputarán, en ningún caso, ó concello os custos do servizo consistentes en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo (agás a parte proporcional do operario dedicado a tempo parcial e compartido coa rede provincial de puntos limpos), nin os custos de funcionamento das unidades administrativas de carácter xeral da Deputación, sen prexuízo de que a parte proporcional destes custos que lle corresponde ao servizo poida ser tomada en consideración para a fixación das taxas do servizo.
3. A Deputación Provincial aprobará a liquidación correspondente, coa periodicidade que se acorde na comisión de seguimento, que haberá de ser, como mínimo, anual. Unha vez aprobada e notificada ó Concello, esta liquidación será executiva,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

debendo procederse ao seu pago no prazo máximo de noventa días naturais. Transcorrido o dito prazo sen efectuarse o pago, a Deputación procederá ao seu cobro exercendo cantas accións administrativas ou xudiciais lle correspondan, incluíndo a facultade de compensalos con calquera dereito de crédito que o Concello teña contra a Deputación Provincial, tras a tramitación previa do oportuno expediente de compensación de débedas.

Sétima.- Comisión de Seguimento, vixilancia e control.

1. Establécese unha Comisión de Seguimento, vixilancia e control do convenio, integrada polos seguintes membros:
 - a) En representación da Deputación Provincial:
 - O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
 - O secretario xeral, a interventora e o director da Área Medio Ambiente ou funcionarios que legalmente os substitúan, así como aqueloutros cuxa presenza en todos os casos con voz pero sen voto.
 - b) En representación do Concello: O presidente, ou membro do concello no que delegue, que poderá comparecer asistido de funcionarios ou técnicos, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderanlle á asesoría xurídica de Medio Ambiente.

2. A comisión de seguimento funcionará en réxime de voto paritario correspondéndolle un voto ó Concello e outro á Deputación.
3. Son funcións da comisión de seguimento, vixilancia e control as seguintes:
 - a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
 - b) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
 - c) Coñecer as propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ao resto de entidades asinantes.
 - d) Informar os supostos de resolución do convenio.
 - e) Emitir os informes previstos na cláusula terceira do convenio.
4. A Comisión de Seguimento, vixilancia e control adoptará os seus acordos por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

5. No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento, vixilancia e control rexerá polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas na Lei de réxime xurídico do sector público.

Oitava.- Réxime xurídico

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso - administrativa.

Novena.- Causas de resolución do convenio.-

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:
 - a) Por mutuo acordo entre as partes.
 - b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ao remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte entenderase referida sempre ao 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
 - c) Nos supostos de denegación da autorización municipal prevista na cláusula terceira, en cuxo caso se seguirá o procedemento regulado na dita cláusula.
 - d) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais.

Para a aplicación desta cláusula seguirase o procedemento establecido no artigo 51.2.c) da Lei de réxime xurídico do sector público.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, trala audiencia das demais partes, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Décima.- Duración do convenio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

O presente convenio terá vixencia con efectos desde o 1 de febreiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante o anterior ao seu remate o convenio poderá ser obxecto de prórroga ata un período de 4 anos por acordo entre as partes.

2º.- O presente convenio será obxecto de publicación no BOP, para xeral coñecemento.

12º.- APROBACIÓN INICIAL DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COS CONCELLOS, PARA O COFINANCIAMENTO DA REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS CULTURAI E A PROGRAMACIÓN COORDINADA DE ACTIVIDADES A NIVEL PROVINCIAL 2017.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Segundo o convenio, a Rede estará integrada pola Deputación de Ourense e todos os concellos de menos de 20.000 habitantes que contén con espazos escénicos que reúnan os requisitos establecidos na cláusula segunda, é dicir, dispoñer en propiedade dun espazo axeitado para o desenvolvemento da actividade escénica; aqueles concellos que non dispoñan de local en propiedade deben acreditar unha relación de alugueiro ou autorización de uso coa entidade propietaria deste, asumindo, neste caso, a entidade arrendataria as condicións estipuladas no presente programa para os membros da Rede; asumir por temporada a programación de, polo menos, un espectáculo bimestral nos ditos espazos; dispoñer dun técnico responsable da xestión da actividade no concello ante a Rede á que se adhira conforme no disposto no presente programa. Á verdade é que os criterios que vostedes usan para para o reparto dos fondos, ademais de discrecionais, parécenos un auténtico disparate. Chámanos á atención que o Concello de Ourense entre no reparto do plan de cooperación, cando o obxectivo deste debería ir dirixido, claramente, aos concellos de menos de 20.000 habitantes, e que sen embargo este mesmo Concello que conta con diferentes espazos culturais e ten unha programación definida ao longo do ano, non se contempla efectos de co - financiamento e sobre todo de coordinación; así ao final pasa o que pasa, que as programacións culturais de Concello e Deputación solápanse. Coñecida é a proposta do BNG ao respecto de que o Concello e Deputación se senten a dialogar sobre a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

fórmula de co - xestión dos espazos culturais da cidade. Polo demais, pensamos que as bases están pensadas soamente para os concellos grandes e as vilas, pois son os que na práctica contan con locais, ben en propiedade, ben en réxime de aluguer, e que teñan unha situación financeira boiante, o que penaliza claramente aos concellos máis pequenos, onde o acceso á cultura tamén é importante, e aqueles que teñen dificultades de tesouraría. Resulta un contrasentido que por unha banda a cláusula segunda diga que os concellos adheridos deberán asumir, como mínimo, un espectáculo bimestral e, por outra, que sexa a Deputación de Ourense a que negocie coas compañías as condicións técnicas e económicas dos espectáculos para que os concellos teñan que asumir, si ou si, a programación que lles oferta; porque no caso de non facelo incumprirían a cláusula segunda, co cal deixarían de formar parte da Rede; porque dende o noso punto de vista esta redacción non admite outra interpretación posible. É por todo isto que nós imos votar, a esta aprobación inicial do plan de cooperación, en contra. De momento nada máis.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente, bos días a todos e todas. O noso voto en canto a estas bases, vai a ser a favor porque si cremos necesarias este tipo de accións, porque con isto o que facemos é ofrecer unha programación cultural continuada para todas e todos os veciños da provincia, para todos os concellos que se adhiran á Rede. O que tiñamos en moitos casos era locais pechados, hai que botar unha ollada nos últimos anos, nas últimas actuacións que se fixeron, que hai concellos que, si non chegan a ter este tipo de axudas, terían o local pechado. Pero permítame tamén facer en primeiro lugar unha reflexión e logo unha petición. Unha reflexión porque o ano pasado cando puxemos en marcha esta rede, que entre que se aprobaron as bases e se adheriron, alá no mes de outubro a primeira reunión, había 100.000 € para estas bases da Rede Provincial de Espazos, hoxe atopámonos que imos ter 70.000 € para este mesmo tipo de bases, e non sabemos por que está motivada esta baixada; quero que, por favor, no lo explique, por que vamos ter 70.000€ en once meses e 100.000 € o ano pasado en tres meses. Logo, unha petición. Si que é verdade que nestas bases este ano se recolle, no punto sétimo sobre financiamento e programas de contratación, un punto específico no que se nos vai a dicir por parte de Deputación, se nos vai especificar as datas de programación, o número de actuacións dispoñibles e tamén se di “ *a Comisión establecerá outros criterios alternativos*”, nós o que pedimos é un regulamento da Rede

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

porque actualmente non existe un Regulamento da Rede, para saber cal vai a ser esa programación; para saber que é o que nos corresponde a cada un dos concellos, porque nalgúns casos non sabemos o que nos corresponde a cada un dos concellos; como vai a ser esa programación. Por agora nada máis.

D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: a verdade é que teño que dicir que estou satisfeito co que fixemos o ano pasado, evidentemente empezouse tarde porque a redacción de todo para que funcionase, incluso se emendou algunha cousa para que fose axeitado, precisamente, para os concellos dos que di o señor do BNG, non sei si temos a onda distinta, eu creo que si se pensou foi precisamente neses concellos pequenos, e dende logo, as esixencias técnicas para levar acabo as actuacións non son da categoría desas das que el falaba, e precisamente nunca se pensou en concellos que teñan certo número de habitantes; pero dende logo, en ningún caso, teña a seguridade que a este deputado se lle pasou pola cabeza que subscribira convenio o Concello de Ourense; de verdade, creo sinceramente como xa dixen, estamos en distinta onda. En canto ao que di a señora deputada do Partido Socialista, de momento temos ese diñeiro, temos actuacións que tamén as levaremos con custe cero para os concellos, algunhas delas xa no seu concello se levaron a cabo. Precisamente a Deputación subvenciona dalgún xeito por outras vías actuacións que redundan, precisamente, no rural. En canto ao tema do que lle vai a corresponder a cada concello, dependerá do número de solicitudes e do número de concellos que se adhiran, non se lle impón aos concellos que teñan que adherirse, só estarán aqueles que queiran estar e os que non queiran, pola razón que sexa respectando a autonomía municipal, imos seguir respectándoa. Nada máis de momento.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Se houbera unha vontade política real de promover espectáculos culturais de interese no medio rural, cumpriría con anterioridade a un convenio precociñado, un plan de acción cultural que diferenciase, cando menos dende o noso punto de vista, dous grupos de concellos: os que andan entre cinco e quince mil habitantes e todos os demais que non chegan aos cinco mil, boa parte nin aos tres mil; a dispoñibilidade orzamentaria destes últimos é practicamente nula e si se queren axudas para promover pequenas actividades culturais, con custes asumibles nese abano de concellos, o enfoque tería que ser outro. A casuística no relativo á infraestruturas é moi complexa porque hai concellos con pouca

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

poboación que dispoñen de espazos enormes, por exemplo Manzaneda ou Vilariño de Conso, e outros que carecen dela ou téñena na UVI. Eses concellos con esas infraestruturas enormes non saben o que facer con elas nin teñen os recursos para mantelas ou para montar un espectáculo. O convenio é formalmente moi bonito, pero non pensa nin parte dunha análise e reflexión sería sobre as condicións actuais dos nosos concellos ao respecto da cuestión, cousa que nós entendemos que sería oportuna, ou por dicilo doutra forma, practicamente imprescindible. Nada máis, moitas grazas.

Dona. Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: eu voulle a dicir unha cousa que, a verdade, non ía entrar, pero xa que estamos, vostede acaba de dicir que no meu concello se fixo unha actuación gratis da Rede, como no meu, nos catorce que estamos adheridos, de todos os catorce. Hai que corrixir as cousas, non só no meu concello, nos catorce que estamos adheridos na Rede. Fixéronse gratis por unha mala organización; hai concellos que fixemos as nosas actuacións antes de novembro, non sei si sabe, hai concellos que chegaron a novembro sen programar ningunha actuación. Os concellos que estabamos na Rede tivemos unha actuación gratis porque se fixo unha mala organización. Ao final estiveron aprazando o tema, algúns si que fixemos unha programación en novembro, si non recordo mal, porque o meu concello foi uns dos que fixo a programación en novembro dentro da Rede, e a finais de novembro se nos comunicou “*hai unha actuación gratis*”. Tampouco diga que só no meu concello, en todos os catorce concellos da Rede. Algún deles nin sequera, chegado decembro, tiñan unha programación co cal se acolleron a esta actividade gratuíta, co sobre custo que leva, porque se acolleron á actuación máis cara do que nos acollemos outros. Eu só quería explicar un pouco ese punto. Moitas grazas.

D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular: eu puxen ese exemplo, nada máis. Eu recoñecín que cando chegamos foi a final de ano practicamente, e escoitouse aos concellos, non foi nada que se lle impuxese nin nada precociñado, nin moito menos; eu non sei porque hai aquí este pensamento. Intentamos facer as cousas, era unha cousa que comezaba, evidentemente cando as cousas comezan hai que poñelas en marcha e teñen os seu déficits. Perdoe si interpretou que eu dixera que fora só no seu concello, no, eu cando digo o dos concellos citei ao seu, sen citar aos outros, porque agora non teño a relación dos que foron; pero dende logo fíxose ao final do ano, e foi así, iremos mellorando, isto non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

está máis que comezando. Eu agradezo a colaboración de todos e que isto mellore e que achegemos aos concellos con independencia que teñan 1.500 ou 600; dende logo, e vólvollo a repetir outra vez, en ningún caso estamos pensando para o concello da cidade, os veciños que viven na cidade teñen moitísimas máis posibilidades. Si os concellos queren, respectando a autonomía municipal, con independencia de que teñan un maior número, sempre que dispoñan dun lugar axeitado, alí será e senón buscaranse outras fórmulas tamén no futuro para aqueles que nono teñan poder habilitalo, ou en todo caso, xe se está dicindo, que non ten que ser nin en propiedade, pode ser prestado ou alugado. Moitas grazas, en todo caso por calquera das opinións que eu escoito con moita atención.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Programa de cooperación da Deputación de Ourense cos concellos, para o co - financiamento da rede provincial de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial para o exercicio 2017, conforme coas seguintes bases:

PRIMEIRA.- Obxecto .

1. Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos no eido da cultura para o exercicio 2017, co obxecto de cofinanciar e cooperar conxuntamente cos concellos no fomento e a difusión das artes escénicas e da música na provincia, a través da Rede de espazos culturais (auditorios, casas de cultura e centros multiusos) da provincia de Ourense, establecendo así mesmo o seu marco regulador para este exercicio.

2. A rede estará integrada pola Deputación de Ourense e todos os concellos de menos de 20.000 habitantes que contén con espazos escénicos que reúnan os requisitos establecidos na cláusula segunda e que se adhiran conforme co disposto no presente programa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

3. A dirección e representación da rede correspóndelle á Deputación Provincial a través do deputado delegado en materia de cultura, correspondéndolle á asesoría de Política Cultural da Deputación as funcións de impulso e seguimento.

4. O cofinanciamento pola Deputación de Ourense realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 33420/22611, cunha dotación inicial de 70.000,00 € no orzamento corrente.

SEGUNDA.- Requisitos para a integración na Rede.

Os concellos que soliciten a súa integración na Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer en propiedade dun espazo axeitado para o desenvolvemento da actividade escénica. Aqueles concellos que non dispoñan de local en propiedade deben acreditar unha relación de alugueiro ou autorización de uso coa entidade propietaria deste, asumindo, neste caso, a entidade arrendataria as condicións estipuladas no presente programa para os membros da Rede.

b) Asumir por temporada a programación de, polo menos, un espectáculo bimestral nos ditos espazos.

c) Dispoñer dun técnico responsable da xestión da actividade no concello ante a Rede.

d) Ter menos de 20.000 habitantes segundo a derradeira cifra oficial publicada polo INE.

TERCEIRA.- Procedemento de adhesión.

1. As solicitudes para a integración na Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense presentaranse mediante escrito dirixido ao presidente da Deputación de Ourense, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como no Rexistro da Deputación Provincial de Ourense ao abeiro da Disposición final 7ª da dita Lei. Xunto coa solicitude deberá achegarse:

a) Certificado do acordo adoptado polo órgano competente do concello de integración na Rede segundo modelo que figura no presente convenio como anexo I.

b) Ficha técnica segundo modelo que figura como anexo II desta convocatoria.

2. Correspóndelle ao presidente ou deputado en quen delegue, mediante resolución, aprobar as adhesións dos concellos que cumpran cos requisitos indicados, do que se lles dará traslado ao solicitante e á comisión de seguimento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

3. Aqueles concellos que se adheriron no exercicio 2016 considéranse automaticamente adheridos a este programa, salvo que expresamente e por escrito manifesten o contrario nun prazo dun mes desde a publicación da aprobación definitiva do programa.

CUARTA.- Obrigas dos membros da Rede.

Os concellos que se integren na Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense quedan obrigados a:

- a) Manter os locais incluídos na rede en actividade continuada, asumindo os gastos de conservación e mantemento destes.
- b) Realizar, polo menos, a programación establecida na base segunda, dispoñendo para isto os recursos económicos necesarios.
- c) Dispoñer do persoal técnico adecuado para desenvolver a actividade.
- d) Asumir as decisións adoptadas pola Rede no seo da comisión de seguimento e os compromisos de programación aprobados pola Deputación Provincial de Ourense conforme co sinalado na base 7ª.
- e) Cumprir as condicións económicas, técnicas e de xestión que se negocien para cada espectáculo.
- f) Asistir ás reunións da Rede.
- g) Incorporar na publicidade o logotipo da Rede e o da Deputación de Ourense, e no local, un rótulo identificativo, que recibirán desde a Deputación, no que se reflecta a súa pertenza á Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense.
- h) Ofrecer o espazo a outras compañías ou grupos – dando preferencia ás da provincia de Ourense – á marxe das programadas pola Rede, nas condicións que se acorden entre as partes, celebrando con estas un mínimo de dúas actividades anuais.
- i) Finalizada a actuación, o concello responsable emitirá un certificado onde se faga constar: data, hora e lugar de celebración, número de asistentes e valoración da actuación, o cal se remitirá á Deputación Provincial e do que dará conta á comisión de seguimento.
- j) Así mesmo, terminada a tempada, presentarán unha memoria que recolla as actividades realizadas coa Rede.

QUINTA.- Dereitos dos membros da Rede.

Os concellos que se integren na Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense terán os seguintes dereitos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

- a) Acceder aos beneficios establecidos pola Deputación de Ourense para a programación de actividades escénicas.
- b) Participar das axudas económicas que oportunamente se convoquen para a rehabilitación e equipamento dos locais pertencentes á Rede.
- c) Recibir información das propostas artísticas coordinadas a través da Rede.
- d) Participar no deseño da programación cultural que lles afecte, a través da comisión de seguimento.
- e) Facer uso e publicitar a súa condición de membro da Rede.

SEXTA.- Comisión de seguimento e programación da Rede.

1. Coas funcións que se indican no apartado segundo, créase unha comisión de seguimento coa seguinte composición:

- Pola Deputación de Ourense, actuarán con voz e voto o deputado delegado de Cultura, que ostentará a presidencia, o deputado delegado de Cooperación e o asesor de Política Cultural.
- Polos concellos adheridos, un membro por cada concello designado por este.
- Actuará como secretario/a da comisión un/ha funcionario/a da Deputación, con voz e sen voto, coas funcións dunha secretaría de actas.

2. A comisión de seguimento resolverá as incidencias que poidan xurdir da interpretación das presentes bases.

3. Para a adopción de acordos establécese o sistema de voto ponderado, de xeito que á Deputación lle corresponden tantos votos como concellos teñan representación na referida comisión. A Presidencia terá voto de calidade en caso de empate.

4. A comisión de seguimento reunirse polo menos dúas veces por temorada.

SÉTIMA.- Financiamento de programas e contratación.

1.- A Deputación de Ourense negociará coas compañías as condicións técnicas e económicas dos espectáculos. Unha vez determinadas estas, comunicaránselles aos concellos, ofertándolles a posibilidade de incluílas na programación nas condicións establecidas nestas bases. Os concellos deberán dar resposta a esta oferta no prazo que se indique na oferta, entendéndose que en caso de non contestar á oferta rexeitan a inclusión da actuación no programa. Coa aceptación dos concellos, a Deputación, mediante resolución da Presidencia, acordará a inclusión das actuacións no programa, especificando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

as datas de programación, forma de pago e porcentaxe de financiamento que lle corresponderá á Deputación e ao concello. Desta resolución daráselle conta á comisión de seguimento na primeira sesión que teña lugar. Nos casos en que o número de actuacións dispoñibles sexa inferior á de concellos interesados, a actuación se lles asignará aos concellos que primeiramente acepten a oferta, por rigorosa orde cronolóxica de recepción da aceptación. Non obstante, a comisión de seguimento poderá establecer outros criterios alternativos de aplicación neste caso.

2.- A Deputación asumirá os gastos de publicidade e organización da Rede e achegará parte do custo do caché de cada espectáculo, segundo se determine nas correspondentes resolucións. Como norma xeral, da programación conxunta que se realice, a Deputación de Ourense achegará o 75% do custo total de cada espectáculo, achega que pode variar nalgúns programas de xeito motivado.

3. Os concellos integrados asumirán a parte restante do custo do espectáculo ou actividade, así como os impostos correspondentes, SGAE e demais gastos que xere a actividade. A porcentaxe correspondente ao concello será liquidada pola Deputación consonte ás porcentaxes indicadas nesta cláusula e o convenio suscrito para cada actividade.

4. Os posibles ingresos que xere a actividade serán xestionados e recibidos directamente polos concellos. A fixación de prezos para o público asistente por parte do concello debe serlle comunicado á comisión de seguimento.

OITAVA.- Memoria de actividades.

A Deputación de Ourense, ao finalizar cada temporada, remitiralles aos compoñentes da Rede de espazos culturais da Provincia de Ourense unha memoria onde se recollan os datos xerais das actividades desenvolvidas en coordinación coa Rede.

NOVENA.- Vixencia do programa de cooperación.

O presente programa de cooperación ten vixencia anual ata a data 31.12.2017. No caso de que na data de finalización non se teña aprobado un novo plan, por decreto da Presidencia poderá prorrogarse a súa vixencia anualmente, previo acordo favorable da comisión de seguimento e condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

DÉCIMA.- Extinción e modificación do programa.

1. As adhesión ao presente programa de cooperación poderán extinguirse polas seguintes causas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

a) Por denuncia unilateral de calquera das entidades locais adheridas, sen necesidade de alegar ningún tipo de causa. En todo caso, a denuncia deberá comunicarse cunha antelación mínima dun mes respecto da data da súa efectividade, se ben a mesma non terá efectos ata a finalización da programación xa aprobada.

b) Por resolución unilateral da Deputación, con respecto ás entidades adheridas que incumpran as súas obrigas esenciais. A resolución adoptarase pola Deputación, previa audiencia da entidade local afectada, mediante resolución da Presidencia.

c) Pola declaración da súa extinción, co carácter xeral, e para todas as entidades adheridas, por parte da Deputación. Esa declaración corresponderá ao Pleno da Deputación, terá carácter motivado e deberá adoptarse previa audiencia das entidades adheridas e cunha antelación mínima dun mes respecto da data da súa efectividade.

2. A Deputación Provincial poderá modificar unilateralmente o programa por acordo plenario e previa audiencia das entidades adheridas a través da comisión de seguimento, por razóns de oportunidade. En todo caso, as modificacións entrarán en vigor no prazo mínimo dun mes dende a súa aprobación, agás que exista causa xustificativa para o establecemento dun prazo menor.

UNDÉCIMA.- Suspensión temporal do programa.

A eficacia do convenio poderá suspenderse, de forma temporal, e exclusivamente por causas de forza maior, mediante resolución da Presidencia da Deputación, da que, en todo caso, darase conta ás entidades adheridas a través da comisión de seguimento, e, de ser posible, con anterioridade á data de inicio da suspensión.

Anexo I: Modelo da parte dispositiva do acordo de adhesión ao Programa.

1º) Aprobar a adhesión do concello de _____ ao Programa de cooperación da Deputación de Ourense cos concellos, para o cofinanciamento da rede provincial de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial 2017.

2º) Designar como persoa responsable da execución do programa a..... Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde/ presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes.

3º) Asumir expresamente as obrigas previstas para os Concellos segundo o previsto no dito Programa.

4º) Declarar expresamente que os espazos culturais adheridos e que se relacionan, contan con todas as autorizacións e permisos necesarios segundo a normativa aplicable para o desenvolvemento das actividades culturais obxecto do presente programa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Anexo II: Modelo de ficha técnica (un por espazo cultural).

1. DATOS DO ESPAZO CULTURAL:

CONCELLO	
ESPAZO CULTURAL	
DIRECCIÓN	
TELÉFONO	
PERSOA RESPONSABLE (Nome e apelidos e cargo ou posto)	
CONTACTO DA PERSOA RESPONSABLE (Teléfono e enderezo electrónico)	
ENTIDADE TITULAR DO ESPAZO (Se non é municipal indicar título habilitante)	
AFORO (Desglosado por zonas, se procede)	
DIMENSIÓN (Desglosado por zonas, se procede)	
EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL (Detallar)	
EQUIPAMENTO ESCÉNICO (Detallar)	
EQUIPAMENTO DE ILUMINACIÓN (Detallar)	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

OUTROS SERVIZOS (Detallar)	
--------------------------------------	--

2. FOTOGRAFÍAS (INTERIORES E EXTERIORES) DO ESPAZO CULTURAL:

--

2º.- De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

13º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

O Sr. presidente pregunta se hai algunha moción de urxencia. O portavoz do Grupo do BNG solicita o uso da palabra, que lle é concedida polo Sr. Presidente.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: nós temos presentado unha moción de urxencia, eu creo que son coñecedores, e vou intentar xustificar a súa urxencia. A moción que presentamos é instando á presidencia a que cese con carácter inmediato ao asesor cultural, Aurelio Gómez Villar. Entendemos que dadas as informacións que acabamos de coñecer esta semana, a urxencia vén derivada precisamente diso; porque o xuíz ven de imputar formalmente (agora chámase investigar) ao noutrora concelleiro de comercio do concello de Ourense, e na actualidade asesor de cultura do Sr. presidente, por un presunto delito de prevaricación ao contratar, sen figurar na orde do día da Xunta de Goberno que tomou a decisión e polo trámite de urxencia, e sen que mediara proceso algún, nin existira consignación orzamentaria, uns altofalantes para colocar nas distintas rúas da cidade. Por iso, entendemos que dada a relevancia do cargo que ocupa o señor Gómez Villar, e en aplicación do código ético desta Deputación, que entendemos lle debería ser de aplicación, debería ser cesado no seu cargo. Dificilmente quen vulnerou, a dicir do xuíz, e en base indicios fundamentados, a máis elemental legalidade no que respecta á xestión de fondos públicos, pode facerse acredor a confianza non só do cargo que o nomea, senón do conxunto da cidadanía. É polo que, con carácter inmediato, pedimos que se cese ao Sr. Aurelio Gómez Villar mentres non haxa unha resolución xudicial que resolva esta cuestión. Nada máis, moitas grazas

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas Sr. presidente. Anúnciolle Sr. Rodríguez Suárez e aos demais grupos da oposición que, neste caso, si votaremos a favor do recoñecemento da urxencia deste asunto, seguindo o criterio claro e conciso que temos neste asunto, a pesar de que vostedes o poñen en dúbida porque así lles interesa. Este tema saíu á luz despois de convocar as comisións informativas e polo tanto, seguindo o noso criterio, si recoñecemos esa urxencia ao marxe de que agora nos pronunciemos ao respecto. Polo tanto hoxe, unha vez máis, queda clara a nosa posición ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

respecto da presentación de asuntos por urxencia. Moitas grazas.

A continuación a Presidencia somete a votación a urxencia da moción, que é aceptada co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (2), procedéndose ao seu tratamento tal e como se recolle a continuación:

13ªA.- MOCIÓN DO BNG INSTANDO Á PRESIDENCIA A QUE CESE, CON CARÁCTER INMEDIATO, AO ASESOR CULTURAL, AURELIO GÓMEZ VILLAR.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao portavoz do Grupo do BNG para que expoña o contido da moción.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente, alédome dese cambio de criterio, ou dese criterio, e o único que lamento é que non se aplicara este mesmo criterio cando hai un ano e pico se debateu un tema similar que afectaba neste caso ao Sr. Presidente. De tódolos xeitos, non teño máis que dicir que é que me sorprende neste caso, porque vese que cando as barbas a afeitar son as doutro que non sexa o Sr. Presidente, vostedes resultan coherentes. En calquera caso, xa na miña primeira intervención, onde tentaba xustificar a urxencia da moción, deixei xa suficientemente explicado o asunto, e voume limitar a formular a proposta de acordo, para que quede tamén claro e para coñecemento de todos, co seguinte texto: *O Pleno insta á Presidencia a que con carácter inmediato cese ao actual asesor de cultura, Aurelio Gómez Villar, ao acabar sendo formalmente investigado por un presunto delito de prevaricación na contratación duns altofalantes.* De momento nada máis, moitas grazas.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: vamos a ver, cuando – esperemos – se abra juicio oral contra el presidente de la Diputación aquí, José Manuel Baltar, cuando se abra juicio oral DO no va a pedir la dimisión de José Manuel Baltar porque nosotros, pues ha habido personas que están en el partido y hoy ya no están, se ha actuado de forma “x”, y nosotros en este tema estamos personados. Pero cuando se abra el juicio oral, que se abrirá en breve, nosotros no vamos a pedir la dimisión de José Manuel Baltar, porque hasta que esté condenado no vamos a pedir su dimisión. Otras es que nos alegremos de que su

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

partido tenga una forma de actuar, tenga sus códigos o como le llamen, que son todos de cara a la galería, además de los acuerdos que tienen con otros partidos nacionales, y obliguen a esta persona a dejar el PP, o lo obliguen a dimitir, seguramente seguirá siendo presidente de la Diputación, va a ser un auténtico *show* verlos a todos ustedes seguir obedeciendo a una persona que ya no está en el PP, seguramente a lo mejor no puede ir de candidato en el 2019, en cualquier caso eso son ya temas del PP en los que nosotros no nos vamos a meter, nos podemos beneficiar, nos podemos alegrar, podemos decir que nosotros hemos sido realmente los causantes de eso, pero no seremos nosotros los que lo pidan, porque ahí sí que estamos con lo que declararon los jueces y fiscales, mediáticamente, hace poco, aquí en Ourense, siempre dicen que es un error que los partidos pidan la dimisión y apartamiento de las personas que están investigadas hasta que realmente haya una sentencia. Otra cosa es que a veces se tengan que tomar medidas cautelares cuando son puestos realmente de relevancia, por ejemplo en una empresa privada una persona la acusan de que se está llevando dinero de la caja, pues a lo mejor ya no lo dejas llegar a la caja, ya son otros temas, pero eso lo tienen que decidir los superiores, en una empresa privada sus jefes, en política, los votantes. Por ejemplo, una persona puede no estar condenada pero los votantes ya pueden tomar medidas cautelares, oye, yo a este tío, con esas sospechas, no le voy a votar. En este sentido, vamos a actuar ahora de ese modo, no lo haremos con José Manuel Baltar y no lo haremos con otros cargos hasta que no estén condenados. En este tema en concreto además yo puedo hablar, porque realmente soy la persona, creo, de los que estamos aquí, que más conoce de qué va este tema. Tengo que decir que el señor Aurelio es en ese sentido una cabeza de turco, porque la denuncia que se hizo originalmente no parte del PSOE, sino que parte de Áurea Soto, una persona que yo dije en su momento que estaba desequilibrada, en ese momento se me preguntó que quién era yo para emitir ese juicio, y tienen razón, yo no soy psiquiatra, de hecho coincidimos con Rosendo en varias juntas de área del ayuntamiento de Ourense y yo lo que dije es que no era psiquiatra, pero lo que veía es que esta persona no estaba para tratar con la gente, los capítulos que presencié entre Áurea Soto y Rosendo eran los de una persona que no estaba para tratar con la gente, recuerdo un capítulo en el que Rosendo levantó la voz, y entonces le dijo ella: “¡Que te calles ya!””, y entonces dijo Rosendo: “¡No me callo!””, y dice ella: “¿A que llamo a un policía local?”, y Rosendo: “¡Pues llámalo, llámalo!””, y entonces yo le dije al secretario que estaba allí: “¡Por favor, que llamen a la policía local!””, en una junta de área, “¡por favor, que la

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

llamen que esto es un espectáculo!”, porque eran un auténtico espectáculo, entonces lo que yo dije fue que esta persona no estaba para tratar con la gente, no estaba bien de la cabeza. Bueno, lo que ocurrió después con Áurea Soto, que acabó como acabó, acabó dimitiendo, y fíjate, por un tema de una imputación sin estar condenada, y me hizo gracia porque ella hizo la denuncia, no fue el PSOE, la hizo ella por venganza, y ella venía a por mí. Obviamente, el vendedor de esta mercancía no tiene culpa ninguna, yo cuando me preguntan de esto de los altavoces, yo de aquella no era concejal, y entonces sí le podía vender al Concello, siendo concejal creo que ya no se puede, pero desde que yo soy concejal Jolper Música no ha vuelto a venderle, ni yo ni ninguna empresa en la que esté yo, al Concello, y desde que estoy aquí en la Diputación, pues tampoco, o sea que en ese sentido debo ser de las pocas personas que se meten en política y pierden dinero. Total, lo que ocurrió con aquello es que cuando me preguntan por este tema siempre digo lo mismo, hombre, me arrepiento del tema de los altavoces, me arrepiento, no es que me arrepienta, lo que me gustaría es haber vendido más, nosotros de aquella vendimos no me acuerdo del número, trescientos y pico, me hubiera gustado vender el doble, porque la labor del vendedor es vender. Que después el Concello, quien compra, no se haya ceñido a la legalidad, no es mi problema, a mí realmente me da igual; hombre, como ciudadano y contribuyente quieres que esa administración se administre del mejor modo posible, y como vendedor quiero vender el máximo posible, luego como político y como ciudadano lo puedo criticar, obviamente. Por ejemplo, es como lo que siempre digo del piano, de los pianos más caros que hay en el mercado lo compró el Auditorio, lo compraron a nuestro través, nosotros fuimos los intermediarios en este caso. ¿Qué ocurre?, pues creemos que es un gasto excesivo, ahora, como vendedor, mi función es vender ese y si puedo seis más o los que hagan falta. Bueno, pues en este caso Áurea Soto venía a por mí, y tuvo la mala suerte, la inepticia, de que obviamente dijeron, no, mira, el vendedor aquí no tiene nada que ver, no tiene ninguna culpa; y como el proceso ya estaba en marcha siguió y siguió y siguió y cogió al que estaba en medio que era Aurelio. Esto me recuerda a una escena de un cómic de Mortadelo y Filemón, de 1978, en el que el árbitro expulsa a veintidós jugadores y dice el árbitro, “y este aquí, pobriño, que no se metió con nadie, que siga jugando él solo”, en referencia a Mortadelo, pues esto igual, a Jácome ya no lo podemos coger, pues éste de aquí, que es Aurelio, y le tocó a él. Yo por lo que veo en este tema, no seré yo quien defienda al PP, pero sí obviamente soy parte involucrada y sé de lo que va, y de lo que va es de que querían hacer una compra de altavoces

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

– personalmente creo que era una muy mala idea, porque se trataba de sonorizar las calles de Ourense, que de aquella ya estaba Armando Ojea, que es pionero en España en estar en contra de la música ambiental, la música impuesta – y nosotros de aquella ya nos escandalizamos con lo que querían hacer en Ourense, meter altavoces en las calles y tal, obviamente yo como vendedor vendo la mercancía, pero era realmente una auténtica aberración, por eso nos alegramos de que no se llevara a cabo la segunda fase, que era ya la de instalarlos. En fin, se llevó a cabo la primera, porque al parecer había una subvención de la Xunta o algo así, no lo tengo claro, y lo que sí sé es que aquellos altavoces, una vez que se hizo la compra y se nos compró, lo que sí sé es que había más ofertas, o sea, se miraron más ofertas, porque una vez que pasó el tema sí que nos enteramos de que había más ofertas, de hecho creo que llegué a hablar con algún proveedor que también había hecho la oferta; y la oferta de Jolper Música había sido la más barata. Bien, entonces aquí aparentemente no hay malversación, aparentemente no hay fraude, aparentemente hay una compra de una mercancía, se entregó la mercancía, se entregó cuando nos dijeron que había que entregarla, no tenían espacio para meterla y entonces hubo que esperar para entregarla, creo que varios meses, hasta después, al siguiente mandato del PSOE y del BNG, no se entregó la mercancía, pero lo que sí que vemos aquí es que no hay una malversación. Lo que sí que pudo haber es una auténtica negligencia en el modo en que se licitó esa historia, es decir, que no se siguieron los pasos que marca la Ley, entonces aquí hay una negligencia que tendrán que ver qué grado de responsabilidad tiene la persona al cargo, qué pena tiene que tener, y nos parece un tema burocrático que desde luego si lo hizo mal tiene que tener una sanción, aunque me parece que tiene muy poco recorrido porque lo que digo, la base de todo esto, es que la mercancía se entregó, había otras ofertas y la de Jolper fue la más barata, y entonces aquí no vemos que haya obviamente una malversación. Ahora, si se cometió una irregularidad administrativa pues habrá que pagarla. De aquí a que unos años después, en otra administración y cuando esta persona no es política, que es un cargo de confianza, nos parece que no procede lo que pide ahora mismo el Bloque, máxime sabiendo lo que hizo esta persona, que yo lo sé de primera mano.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, Sr. Presidente, dúas cousas, e moi breves. A primeira, tomamos nota do criterio de valoración da urxencia expresado polo portavoz do Grupo Popular, é dicir, que saian á luz con posterioridade ás comisións, enténdoo así, non ?; e despois, no tocante ao fondo do asunto, nós

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

o que imos facer é manter o criterio que mantén a organización política á que nós pertencemos, é dicir, esixiremos responsabilidades cando se produza a apertura do xuízo oral. Polo demais, ímonos abster neste caso, nada máis.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, Sr. Presidente. Permítanme que diga, de entrada, nada que ver este caso co suposto que se mencionou do Sr. Baltar Blanco, pero non vou entrar outra vez no detalle porque é igual, ao final vostedes seguen á caza e captura da presa e non hai quen os quite de aí; e alédame en todo caso que o Sr. Pérez Jácome apele á presunción de inocencia e ao respecto aos tempos xudiciais, é un bo consello para o Sr. Rodríguez Suárez. E, con moita brevidade, non serei eu quen colabore co BNG na súa pretensión, como sempre, de barullo mediático, válelle todo e aí estamos. O BNG, e algún outro grupo político, segue na súa liña, eu diría de disparar contra todo o que se move, e este é un suposto máis. Logo resulta que se as dilixencias xudiciais se arquivan, ou as sentenzas acaban sendo absolutorias, nin tan sequera teñen a valentía de pedir perdón; que llo pregunten, por exemplo, ao Sr. Feijoo Alonso, que non está aquí neste momento, cando pouco menos nos pediron que había que deportalo, e ao final non tiveron a valentía de lle pedir perdón por tantas acusacións que lle fixeron e que resultaron non ser nada. Miren vostedes, votaremos en contra do que nos propoñen, e o facemos totalmente convencidos, primeiro, da inocencia do Sr. Gómez Villar. A actuación á que vostedes se refiren, que data do ano 2006, debemos lembralo, nada tiña que ver con esta deputación, nada. O Código Ético, como ben di vostede, Sr. Rodríguez Suárez, aprobouse por esta deputación oito anos despois, en febreiro do ano 2014, por certo, co voto en contra de vostedes, pero iso si, invócano cando lles interesa e non o invocan cando non lles interesa. Non procede, entendemos nós, e o entendemos decididamente, a súa aplicación con carácter retroactivo en ningún caso. Polo tanto, Sr. Rodríguez Suárez, llo digo unha vez máis, sexan prudentes, teñan paciencia, respecten os procedementos e os tempos xudiciais, deixen de xogar a xuíces e apliquen, como di o Sr. Jácome, o principio de presunción de inocencia, pilar básico dun Estado social e democrático de Dereito. E de momento, nada máis, moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente. Ben, como non podía ser doutro xeito, nós respectamos absolutamente os procesos xudiciais e o que diga a xustiza, e en todo caso a xustiza ten uns tempos, vostede acaba de dicir, e así é efectivamente, que o proceso arrancou no ano 2006, estamos no ano 2017. De

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

tódolos xeitos, nós tamén entendemos que as responsabilidades políticas non teñen absolutamente nada que ver coas responsabilidades xudiciais. Por iso defendemos, e sempre defendimos, que deberían ir en todo caso en paralelo e asumirse cando se teñen que asumir, que neste caso nós entendemos que é neste momento. Vostede falou tamén do Código Ético desta casa, que non lle era de aplicación, non ten carácter retroactivo, pero o feito de que o Código Ético fora aprobado con posterioridade a estes feitos para nós é absolutamente irrelevante, e tamén se referiu unha vez máis ao noso voto en contra, que eu creo que, dadas as circunstancias e todo o que ten acontecido arredor deste Código Ético, sobre todo dende un ano e medio para acá, pois eu creo que está plenamente xustificado o noso razoamento e o noso voto en contra porque o Código Ético non serviu absolutamente para nada, e temos que lembrar tamén que agora mesmo non existe Comité de Ética, non sabemos se vostedes teñen pensado volver a constituílo e que afronte as responsabilidades e as tarefas que se lle encargaron no Código Ético; e en todo caso e como dixer nós pensamos que as responsabilidades políticas van en paralelo e non teñen que ver nada absolutamente coas responsabilidades xudiciais, polo que rexeitamos o argumento do portavoz de DO, e as responsabilidades políticas nos cremos que o momento de esixilas é precisamente agora. Eu xa o dixer na miña primeira exposición que hai indicios fundados, así o di o xuíz, de que se vulnerou a máis elemental legalidade no respecto á xestión de fondos públicos, e entendemos que unha persoa que está inmersa nun proceso xudicial, que terá o seu percorrido e terá a súa resolución non sabemos aínda cando, pois de momento non se merece ou non debería contar coa responsabilidade, coa confianza que se lle está outorgando ou que ten agora mesmo nesta casa.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO: bueno, nosotros lo que decíamos antes, que lo de la responsabilidad política a la que apelaba ahora el compañero del Bloque, nosotros creemos que debería recaer en los votantes, porque una persona tiene presunción de inocencia, y si esa persona tiene responsabilidad política y hay indicios de que podría haber hecho algo ilegal, pues yo creo que tendrían que ser los votantes los que juzgaran si tuvieran las elecciones antes del proceso judicial. Decir que es curiosa cómo es la historia, porque antes el compañero del PP decía que lo que estaban haciendo antes, de que yo le acusaba en todas las obras menores de 50.000 euros más IVA, que las están dando a dedo, y se producía un gran daño a los intereses de la Diputación y del dinero público, porque se estaba

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

caciqueando, inflando el precio y dando las obras a sus amigos, entonces me decía: es que es legal. Sí, hay muchas formas de caciquismo que es legal; sin embargo, esto de que se acusa aquí a Aurelio pudo haber sido ilegal, que es lo que decía el Bloque, saltándose las normas tal, pero aquí está la historia, lo que está haciendo el PP con las obras es legal y está haciendo un grandísimo daño a todos los ourensanos, y lo que hizo Aurelio pudo haber sido ilegal y no le hizo prácticamente ningún daño al erario público, porque si lo llega a haber hecho de otra forma, con los tiempos correctos y todo eso, se hubiera hecho igual, se hubiera comprado a Jolper Música porque era la oferta más barata y por el mismo precio, ¿dónde está la metedura de pata en lo de los altavoces?: en la decisión política de haberlos comprado, porque era muy mala idea, ahora, lo que hizo Aurelio pudo ser ilegal, pero no hizo ningún daño al erario público, lo que está haciendo la Diputación con las obras es legal y sí que le está haciendo un gran daño al erario público. Por eso, mientras no se pronuncie la justicia, en estos casos son los votantes los que deben juzgar.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. En todo caso, Sr. Pérez Jácome, é a súa opinión, respectable, pero nada máis que a súa opinión; xa opinan os cidadáns cando os chaman, e *tiempo al tiempo*, Sr. Pérez Jácome. Acabouse o proceso electoral, teñamos tranquilidade, xa virá outro e xa veremos o que din os cidadáns, que son os que nos teñen que xulgar a todos, e non aquí, como digo eu, xogar a aprendices de xuíz. A xustificación que fai o Sr. Rodríguez Suárez do seu voto en contra do Código Ético é porque di que non serve para nada, pero logo o invoca, espero que se algún día lle toca que digamos algo referido ao que di o apartado 13 do mesmo, que fala dos compromisos e responsabilidades que asumen os membros da oposición política da Deputación, espero que tamén o acepte. E dito isto, vanme permitir, que creo que imos bastante ben de tempo, que faga unha breve recompilación de este caso que nos ocupa, e prego desculpas por facelo en castelán, pero é como teño as notas que me pasaron, eu non as fixen, e así non me trabuco ao traducir e seguramente son máis exacto. E tranquilos, que vou ser especialmente breve, pero este tema é bo que o coñezamos todos, porque eu non o coñecía, e ás veces as informacións dependen de cómo saian ou de cómo se interpreten. Este tema iníciase cando dona Áurea Soto, como dixo o Sr. Pérez Jácome, presenta unha denuncia - querela por un presunto delito de prevaricación administrativa contra toda a Xunta de Goberno do Concello máis don Gonzalo Pérez Jácome e a súa nai, por, segundo ela, unha adxudicación irregular da sonorización de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

espazo do centro comercial aberto Ourense Centro, e agora paso ao castelán para non trabucarme: 28 de julio de 2015, el juzgado de instrucción nº 2 decide dejar fuera del tema a todos los que pretendía doña Áurea, y el único imputado era el Sr. Gómez Villar, practica las pruebas que considera y emite un auto que dice, textualmente: “es cierto que la adjudicación y el expediente seguido a tal fin no está suficientemente vertebrado, y no se ajusta totalmente a la legalidad en materia de contratación, pero no se aprecia, a la vista de las diligencias practicadas, una arbitrariedad e ilegalidad palmarias y plenamente conscientes por parte del imputado, o eventualmente por los demás miembros de la Junta de Gobierno de la que se desprendan indicios de actuación prevaricadora. Procede, en consecuencia, decretar el sobreseimiento libre y archivo de la causa”. Como dixen, isto foi o que dixo o 28 de xullo de 2015 o xulgado de instrucción nº 2. Contra esta decisión apela doña Áurea Soto a la Audiencia, y ésta decide que, ya que no se practicaron todas las pruebas que solicitaba la denunciante, que se continúe con la investigación. 7 de octubre de 2016, otra vez el juzgado de instrucción nº 2 emite un auto en el que dice, textualmente: “valorando las diligencias de instrucción practicadas en la causa, en particular las declaraciones testificales practicadas tras la reapertura de la causa ordenada por la Audiencia Provincial, los testigos no han aportado elementos de juicio de peso distintos de los que ya se tuvieron en cuenta en el auto de 28 de julio de 2015, por lo que, en coherencia con lo argumentado en el mismo, procede decretar el sobreseimiento de la causa”. Es importante destacar que en toda esta fase de instrucción el Ministerio Fiscal, que tanto critica el Sr. Pérez Jácome, siempre se pronunció en contra, y digo siempre, de la denuncia, y solicitó reiteradamente su archivo. A este auto vuelve a presentar apelación doña Áurea Soto ante la Audiencia Provincial, y tranquilos, que voy rematando. 20 de diciembre de 2016, la Audiencia Provincial emite auto sobre el recurso de doña Áurea, en el que dice con respecto al delito de malversación, “pues bien, conviniendo la Sala con los razonamientos del instructor, no median los necesarios datos que permitan concluir que concurre, desde un punto de vista indiciario, el apuntado delito, ya que en principio, los fondos públicos representados en el pago de la factura al proveedor sí que fueron destinados a la adquisición del material necesario para la sonorización, material que obra en poder del ayuntamiento, por más que no llegasen a utilizarse y a emplearse. En relación con el delito de prevaricación, se discrepa del juzgador en que las testificales practicadas no hayan tenido relevancia. Pues bien: tal ausencia de todo procedimiento, en términos provisionales e indiciarios, obliga, tal como se expuso al

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

comienzo de esta resolución, a continuar con el procedimiento, debiendo ser en el plenario donde, con plenitud de medios, se aporten las pruebas de descargo y se concrete, o no, en su caso, tales indicios, en verdaderas pruebas de comisión criminal”. 20 de enero de 2017, recientemente, el juzgado de instrucción nº 2, a la vista de la resolución de la Audiencia, dicta auto en el que dice: “continúese la tramitación de las presentes diligencias previas por los trámites del procedimiento abreviado, por si los hechos imputados a don Aurelio Gómez Villar fuesen constitutivos de un presunto delito de prevaricación, a cuyo efecto procede dar traslado al Ministerio Fiscal y, en su caso, a la acusación particular, para que en el plazo de diez días soliciten la apertura el juicio oral, formulando escrito de acusación, o el sobreseimiento de la causa o, excepcionalmente, la práctica de diligencias complementarias”. Polo tanto, Sr. Rodríguez Suárez, precipitación manifiesta de vostede e do seu grupo na súa liña de que o que interesa, como dixen antes, é facer barullo mediático. Lamentablemente, para vostedes a presunción de inocencia e o respecto aos tempos xudiciais, non teñen moito valor. Moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas, Sr. Presidente. Ben, aquí apélase sempre aos votos, e ás votacións, e ás eleccións, e teño que recordarlle ao portavoz do Grupo Popular que os votos e as eleccións dan gobernos, quitan gobernos, dan escanos, quitan escanos, pero non dan e quitan a razón. Estivo moi ben a exposición que nos fixo dos feitos, de tódolos xeitos eu volvo a insistir que nós rexeitamos absolutamente pois esa acusación de falla de respecto á presunción de inocencia, e respectamos absolutamente os tempos da xustiza, e vólome a reiterar no que xa dixen en varias ocasións, que entendemos que aparte do proceso xudicial ou en paralelo con el van as responsabilidades políticas, e as responsabilidades políticas hai que tomalas cando hai que tomalas, non cando un xuíz nos inhabilita ou ben cunha resolución xudicial é que xa non queda outro remedio que acatalo e cumprilo. As responsabilidades políticas tómanse idealmente por iniciativa propia e cando non é por iniciativa propia, pois por iniciativa das persoas responsables e que teñen a responsabilidade neste caso de cesar ou de manter no seu cargo, e nós entendemos que o Sr. Gómez Villar, dados os indicios que xa existen e dada a existencia dese Código Ético, que eu dende logo apelo a que se cumpra, porque vostedes foron os que o impulsaron e aprobaron, e deberían ser os máximos interesados e os primeiros en aplicalo e cumprilo. Reitero que nós seguimos pedindo que, polo menos, mentres non haxa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

unha resolución definitiva a este asunto, pois que o Sr. Gómez Villar sexa separado das súas responsabilidades nesta casa. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto décimo terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8).

14°.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de decembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de outubro e 1º de novembro de 2016.
- Deputado delegado de Facenda: mes de decembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 5º de xuño, 3º de setembro, 2º de outubro e 1º de novembro de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de decembro de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de decembro de 2016.

Os membros da Corporación quedan informados.

15°.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O **Sr. presidente** manifesta que en primeiro lugar se tratarán dous documentos presentados no rexistro . O primeiro do deputado do Grupo Socialista, Sr. Gómez Pérez, con número de rexistro 1.937, que solicita que se responda oralmente en Pleno, ás seguintes preguntas:

1ª.- Cómo está o procedemento de descertificación e devolución da totalidade dos 10 millóns de euros que promovían os organismos da Unión Europea?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

O **Sr. presidente** responde que como é publicamente coñecido e por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, número 410, do 30 de setembro de 2015, esta sentenza deulle a razón á Deputación no seu recurso, anulando a resolución da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios que ordenaba o reintegro. Esta sentenza aínda non é firme porque o Ministerio de Facenda interpuxo un recurso de casación, actualmente pendente de sinalamento de data para deliberación e fallo na Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Supremo.

2ª.- Qué novidades hai dende a OLAF e do Goberno de España respecto ás medidas que se inician sobre este expediente?

O **Sr. presidente** responde que non hai novidade algunha.

3ª.- ¿Qué medidas se tomaron para que os responsables políticos desta continuada xestión prexudicial para os intereses públicos dean conta das súas responsabilidades?

O **Sr. presidente** responde que como dixo antes a orde de reintegro foi anulada, polo que entende que non hai responsabilidades. Onte coñeceron que por terceira vez (anos 2009, 2014 e 2017) outro pronunciamento xudicial (tres xuíces diferentes) de sobresemento e arquivo desta cuestión.

4ª.-¿Qué medidas se tomaron para que, se houbo algún grupo empresarial que se beneficiou deses presuntos delitos que cita a OLAF nas súas conclusións, devolvan os beneficios obtidos en fraude?

O **Sr. presidente** di que a resposta é a mesma, que a orde de reintegro foi anulada e que onte coñeceron unha nova resolución xudicial de sobresemento e arquivo desta cuestión.

5ª.- ¿Qué medidas se tomaron para que os cargos políticos que participaron nestas prácticas para adxudicar con fraude de lei esas depuradoras respondan do dano que causen ás administracións públicas (europeas, do Estado ou Deputación)?

O **Sr. presidente** contesta que a resposta é a mesma que nas dúas anteriores, que a orde de reintegro foi anulada e por terceira vez, onte, coñeceron unha resolución xudicial de sobresemento e arquivo desta cuestión.

O **Sr. presidente** manifesta que o seguinte documento presentouno o Grupo Socialista, neste caso para formular oralmente e responder oralmente neste pleno do 27 de xaneiro, e que ten número de rexistro 2.275, que contempla catro preguntas, e cédelle a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

palabra en primeiro lugar ao Sr. Gómez García para que formule oralmente a primeira pregunta.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, di que o pasado mes de decembro, o presidente da Deputación Provincial de Ourense comprometeuse a darlle axuda técnica e humana aos propietarios e ás propietarias dos soutos de castiñeiros afectados polas condicións atmosféricas adversas nos concellos de Castrelo do Val, Riós, A Gudiña e A Mezquita. Tendo en contra que os traballos, ao seu entender, deben facerse nos meses de xaneiro e febreiro, pregunta cando ten previsto iniciar eses labores.

O **Sr. presidente** responde que ese labor de axuda e cooperación técnica, segundo lle informan, deseñouse un programa consistente nunha xornada técnica en cada un dos concellos, das 10.00 ás 19.00 horas en cada un deles, cunha parte teórica en aula, na que se exporá a tipificación dos danos atopados nos soutos, parte esta especialmente importante, xa que a partir dela se elaborará un diagnóstico personalizado a cada propietario con medidas paliativas adaptadas a cada tipo de dano. Quere deixar claro que non se trata dunha charla sobre a poda do castiñeiro, senón que en nalgúns casos estariamos falando de verdadeira cirurxía vexetal. Dille ao Sr. Gómez García que lle dará traslado dunha copia do informe. Tamén haberá en cada un deses concellos saídas a campo para ver as árbores afectadas para realizar nelas as medidas necesarias para lograr a recuperación funcional dos exemplares de castiñeiros. De todas as actuacións indicaranse as medidas profilácticas precisas para evitar a diseminación do chancro do castiñeiro. Procurarase que as saídas a campo se realicen en todas as parroquias afectadas en cada concello, para así evitar desprazamentos dos interesados, e entregaráselle a cada participante na xornada pasta cicatrizante co fin de evitar a contaminación ou diseminación da enfermidade. O calendario é o seguinte: sábado 4 de febreiro, Concello de Castrelo do Val, en horario de 10.00 a 19.00 horas; co mesmo horario o día 5 de febreiro no Concello da Gudiña; o sábado 11 de febreiro no Concello de Riós e o domingo 12 de febreiro no Concello da Mezquita.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, di que nunha reunión na cal participou o presidente da Deputación, e de alí a un ou dous días de ter lugar a dita reunión, saíu nos medios de comunicación que o presidente tiña pensado poñer un funcionamento unha oficina técnica para asesorar ás mancomunidades de montes na comarca de Monterrei

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

(segundo os medios unha experiencia piloto). Pregunta cando está previsto poñer en funcionamento esa oficina e que traballadores formarán parte dese equipo de asesoramento.

O **Sr. presidente** di que coñece persoalmente este tema, xa que durante seis anos foi o secretario provincial do xurado de clasificación de montes en man común e levaba o seu rexistro. Di que anunciaron (forma parte do plan 15-19 e tamén no debate do estado da provincia) a posta en marcha deste servizo de asesoramento, e como consecuencia da súa presenza na xunta, na reunión da mancomunidade de concellos da comarca de Monterrei - Verín, dixo que, a pedimento dos alcaldes, sería nesa comarca onde primeiro empezaría a funcionar este dispositivo. Estase a deseñar o dito dispositivo e en cuestión de días lle pasará, cando lla pasen a el, a información sobre quen forma parte deste equipo. Estanse vendo diferentes opcións para poder comezar antes do verán con ese labor de recollida de datos, pero tamén de asesoramento ás xuntas reitoras das comunidades veciñais propietarias de montes veciñais en man común, para axudalas nos procesos de legalización, redacción de estatutos, etcétera.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que ante as noticias aparecidas nos medios de comunicación, ao respecto do Parque Feiticeiro (así lle chaman en Laza), incluído no programa turístico Portas de Galicia, do cal forma parte a Deputación, pregunta se lle poden indicar cal é o problema da dita obra. Se houbera que proceder á devolución dos fondos europeos por non cumprir co proxecto, en qué xeito lle afectaría a esta Deputación a devandita devolución.

O **Sr. presidente** di que no ano 2010 se asinou un convenio de colaboración entre o Instituto de Turismo de España, a Consellería de Cultura e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia, a Asociación de Concellos para o Plan de Competitividade Turística das Comarcas de Monterrei e Conso - Frieiras e a Asociación de Empresarios de Turismo e Hostelería Portas de Galicia. A Deputación Provincial non está entre os asinantes do convenio. O que fixo a Deputación foi asinar un convenio de cooperación financeira entre a Deputación e a Asociación de Municipios. En diferentes anos se fixeron achegas mediante subvencións nominativas á referida asociación de municipios: ano 2013 por importe de 19.255,67 euros, ano 2015 por importe de 100.626,72 euros e no ano 2016 por importe de 142.617,91 euros. Todas estas subvencións foron xustificadas, ao xuízo dos servizos técnicos desta institución, de forma correcta pola Asociación de Municipios ante a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

Deputación Provincial. Descoñece, por non formar parte desa asociación nin dese convenio, en qué consiste a obra á que se refire a pregunta. Tamén di que á Deputación non lle afectaría en nada que se tiveran que devolver os fondos europeos, porque están debidamente xustificadas as subvencións antes mencionadas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, di que en ocasións anteriores xa se preocuparon polo estado das vías locais e provinciais afectadas polas obras da alta velocidade e se lles indicou que se estaba enriba deste asunto e, tamén, que se revolvería. Pregunta se a Deputación Provincial de Ourense tivo algunha reunión ao respecto cos responsables de ADIF. E, de tela habido, cales foron as propostas da Deputación Provincial e cales foron as respostas emitidas por ADIF. Tamén pregunta cando teñen previsto os responsables da Deputación facer unha reunión cos concellos afectados polas devanditas obras.

O **Sr. presidente** dá lectura a un informe do director da Área de Infraestruturas da Deputación, do que lle trasladará copia. En relación coas xuntanzas, manifesta que foron moitas as xuntanzas mantidas con responsables de ADIF para reclamar as reparacións, para solicitar a realización dun modificación de obras que contemple estas reparacións, para seguimento dos informes do persoal de ADIF en relación coas reparacións das estradas, para solicitar o apoio da Garda Civil e da Dirección Xeral de Tráfico, para instalación de sinais de limitación de tonelaxe, etcétera. Tamén se celebraron xuntanzas con persoal de INECO para achegar as nosas necesidades en relación coas actividades de reparación das estradas e incidir na necesidade de que se valoran e inclúan no orzamento con posterioridade para o inicio dos traballos de reparacións urxentes e provisionais para acometer antes da finalización da construción da infraestrutura do tren de alta velocidade. Tamén se realizaron reunións con persoal de TRAGSA, que é a adxudicataria das obras de reparación provisional e urxente contratadas. En relación coas propostas da Deputación e respostas de ADIF, manifesta que sería desexable a completa e rápida reparación das estradas, se ben ADIF non acometerá estes traballos ata a finalización da vía de alta velocidade. Agora centrará as súas actuacións nas estradas provinciais, en reparacións urxentes e provisionais. Actualmente non temos información do proxecto adxudicado, se ben se solicitou verbalmente e por escrito copia da documentación, co compromiso de que tan pronto se teña información lle será facilitada ao Sr. portavoz. En relación coas reunións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

cos concellos di que está prevista para o vindeiro 6 de febreiro de 2017, para determinar a metodoloxía a seguir nas xustificacións adicionais solicitadas por ADIF: en primeiro lugar demostrar que os danos foron causados por vehículos que traballaron para ADIF e en segundo lugar xustificar a existencia de riscos graves e inmediatos para a circulación rodada.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, manifesta que a situación de imposibilidade por parte dos concellos de cubrir as vagas de tesourería por falta de persoal, vaise ver agravada pola entrada en vigor do artigo 3 do Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro, polo cal se modifica o exercicio de responsabilidade de tesourería nas corporacións municipais de menos de 5.001 habitantes, caso no que están 274 concellos en Galicia. De feito, son 39 os concellos con posto ocupado e destes en 6 está vacante. A pesar da prórroga que dá a entrada en vigor deste medida por un ano, a partir de xaneiro de 2017 tería que se facer efectiva. Por moitos períodos de moratoria que se poidan acadar, dentro dun ano os concellos terán que facerlles fronte aos mesmos problemas, ante a incapacidade destes municipios pequenos e medianos para cubrir as vagas. Esta situación leva consigo, ao igual que está acontecendo no concello lugués de Sarria, unha paralización económica nas administracións locais, ao ser incapaces de efectuar os seus pagamentos. Na práctica estaríamos ante un risco de bloqueo da maior parte dos nosos concellos se esta media se pon en marcha. Polo exposto, roga que por parte desta Deputación Provincial se lles preste auxilio a todos os concellos da provincia que así o soliciten, para que se poida ter persoal que cumpra coas funcións de tesourería, por non contar cun funcionario propio para cumprir coas funcións que marca a lei. Roga que se lles preste esta axuda en virtude da Disposición 7ª da Lei 27/2013, do 27 de setembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que os concellos recibiron un escrito da Valedora do Pobo de Galicia cunha serie de recomendacións sobre a videovixilancia. Pregunta se as cámaras de videovixilancia da Deputación, ao día de hoxe, pasaron a súa correspondente renovación e se cumpren con todos os requisitos legais para estar en funcionamento.

O **Sr. presidente** di que solicitará un informe técnico para responderlle a esa cuestión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, quere facer un rogo ao fío das noticias destes últimos días. O ADIF acaba de comunicarlle ao comité de empresa da provincia de Ourense que o persoal de circulación que ata agora realizaba actividades comerciais, venda de billetes e atención persoal ao viaxeiro, deixará de realizar estas tarefas nas estacións do Carballiño, A Rúa, Petín, Ribadavia e O Barco de Valdeorras. Aмосa a carta que se lles remite, que entre outras cousas di que: *en consecuencia en breve se comunicará la fecha exacta en la que nuestro personal de circulación dejará de realizar tales funciones. A partir de ese momento, por tanto, en las estaciones de O Carballiño, A Rúa, Petín, Ribadavia e O Barco de Valdeorras, la gerencia de área de tráfico solo realizará las actividades relacionadas con la función de circulación.* Esta decisión unilateral suporá a desaparición dun servizo público fundamental, xa que o ano pasado pasaron polas catro terminais afectadas máis de 103.000 viaxeiros e recadáronse decenas de miles de euros mediante a venda directa de billetes. O Grupo Socialista da Deputación considera intolerable esta decisión, xa que unha vez máis supón un castigo a unha provincia con importantes carencias en servizo públicos de mobilidade e unha importante fenda dixital que dificulta o acceso dos veciños e veciñas aos servizos de venda en liña. Cando se faga efectivo este recorte, só quedará persoal de venda de billetes e atención ao público na estación de Ourense Empalme e na da Gudiña, pola que pasaron en 2016 outros 15.000 viaxeiros (segundo sospeitan os sindicatos este servizo tamén podería desaparecer da terminal máis importante da comarca de Viana nos próximos meses). Por todo o exposto anteriormente, rógalle á Deputación de Ourense que inste ao goberno central a manter o servizo de venda de billetes e atención persoal ao viaxeiro nas estacións do Carballiño, A Rúa, Petín, Ribadavia e O Barco de Valdeorras, e tamén que se inste á Xunta de Galicia para que se implique activamente da defensa dos servizos públicos da provincia, que unha vez máis se queren recortar.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo e di que fará chegar esas reivindicacións.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que este plenario tomou un acordo o día 25 de novembro, de rexeitar o proxecto de centro terapéutico de persoas con diversidade funcional de xestión pública, e mantivo a súa palabra de que ese rexeitamento se ía levar a cabo e que ía manter a demanda dos pais. Parece ser que a Xunta de Galicia fai caso omiso, e o único que lles presentou o conselleiro aos pais o día 4 de decembro foi o mesmo proxecto pero con distinto nome. Están a iniciarse mobilizacións nas rúas para demandar o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

apoio da cidadanía de Ourense. Pregúntalle ao Sr. presidente cal é o resultado a día de hoxe do seu compromiso, que era o seguinte: o papel da Deputación e do grupo de goberno vai ser estar pendente de todas estas cuestións, do seu cumprimento, da súa realización e vai ser o punto número un das reivindicacións que farán diante da Xunta de Galicia, e pregunta cal é o resultado desas reivindicacións.

O **Sr. presidente** di que despois deses acordos e dos debates plenarios a Xunta de Galicia coñece que esta Deputación non aceptará ningún proxecto presentado aos pais que non inclúa as demandas que formularon, tal e como fixeron chegar nun primeiro momento. Esa segue sendo a postura desta Deputación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que primeiro quere facer un rogo, manifesta que aínda que o Sr. presidente non teña ningún respecto polas cuestións normativas que se empregan nesta casa, xa que un día utiliza un criterio e outro día utiliza outro (como se acaba de ver na presentación dunha moción, que cando é para un asesor non ten problema en debatelo porque non vai con el, pero cando lle toca a el non é urxente). Pero agora acaba de facelo outra vez, porque algunha vez ten dito que as preguntas por escrito as ten que facer el mesmo e hoxe non lle deixou facer as propias preguntas que presentou hai uns días. Pregúntase se será por medo a que lea a exposición de motivos anterior ás preguntas. Rógalle que teña a mesma decencia para todos os deputados e deputadas e non a uns dunha forma e a outros doutra. Continúa dicindo que o Sr. presidente fixo as preguntas (que non lle deixou facer a el) e contestounas dicindo que non tiñan ningunha notificación nin noticias da OLAF, e pídelle que se informe ben a ver se é certo. Pregunta se o Sr. presidente ten intención de implantar algún plan de emprego para esta provincia, que vaia encamiñado a que os concellos teñan traballadores e traballadoras, en relación coas peticións que a Xunta obvia un ano tras outro. Xa o dicía o portavoz de DO, que somos a única provincia na que sube o paro. Non fai demagogia con isto e comparte o que dicía o Sr. Álvarez Dobaño, os gobernantes non somos quen de facer subir o paro nin de facelo baixar, pero iso hai que aplicalo sempre, porque non escoitou nada dese tema cando estaba Zapatero, e polo tanto o Sr. Presidente se arroga tamén o mérito cando baixaba o paro, que teño aquí algún recorte no que se di que íamos pouco menos que en foguete espacial. O Sr. presidente só fala cando as cousas van ben, pero cando as cifras non lle conveñen xa non ten el a culpa. Di que esta institución ten capacidade non de cambiar esta problemática pero si de freala en certa medida, para axudar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

cun plan de emprego como por exemplo o plan de emprego Depoemprego que ten a Deputación de Lugo con máis de tres millóns de euros que é para todos os concellos; o plan que hai na Coruña, como máis de tres millóns de euros por unha banda e máis de catro millóns e medio por outra banda (xa sabe que os orzamentos on diferentes); o plan da Deputación de Pontevedra, onde máis de 120 persoas e máis de 300 poden estar en prácticas laborais. Esa é unha forma de repartir os cartos con criterios obxectivos e xustos para todos os concellos por igual e seguramente os parados xa non serían tantos. Por todo o anterior roga que se poña en marcha un plan como fan outras deputacións, independentemente dos seus orzamentos, porque a de Lugo así o ten. Por outra banda di que como deputado socialista non vai permitir que non se lle responda ás preguntas que fai. En canto á non resposta da solicitude de información de coches en leasing, renting ou como le queiran chamar vostedes, de cantos coches se contratan, como se contratan e con que empresa, pregunta, non afirma, se terá que ver que algunha das empresas ás que se lles contrataron estes coches está nalgún proceso xudicial en Lugo. Espera que se lle responda a isto. Quere que se lle responda por escrito a cales e cantos concellos se lles deron actuacións gratuítas a través da rede cultural (que, por certo, hai tamén unha rede galega, na que nunca quedamos sen actuacións), porque Plácido lle daba á cabeza con toda a razón e el tamén. Manifesta que esta propia rede provincial prevé novas incorporacións, e pregunta se esas incorporacións se van poder seguir facendo no ano natural ou se teñen unha data establecida, pregunta que formula que por cuestións que teñen que ver co seu concello.

O Sr. presidente di que con relación ás preguntas que puidera ter formulado lle serán respondidas todas por escrito e con relación á primeira intervención sobre as respostas ás preguntas para o pleno di que é moi importante saber ler; nas que formulou o deputado solicítase que se respondan oralmente en pleno e as que formulou o Grupo Socialista son preguntas para ser formuladas e respondidas oralmente neste pleno. O que se fixo foi cumprir o que pedía cada un dos asinantes das preguntas correspondentes.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que a mesma fórmula foi empregada en anteriores ocasións (está nas actas, e o sr. Secretario o pode certificar) e o presidente mandoulle ler as preguntas. O que ten que saber interpretar é o Sr. presidente e non interpretar o que lle dá a gana e no vindeiro pleno farallo chegar para que vexan que o presidente minte.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xaneiro de 2017

O **Sr. presidente** di que naquela ocasión a pregunta que fixo o deputado poñía para ser formulada e respondida oralmente, igual que fixo agora o Grupo Socialista.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15](#).

E, ás 14.00 horas do día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,